

## ***Anteproxecto de Lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia***

### **Índice**

#### **TÍTULO I Disposicións xerais (artigo 1-9)**

##### **CAPÍTULO I Obxecto e conceptos xerais (artigo 1-5)**

*Artigo 1. Obxecto, finalidade e ámbito de aplicación*

*Artigo 2. Principios*

*Artigo 3. Obxectivos*

*Artigo 4. Definicións*

*Artigo 5. Obrigas e prohibicións xerais*

##### **CAPÍTULO II Competencias e organización administrativa (artigo 6-9)**

*Artigo 6. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia*

*Artigo 7. Competencias da Administración local*

*Artigo 8. Cooperación administrativa e corresponsabilidade*

*Artigo 9. Consello de Loita Contra os incendios forestais de Galicia*

#### **TÍTULO II Sistema de loita integral contra os incendios forestais de Galicia (artigo 10-29)**

##### **CAPÍTULO I Elementos, obxectivos e planificación do sistema de loita integral contra os incendios forestais (artigo 10-11)**

*Artigo 10. Elementos e obxectivos*

*Artigo 11. Planificación do sistema de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais de Galicia*

##### **CAPÍTULO II Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia (artigo 12-14)**

*Artigo 12. Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia*

*Artigo 13. Contido do Plifoga*

*Artigo 14. Actualización anual do Plifoga. O plan anual para a prevención, vixilancia e extinción dos incendios forestais*

##### **CAPÍTULO III Medios persoais de Loita Integral contra os Incendios Forestais (artigo 15-18)**

*Sección 1ª. Servizo público de loita integral (artigo 15-17)*

*Artigo 15. Servizo público de loita integral contra os incendios forestais de Galicia*

*Artigo 16. Formación e acreditación*

*Artigo 17. Colaboración do servizo público de loita integral contra os incendios en situacións de emergencia*

*Sección 2ª. Medios adicionais na loita integral contra os incendios forestais (artigo 18)*

*Artigo 18. Outros medios na loita integral contra os incendios forestais*

## CAPÍTULO IV Infraestruturas e equipamentos da loita integral contra os incendios forestais (artigo 19-20)

Artigo 19. *Rede de infraestruturas e equipamentos da loita integral contra os incendios forestais.*  
Artigo 20. *Declaración de utilidade pública e interese social das infraestruturas e equipamentos para a loita integral contra os incendios forestais*

## TÍTULO III A prevención de incendios forestais (artigo 21-72)

### CAPÍTULO I A planificación preventiva fronte aos incendios forestais (artigo 21-28) Sección 1ª. Disposicións xerais (artigo 21-23)

Artigo 21. *A planificación preventiva*  
Artigo 22. *Participación pública na planificación preventiva*  
Artigo 23. *Os instrumentos da planificación preventiva*  
Sección 2ª. Planificación a nivel autonómico (artigo 24-25)  
Artigo 24. *Mapa dinámico de perigo de incendios forestais*  
Artigo 25. *Zonas de alto risco*  
Sección 3ª. Planificación a nivel de distrito e catálogo municipal de infraestruturas preventivas (artigo 26-28)  
Artigo 26. *Plans preventivos de distrito*  
Artigo 27. Áreas estratégicas de xestión  
Artigo 28. *Catálogo municipal de infraestruturas e medios de prevención*

### CAPÍTULO II Sistemas preventivos vinculados ao territorio (artigo 29-58) Sección 1ª. Paisaxe en mosaico (artigo 29-32)

Artigo 29. *Obxectivos*  
Artigo 30. *Paisaxes cortalumes*  
Artigo 31. *Diversificación das masas forestais*  
Artigo 32. *A silvicultura preventiva*  
Sección 2ª. Faixas de seguranza (artigo 33-57)  
Subsección I. Clases de faixas, obrigas e persoas responsables (artigo 33-38)  
Artigo 33. *Faixas de seguranza e obriga xeral de retirada de especies*  
Artigo 34. *Obrigas das persoas responsables nas faixas de seguranza primarias*  
Artigo 35. *Obrigas das persoas responsables nas faixas de seguranza secundarias*  
Artigo 36. *Obrigas das persoas responsables nas faixas de seguranza terciarias*  
Artigo 37. *Ampliación da faixas de seguranza*  
Artigo 38. *Persoas responsables*  
Subsección II. Procedemento de xestión da biomasa nas faixas de seguranza (artigo 39-42)

Artigo 39. *Datas de xestión da biomasa e control*  
Artigo 40. *Requerimento para a xestión da biomasa no ámbito das faixas de seguranza*  
Artigo 41. *Obriga de informar da realización da xestión da biomassa*  
Artigo 42. *Requerimento para a xestión da biomassa nos supostos de persoas descoñecidas ou notificacións infrutuosas*

Subsección III. Consecuencias do incumprimento de xestión de biomassa nas faixas de seguranza (artigo 43-51)

Artigo 43. *Materialización da execución subsidiaria*  
Artigo 44. *Custos da execución subsidiaria*  
Artigo 45. *Retirada de especies na execución subsidiaria*  
Artigo 46. *Multas coercitivas e execución subsidiaria complementaria no caso de risco de incendio*

*Artigo 47. Zonas de actuación prioritaria e urgente para a xestión da biomasa*

*Artigo 48. Actuacións urgentes derivados da declaración dun incendio forestal*

*Artigo 49. Obriga de facilitar o acceso para a execución subsidiaria*

*Artigo 50. Competencias para as actuacións de control da xestión da biomasa, multas coercitivas e execución subsidiaria*

*Artigo 51. Expropiación forzosa por interese social derivada do incumprimento das obrigacións de xestión da biomasa*

*Subsección IV. Sistema público de xestión da biomasa (artigo 52-57)*

*Artigo 52. Concepto de sistema público de xestión da biomasa*

*Artigo 53. Actuacións comprendidas no convenio*

*Artigo 54. Natureza de servizo público das actuacións da administración*

*Artigo 55. Xestión das actividades materiais*

*Artigo 56. Sostibilidade financeira do sistema*

*Artigo 57. Alleamento da madeira cortada*

*Sección 3ª. Queimas prescritas (artigo 58)*

*Artigo 58. Queimas prescritas*

**CAPÍTULO III Sistemas preventivos vinculados á poboación (artigo 59-72)**

*Sección 1ª. Elementos básicos dos sistemas preventivos vinculados á poboación (artigo 59-61)*

*Artigo 59. Época de perigo alto de incendios*

*Artigo 60. Indicador de risco diario de incendio*

*Artigo 61. Información xeográfica en materia de prevención e loita contra os incendios forestais*

*Sección 2ª Regulación de usos preventivos (artigo 62-72)*

*Artigo 62. Uso do lume*

*Artigo 63. Limitacións de acceso, circulación e permanencia por razóns de risco de incendio*

*Artigo 64. Uso de áreas recreativas*

*Artigo 65. Prohibicións e suspensións de queimas*

*Artigo 66. Queimas de restos naturais forestais*

*Artigo 67. Queimas de restos naturais agrícolas*

*Artigo 68. Disposicións comúns ás queimas de restos naturais forestais e agrícolas*

*Artigo 69. Foguetes, artefactos pirotécnicos, fogueiras e lanternas*

*Artigo 70. Explosivos*

*Artigo 71. Maquinaria e traballos apícolas*

*Artigo 72. Outros usos do lume*

**TÍTULO IV Vixilancia, detección e extinción dos incendios forestais de Galicia (artigo 73-83)**

**CAPÍTULO I Vixilancia e detección dos incendios forestais (artigo 73-74)**

*Artigo 73. Rede de vixilancia e detección de incendios forestais*

*Artigo 74. Complementariedade da rede de vixilancia*

**CAPÍTULO II Planificación da extinción (artigo 75-76)**

*Artigo 75. Planificación do dispositivo de extinción de incendios forestais*

*Artigo 76. Rede de puntos de auga*

**CAPÍTULO III Execución dos traballos de extinción dos incendios forestais (artigo 77-79)**

*Artigo 77. Extinción de incendios forestais*

Artigo 78. *Dirección técnica de extinción de incendios forestais*

Artigo 79. *Utilización de infraestruturas e medios físicos doutras administracións*

#### CAPÍTULO IV Actuación particular e participación social (artigo 80-83)

Artigo 80. *Obriga xeral de comunicación e colaboración*

Artigo 81. *Colaboración de particulares e entidades sociais*

Artigo 82. *Agrupacións veciñais de defensa do monte*

Artigo 83. *Grupos de vixilancia municipal*

### TÍTULO V Restauración de terreos queimados e investigación de causas dos incendios forestais (artigo 84-91)

#### CAPÍTULO I Restauración dos terreos despois dun incendio (artigo 84-85)

Artigo 84. *Restauración urxente dos sistemas agroforestais*

Artigo 85. *A recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais de incidencia singular*

#### CAPÍTULO II Actividades en terreos queimados (artigo 86-89)

Artigo 86. *Cambios de actividad de forestal a agrícola e cambio de uso*

Artigo 87. *Limitacións ao pastoreo*

Artigo 88. *Limitacións á actividade cinegética*

Artigo 89. *Aproveitamento da madeira queimada*

#### CAPÍTULO III A investigación das causas dos incendios forestais (artigo 90-91)

Artigo 90. *Investigación dos incendios forestais*

Artigo 91. *Sección especial de investigacións en materia de incendios forestais de Galicia*

### TÍTULO VI Medidas de fomento (artigo 92-95)

Artigo 92. *Medidas específicas de fomento*

Artigo 93. *Incentivos*

Artigo 94. *Marcas de garantía e promoción*

Artigo 95. *Información, formación e concienciación cidadá*

### TÍTULO VII Régime sancionador (artigo 96-114)

#### CAPÍTULO I Inspección (artigo 96-97)

Artigo 96. *Funcións de control e inspección*

Artigo 97. *Facultades de inspección*

#### CAPÍTULO II Infraccións e sancións (artigo 98-107)

Artigo 98. *Infraccións en materia de incendios forestais*

Artigo 99. *Cualificación das infraccións*

Artigo 100. *Prescripción das infraccións*

Artigo 101. *Sancións*

Artigo 102. *Criterios para a gradación das sancións*

Artigo 103. *Sancións accesorias*

Artigo 104. *Prescripción das sancións*

Artigo 105. *Prestación substitutoria*

Artigo 106. *Multas coercitivas*

Artigo 107. *Rexistro administrativo de persoas infractoras*

CAPÍTULO III Procedemento sancionador (artigo 108-112)

Artigo 108. *Suxeitos responsables*

Artigo 109. *Competencia sancionadora*

Artigo 110. *Recoñecemento da responsabilidade*

Artigo 111. *Prazo de resolución*

Artigo 112. *Vinculación coa orde xurisdiccional penal*

CAPÍTULO IV Reparación de danos e repercusión de gastos de extinción (artigo 113-114)

Artigo 113. *Reparación de danos*

Artigo 114. *Repercusión dos gastos de extinción*

Disposición adicional primeira. Acceso á información dispoñible noutras Administracións Públicas e entidades do sector público

Disposición adicional segunda. Informe do órgano competente en materia de prevención de incendios para cambios de uso ou actividade en determinadas zonas.

Disposición adicional terceira. Definición de tala de masa forestal para os efectos da avaliación de impacto ambiental de proxectos

Disposición adicional cuarta. Referencias normativas

Disposición transitoria primeira. Planificación preventiva

Disposición transitoria segunda. Delimitación das faixas de seguranza

Disposición transitoria terceira. Xestión da biomasa en relación co gas

Disposición transitoria cuarta. Convenios para a xestión da biomasa

Disposición transitoria quinta. Infraccións, sancións e recursos

Disposición transitoria sexta. Delimitación de zonas de alto risco de incendios

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

Disposición derradeira cuarta. Habilitación para o desenvolvemento normativo

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor

**ANEXO I. Criterios de xestión de biomasa e especies prohibidas**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Galicia é unha comunidade autónoma fortemente afectada polos incendios forestais dende hai moitos anos. Aínda que dispón dun dos mellores dispositivos de prevención e extinción de todo o Estado español, o certo é que os incendios forestais constitúen unha das catástrofes con efectos más danosos para o medio natural e o territorio rural galego. Supoñen unha perda, en moitas ocasións, irreparable, do patrimonio natural e mesmo cultural, e impactan negativamente e de modo profundo na conciencia social existente sobre o territorio e a paisaxe, así como no desenvolvemento económico da poboación afectada. Ademais, a degradación dos ecosistemas forestais e a perda dos seus valores naturais, culturais e económicos pola recorrenza e intensidade dos incendios forestais, atentan contra a súa función social, como fonte de recursos, servizos ambientais e sustento de actividades económicas.

A proliferación do lume forestal ten a capacidade de anular ou reducir calquera efecto positivo que se derive doutras políticas públicas como son as de desenvolvemento do medio rural, de actividades agroforestais, de turismo ou da planificación territorial e protección do medio natural. Un lume forestal pode neutralizar en escasos momentos todos os esforzos e actuacións desenvoltas nun largo período de tempo polos axentes privados e as administracións públicas, provocando a destrución de hábitats naturais e a diversidade biolóxica da terra.

No presente século, Galicia viuse afectada por diferentes episodios de incendios forestais de máxima gravidade. Constitúen tristes recordos os lumes acontecidos no mes de agosto de 2006, no mes de outubro do ano 2017 ou no mes de xullo do ano 2022. A experiencia destes anos de loita contra os incendios forestais se ten traducido nunha mellora constante dos medios humanos, materiais e normativos.

No que se refire ao ámbito normativo, Galicia conta, logo da vaga de lumes do ano 2006, coa Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Esta lei ten sido obxecto de diferentes modificacións ao longo dos anos, co obxecto fundamental de mellorar a protección das aldeas galegas fronte aos incendios forestais.

Os incendios do ano 2017 determinaron a constitución no Parlamento de Galicia da Comisión especial non permanente de estudio e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia. Dita comisión finalizou coa elaboración dun Ditame de data de 31 de xullo de 2018, aprobado co voto favorable de tres cuartas partes dos deputados e deputadas do Parlamento de Galicia, e que avaliou de forma integral o sistema de prevención e extinción de incendios de Galicia, e achegou diversas propostas de modificación normativa. No caso concreto do dispositivo autonómico de prevención e defensa fronte aos incendios forestais, creouse un grupo de expertos de apoio á devandita Comisión parlamentaria, que emitiu o seu informe en xullo do ano 2019.

Finalmente, os lumes do ano 2022, que tiveron unha forte repercusión a nivel nacional, motivaron tamén a aprobación pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente de 28 de xullo de 2022, das "Orientacións estratéxicas para a xestión de incendios forestais en España", que xa tiñan sido elaboradas polo Comité de Loita contra os Incendios Forestais (CLIF) adscrito á Comisión Nacional de Protección da Natureza, en data de 21 de novembro de 2019. Inmediatamente despois da aprobación das mencionadas Orientacións aprobouse o Real Decreto-lei 15/2022, de 1 de agosto, polo que se adoptan medidas urxentes en materia de incendios forestais.

Ao longo dos anos 2021 e 2022 desenvolveuse un proceso participativo con máis de duascentas persoas representantes de todas as entidades, organismos e colectivos relacionados directa ou indirectamente coa actividade forestal galega, e do dispositivo de prevención e extinción dos incendios forestais. Dito proceso participativo, que foi coordinado pola Universidade de Vigo, culminou coa elaboración das Directrices para a redacción do presente anteproxecto.

## II

O ditame da comisión parlamentaria do ano 2018 divide a súa análise entre o estudo das causas inmediatas dos incendios forestais e o das circunstancias que agravan os efectos dos incendios. Estas circunstancias, moi específicas de Galicia, determinan a necesidade de afondar no traballo de planificación preventiva e anticipación aos incendios forestais.

A estrutura da propiedade galega, caracterizada por un forte minifundismo e un elevado grao de descoñecemento da propiedade, dificulta unha xestión axeitada do territorio e minora a rendibilidade das explotacións agrogandeiras e forestais galegas. Isto provoca que diferentes partes do territorio contén cun elevado grao de abandono, o que propicia un exceso de biomasa que contribúe a agravar os efectos dos incendios.

Por outra banda, Galicia conta cun excepcional número de asentamentos de poboación no seu rural, o que fai que sexa fundamental afondar na protección fronte aos incendios forestais das persoas que habitan nas aldeas da comunidade autónoma.

Faise necesario reducir ao máximo a incidencia dos incendios provocados intencionadamente ou por neglixencias, e aqueles que teñen como causa unha inadecuada xestión da biomasa forestal. Ao tempo é imprescindible reducir a virulencia dos incendios forestais, da que o cambio climático é un factor catalizador, pero que ten a súa principal causa no exceso de combustible existente no territorio a consecuencia do abandono e o consecuente despoboamento. A clave da loita contra os incendios forestais é a anticipación aos mesmos pola vía da xestión do territorio rural de Galicia cunha actividade agrícola, gandeira e forestal sustentable e respectuosa co medio ambiente, e que tamén xere unha rendibilidade axeitada para os seus habitantes.

Neste eido, Galicia conta cun importante corpo lexislativo cara á mobilización da terra agraria para reverter o abandono, ao tempo que dotar de base territorial as explotacións agrogandeiras e forestais. Tanto a Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, como a Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, buscan atallar directamente o problema do abandono do territorio rural galego. Para iso utilízanse os diferentes mecanismos previstos en ambas normas, como poden ser as reestruturacións parcelarias públicas, as permutas de especial interese agrario, as aldeas modelo, os polígonos agroforestais ou as agrupacións de xestión convxunta.

Así mesmo, a primeira revisión do Plan Forestal de Galicia do ano 1992, aprobada polo Decreto 140/2021, do 30 de setembro, ten coma un dos seus eixos a "Protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais". Destas previsións xorde a necesidade de planificar a prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a autoprotección e mellora da vulnerabilidade climática dos propios recursos forestais baixo técnicas silvícolas adaptadas á devandita finalidade; a resistencia e resiliencia das masas fronte aos incendios forestais.

A normativa descrita que impulsa a xestión sostible do territorio rural, xunto cos cambios organizativos e a experiencia acumulada polo dispositivo galego de loita contra os incendios

forestais son o antecedente dunha revisión e actualización normativa, prevista tamén na 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia para a súa elaboración e aprobación no período 2021-2025, que permita afondar no establecemento dunha cultura preventiva e que garanta ademais a adaptación do territorio aos novos escenarios derivados do cambio climático e do reto do despoboamento do rural galego.

### III

Polo tanto, dezaseis anos despois da entrada en vigor da Lei 3/2007, considérase necesario dar unha nova visión global á loita integral contra os incendios forestais, que reforce os mecanismos de intervención pública neste ámbito, e actualice o seu réxime xurídico.

Nos traballos previos á elaboración da lei revisáronse a pluralidade de políticas públicas existentes contra o lume forestal, coa finalidade de establecer unha actuación de loita integral contra os incendios forestais. Froito dese proceso examináronse as diferentes variables a considerar, o que permitiu sentar os eixos da reforma legal. Esta reforma permite tamén completar a incorporación a lexislación galega da práctica totalidade das 123 recomendacións do ditame da Comisión parlamentaria do ano 2018.

O primeiro obxectivo debe ser o de garantir a protección das persoas, dos bens e do medio natural que poidan resultar afectados no momento en que se produce o incendio, e que obriga aos poderes públicos a intervir coa máxima eficacia nunha situación de emerxencia. Neste senso, os novos escenarios derivados do cambio climático suporán un maior risco de incendios de gran virulencia que se traduzan en multiemerxencias con afectacións á seguridade cidadá, converténdose en sinistros cada vez más complexos, perigosos e difíciles de xestionar. Esta cuestión é especialmente relevante no territorio rural galego, pola elevada superficie de interface urbano-forestal coa que conta, o que exixe unha especial atención ás medidas de protección da dita interface.

Porén, a loita contra o lume ten que articularse, como é lóxico, antes de que este teña lugar, e de xeito permanente e continuado no tempo. Unha liña estratéxica de actuación prioritaria debe ser a da xestión preventiva dirixida á protección da terra agroforestal contra os incendios forestais, anticipándose aos mesmos. Mitigar a vulnerabilidade do territorio fronte aos incendios forestais obriga a unha xestión previa, integral e global do medio rural, e a atender a obxectivos de sustentabilidade, integrando aspectos como os da conservación do territorio, a protección da biodiversidade, a preservación da paisaxe, o reforzo dos beneficios derivados dos espazos naturais, a protección dos recursos hídricos, así como a bioeconomía e o desenvolvemento rural.

Os incendios forestais supoñen unha problemática transversal que exixe a súa consideración dende una perspectiva multisectorial. É necesario coordinar as diferentes políticas públicas que incidan directa ou indirectamente no risco de incendios, ao tempo que integrar na loita contra os mesmos aos diferentes axentes públicos e privados do territorio.

Nesta xestión global debe terse en conta que os incendios forestais son un fenómeno cílico e recorrente en Galicia, sobre o que afectan diversos factores con diferentes intensidades, e que están a modificar tanto a súa tipoloxía como os períodos do ano nos que se aprecia un maior risco. Así, o cambio climático e a transformación ambiental, social e económica, que sufriu nas últimas décadas o territorio rural galego xeran unhas condicións que fan que se produzcan incendios en épocas do ano pouco habituais ou que incrementan a súa virulencia. A clave

fundamental é a anticipación, considerando non só os escenarios de clima cambiante, senón tamén a existencia dunha constante transformación ecolóxica e social do territorio rural. Así, o fenómeno do despoboamento, intimamente unido ao abandono dos usos agrogandeiros tradicionais do territorio, e a falta dunha xestión forestal sustentable orixinan unha transformación da paisaxe máis favorable á propagación de incendios, cunha redución das oportunidades de extinción.

É necesario configurar un territorio resiliente fronte aos grandes incendios forestais. Neste sentido, cada vez existe un maior consenso técnico e científico sobre a necesidade de actuar para estar mellor preparados para o novo escenario de incendios extremos, e unha maior demanda social para a posta en marcha dunha ambiciosa política de prevención/anticipación que poña a xestión do territorio en primeiro plano: pasar dun modelo que prioriza os investimentos en avanzados dispositivos de extinción e ignora os efectos do quecemento global e a acumulación de combustibles, a outro que apostase por promover paisaxes resilientes, vivas, rendibles e menos inflamables.

A nova lexislación en materia de incendios forestais debe integrarse como unha peza máis dese corpus lexislativo galego que pon o acento na xestión do territorio con actividade agrícola, gandeira e forestal sostible, como mellor mecanismo de prevención dos lumes forestais. É necesaria unha firme aposta pola recuperación dunha paisaxe en mosaico e o establecemento de paisaxes cortalumes como mellor mecanismo de defensa preventiva fronte aos incendios forestais. Cómprase impulsar a creación de descontinuidades na vexetación e nas masas arbóreas das zonas rurais afectadas polos incendios para estes sucesos no futuro ou, cando menos, reducir o seu impacto ambiental e socioeconómico mediante unha minoración da carga de combustible existente no territorio. Esta actuación ten que ser especialmente intensa nas franxas de seguranza das aldeas galegas, co fin de evitar o risco para as persoas que viven nelas. A creación destas descontinuidades deben procurar a implantación de actividade agrogandeira e forestal sostible, co obxecto de que as actuacións teñan unha rendibilidade para a poboación local que garanta a súa pervivencia ao longo do tempo, ao tempo que contribúa a loita contra o despoboamento e o reto demográfico.

Tamén se debe fomentar a silvicultura preventiva e a diversificación das masas forestais, coa finalidade de reducir a capacidade de expansión e severidade dos posibles incendios forestais.

Por último, non debe esquecerse que o lume ten sido utilizado secularmente polas persoas como unha ferramenta de xestión do territorio, polo que o uso das queimas prescritas, feitas de forma planificada e consensuada, e sempre supeditadas ao menor risco e dano medioambiental, deben ser unha ferramenta máis de prevención.

Por outra parte, non só é necesario actuar de modo preventivo evitando a produción do incendio forestal. Igualmente, a actuación *ex post* cobra unha importancia destacada a fin de recuperar a funcionalidade dos sistemas afectados e lograr a máxima e más completa recuperación da terra queimada.

Ao mesmo tempo, o deseño das políticas de intervención na loita integral contra o lume precisa dunha visión transversal e proactiva. Dun lado, por medio dunha actuación coordinada e de corresponsabilidade entre todas as Administracións Públicas, e a consideración do lume nas distintas políticas sectoriais; e, doutro lado, procurando sempre a implicación da cidadanía, preparando á sociedade ante a ocorrencia de incendios forestais, coa creación e divulgación dunha cultura preventiva fronte a aqueles, compartida con toda a sociedade e de base participativa.

Estas medidas están aliñadas co obxectivo de desenvolvemento sostenible número 15 da Axenda 2030 de Organización das Nacións Unidas, que busca protexer, restablecer e promover o uso sostenible dos ecosistemas terrestres, xestionar de xeito sostenible os bosques, deter e inverter a degradación das terras, combater a desertificación e frear a perda de biodiversidade; tamén están aliñadas coa nova Estratexia forestal da Unión Europea, que declara que os bosques xestionados non só fixan o carbono mellor que os non xestionados, senón que tamén reducen as emisións e os problemas causados pola deterioración do seu estado; sinala que a xestión sustentable e activa dos bosques ten un mellor impacto no clima, e que os países que os xestionan adecuadamente deben ser recompensados por iso.

Tomando como referencia estes eixos de actuación e tamén a conveniencia de incorporar avances tecnolóxicos, tanto para a pronta detección dos incendios forestais como para o incremento da seguridade operativa, así como de fomentar a colaboración cidadán e divulgar as medidas preventivas, esta lei establece un novo marco normativo da loita integral contra os incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### IV

A lei estrutúrase en 114 artigos, distribuídos en sete títulos, ademais de catro disposicións adicionais, seis transitorias, unha disposición derogatoria e cinco disposicións derradeiras. Finalmente, inclúese un anexo relativo aos criterios de xestión de biomasa e especies prohibidas.

O título I establece as disposicións xerais e divídese en dous capítulos. O capítulo I precisa o obxecto e conceptos xerais que orientan esta lei. A importancia de identificar os ditos principios e obxectivos de actuación reflectírase no proceso de interpretación da lei, que terá que acomodarse a máxima efectividade de ditas previsións. Tamén se inclúen definicións que posibiliten unificar a terminoloxía co fin de dotar a lei da máxima seguridade xurídica na súa aplicación, e establecense as obrigas xerais de aplicación a todas as persoas e a entidades públicas e privadas que se dirixen a extremar os coidados do monte e a xestión da biomasa vexetal para evitar o risco de aparición de incendios forestais.

O capítulo II vén referido ao ámbito competencial e á organización administrativa. Neste ámbito, o papel protagonista da administración autonómica na loita integral contra os incendios forestais ten que vir da man da necesaria asunción por parte das entidades locais das súas responsabilidades neste ámbito de actuación. Tamén se contempla a necesaria cooperación administrativa nesta materia, sempre nun marco de colaboración e corresponsabilidade entre todas as administracións públicas de Galicia. A lei tamén crea o Consello de loita contra os incendios forestais de Galicia, como órgano colexiado consultivo destinado a analizar as políticas públicas en materia de prevención e extinción de incendios forestais e a elaborar propostas estratégicas de mellora.

O título II establece o sistema de loita integral contra os incendios forestais de Galicia. No mesmo, regúlase o Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia "Plifoga" (no capítulo II), como principal instrumento de planificación que, nun marco temporal de cinco anos, reflectirá a política e as medidas para a defensa dos terreos forestais e da interface urbano-forestal. Neste título e, en particular, no capítulo III, contense a regulación dos medios persoais do servizo público de loita integral contra os incendios forestais de Galicia. Finalmente, o capítulo IV ocúpase das infraestruturas e equipamentos da loita integral contra os incendios forestais.

O título III dispón diversas medidas destinadas á prevención de incendios forestais. O capítulo I regula os instrumentos de planificación, que abordan aspectos tan novedosos como o mapa dinámico de perigo de incendios forestais; a determinación de zonas de alto risco de incendios e as áreas estratégicas de xestión; os plans preventivos de distrito integrados no Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia; os catálogos municipais de infraestruturas e os medios de prevención.

Pola súa parte, o capítulo II establece diversos sistemas preventivos vinculados ao territorio, desde a definición e obxectivos da paisaxe en mosaico, a identificación das paisaxes cortalumes, moi ligadas aos instrumentos de mobilización de terras da Lei 11/2021, de recuperación da terra agraria de Galicia. Tamén se fai especial fincapé á diversificación das masas forestais e a silvicultura preventiva.

Igualmente establécense previsións sobre o sistema de faixas de seguranza e as persoas responsables da adecuada xestión da biomasa existente co obxectivo de reducir o risco de que se produza o lume e a súa propagación. Establécese un procedemento de xestión no que se inclúe a posibilidade de efectuar requirimentos dirixidos a remediar situacións de incumprimento das obrigas de xestión da biomasa e as consecuencias que isto implica, non só de natureza sancionadora, senón tamén de materialización da execución subsidiaria. Ten que destacarse tamén a regulación do sistema público de xestión da biomasa como instrumento de cooperación entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a sociedade mercantil pública autonómica Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A (Seaga) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e os concellos que se adhiran, coa finalidade de lograr unha xestión más eficaz e colaborar cos municipios na prestación dos servizos da súa competencia. A este sistema de xestión poderán adherirse outras administracións públicas ou entidades do sector público dependentes delas. Por último, pecha o título a regulación da realización de queimas prescritas.

Para completar os instrumentos de prevención, o capítulo III incorpora sistemas preventivos vinculados á poboación. Nomeadamente, estes sistemas consisten no establecemento de determinados elementos básicos como a determinación da época de perigo alto de incendios, un indicador de risco diario de incendio ou un instrumento de información xeográfica; así como a regulación de usos preventivos. Neste ámbito, sistematízanse diversas prohibicións de utilización do lume xa previstas con carácter xeral na normativa anterior, aínda que con modificacións que redundan na súa maior efectividade e facilidade de aplicación. Cómpre destacar a existencia de limitacións de acceso, circulación e permanencia por razóns de risco de incendio, restricións para o uso de áreas recreativas, medidas relativas á realización de queimas e o establecemento de requisitos para o uso de foguetes e artefactos pirotécnicos, explosivos, determinada maquinaria e traballos apícolas.

O título IV incorpora disposicións relativas á vixilancia, detección e extinción dos incendios forestais de Galicia. O capítulo I dedícase a rede de vixilancia e detección de incendios forestais e nos capítulos II, III e IV incídese en cuestións específicas relativas á planificación e execución dos labores de extinción e, asemade, na posibilidade de participación social a través de agrupacións e asociacións veciñais ou grupos de vixilancia municipal como medios apropiados para canalizar a actuación particular e a participación social.

O título V regula a restauración dos terreos queimados, introducindo a restauración urxente dos sistemas agroforestais e a promoción da recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais de incidencia singular. Así mesmo, inclúe a regulación das limitacións de

actividades aplicables en terreos queimados, e a investigación das causas dos incendios forestais. Esta investigación realizarase pola unidade de investigación dos incendios forestais e os resultados dos seus traballos servirán non só no eido de identificar e sancionar ás persoas causantes do incendio forestal, senón tamén para establecer o indicador de risco diario de incendios e os mapas de risco. Neste capítulo tamén se crea unha sección especial de investigacións en materia de incendios forestais de Galicia dentro do rexistro das persoas infractoras en materia forestal.

O título VI prevé medidas de fomento en diversos ámbitos relacionados coa defensa do monte contra os incendios forestais e contempla a posibilidade de crear marcas de garantía e promoción referidas aos produtos obtidos nas paisaxes cortalumes.

O título VII establece o réxime sancionador, incorporando disposicións específicas relativas á inspección (capítulo I), infraccións e sancións (capítulo II), procedemento (capítulo III) e reparación de danos e repercusión dos gastos de extinción (capítulo IV) actualizando o réxime xurídico existente.

A Lei conta con catro disposicións adicionais. A primeira refírese ao acceso á información catastral dispoñible en diversos órganos do sector público e a determinados datos, coa finalidade de realizar funcións de investigación, control e sanción.

A disposición adicional segunda impón a necesidade de contar cun informe preceptivo e vinculante do órgano competente en materia de prevención de incendios para realizar cambios de uso ou actividade en determinados terreos agroforestais.

Pola súa parte, a disposición adicional terceira define a tala da masa forestal para os efectos da avaliación de impacto ambiental de proxectos e a cuarta actualiza as referencias normativas realizadas á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a ao Plan de loita contra os incendios forestais de Galicia.

A disposición adicional cuarta contén unha regulación relativa ás referencias normativas.

Asemade, introdúcense réximes transitorios nos seguintes ámbitos: planificación preventiva (disposición transitoria primeira); delimitación das faixas de seguraza (disposición transitoria segunda); xestión da biomasa en relación co gas (disposición transitoria terceira); Convenios para a xestión da biomasa (disposición transitoria cuarta); infraccións, sancións e recursos (disposición transitoria quinta) e delimitación de zonas de alto risco de incendios (disposición transitoria sexta).

A disposición derogatoria contempla as normas de rango legal e regulamentario que perderán a súa vixencia, sen prexuízo de que tamén queden derrogadas todas aqueloutras disposicións de igual ou menor rango que se opoñan ás disposicións da nova lei.

Adicionalmente, introdúcense cinco disposicións derradeiras, que se ditan coa finalidade de adecuar o contido da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia; da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia e da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia á nova lei, así como outras dúas disposicións en materia de habilitación normativa e entrada en vigor.

Finalmente, a nova regulación inclúe un anexo que incorpora os criterios de xestión de biomasa e especies prohibidas, coa finalidade de actualizar as disposicións vixentes e evitar a dispersión normativa.

## V

Este texto dítase ao amparo do artigo 27.10.º del Estatuto de autonomía de Galicia, en relación cos artigos 148.1.º 8 e 149.1.º 23 da Constitución de 1978.

A lexislación estatal, a través dos artigos 43, 44.3.º, 48 y 50 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, atribúe ás comunidades autónomas a facultade para desenvolver aspectos da defensa contra incendios forestais. En particular, regula as competencias destas para regular nos montes e áreas lindantes o exercicio de todas aquelas actividades que poidan dar lugar a risco de incendio, e establecer normas de seguridade aplicables a edificacións, obras, instalacións eléctricas e infraestruturas de transporte en terreos forestais e as súas inmediacións, que poidan implicar perigo de incendios ou ser afectadas por estes. En particular, regularán de forma específica a prevención de incendios forestais e as medidas de seguridade nas zonas de interface urbano-forestal, podendo establecer limitacións ao tránsito polos montes.

A lei axustouse aos principios de boa regulación aos que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Respecto aos principios de necesidade e eficacia, a lei trátase do instrumento máis adecuado para garantir os obxectivos perseguidos, tal e como se definen na propia norma. E, en canto aos principios de seguridade xurídica e eficiencia, a dita norma é coherente co resto do ordenamento xurídico no que se insire, e no seu contido procurouse establecer unha regulación clara, estable e de fácil coñecemento e comprensión.

No procedemento de elaboración desta lei promoveuse a participación cidadá a través do Portal de transparencia e Goberno aberto. A consellería con competencias en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a través da correspondente dirección xeral, organizou unha consulta pública sobre a elaboración dunha nova lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, garantindo a participación pública dos diversos axentes sociais na actualización da normativa nunha materia de plena transcendencia para a cidadanía.

Así mesmo, na tramitación do anteproxecto de lei seguíronse os trámites previstos na normativa aplicable, incluído o sometemento ao informe do Consello Forestal de Galicia e ao ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia, promulgo no nome do Rei, a Lei de loita integral contra os incendios forestais.

## TÍTULO I **Disposicións xerais**

### CAPÍTULO I **Obxecto e conceptos xerais**

#### Artigo 1. *Obxecto, finalidade e ámbito de aplicación*

1. O obxecto desta lei é establecer o marco normativo da loita contra os incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de defender as terras agroforestais, protexer as persoas e aos bens que poidan resultar afectados, así como reducir os riscos posteriores á produción dun incendio e recuperar a funcionalidade dos sistemas agroforestais afectados.
2. A lei aplicarase en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 2. *Principios*

A política de prevención, extinción e mitigación do impacto do lume forestal será proactiva e transversal, e estará baseada nos seguintes principios:

- a) Xestión integral, orientado a promover unha xestión forestal activa do medio forestal e rural, integrando capacidades de prevención e extinción.
- b) Interese social na xestión dos incendios, dando primacía á garantía a seguridade das persoas e a protección dos bens e o medio natural.
- c) Sustentabilidade do territorio, dirixido a asegurar a conservación do territorio, protexer a biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos dos espazos naturais e preservar a calidade da paisaxe, así como contribuír a obxectivos ambiciosos de bioeconomía e desenvolvemento rural no marco das estratexias nacionais e internacionais.
- d) Corresponsabilidade, procurando unha participación coordinada e acordada dos múltiples actores públicos e privados con responsabilidade no territorio, incluíndo a participación da cidadanía.
- e) Adaptación e mitigación do cambio climático, con estratexias elaboradas con anticipación e previsión de futuro para buscar fórmulas de redución da vulnerabilidade ante novos escenarios, así como diminuir os factores implicados no inicio e propagación dos incendios.
- f) Seguridade operativa, dirixido a garantir a capacidade de resposta dos seus operativos de extinción, anticipando oportunidades e empregando con eficiencia os seus recursos.

#### Artigo 3. *Obxectivos*

Son obxectivos desta lei:

- a) Dispoñer dun marco normativo eficaz para a planificación das medidas de prevención e as estratexias de extinción dos incendios forestais.
- b) Establecer un sistema preventivo, vinculado tanto ao territorio como á poboación, dirixido á prevención e á protección da terra agroforestal contra os incendios forestais

- c) Xestionar activamente o territorio rural para lograr a súa sustentabilidade fronte aos incendios forestais, mediante o fomento da agricultura tradicional, a gandería en extensivo, a silvicultura e a xestión forestal sustentable.
- d) Integrar os obxectivos de protección fronte aos incendios forestais na planificación territorial a diferentes niveis, en particular, nos plans de ordenación de recursos forestais, nos plans de áreas naturais protexidas e na planificación urbanística. Estes obxectivos tamén deben ser coerentes coa Estratexia Galega da Infraestrutura Verde (EGIVCRE), para acadar un aliñamento na consecución de todos eles.
- e) Protexer os núcleos de poboación, para salvagardar as persoas e os bens, mediante a definición dunha zona ao redor dos ditos núcleos, que teña en consideración a posible presenza de vexetación combustible próxima ás edificacións, na que se adopten medidas eficaces de protección fronte aos incendios forestais; priorizando a actividade agrícola e gandeira na devandita zona como medio permanente de xestión da biomasa.
- f) Reducir o risco de aparición e propagación dos incendios forestais, co fin de protexer os ecosistemas, coa execución de actuacións que contribúan á diminución da intensidade potencial dos incendios e ao aumento das condicións de seguridade para as accións de extinción.
- g) Reducir os impactos e as vulnerabilidades ante os efectos sociais, económico e ambientais orixinados polos incendios forestais, mediante unha xestión adaptativa, optimizando a xestión forestal sustentable como ferramenta de adaptación do cambio climático.
- h) Promover a recuperación integral das zonas do territorio afectadas por incendios forestais de carácter singular integral.
- i) Apoiar a recuperación da terra agraria de Galicia, coa utilización dos instrumentos de mobilización de terra previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, como infraestruturas de planificación preventiva, e promover a posta en valor dos produtos agrícolas, gandeiros e forestais mellorando a competitividade e rendibilidade das explotacións do sector primario galego.
- j) Potenciar a adopción de medidas de autoprotección, especialmente nas interfaces urbano-forestal.
- k) Potenciar, no marco da xestión forestal, a resistencia e resiliencia das masas ante o lume con actuacións de silvicultura preventiva, diversificación da paisaxe e o uso de queimas prescritas.
- l) Involucrar na xestión do risco por incendios forestais a outras políticas sectoriais estratéxicas.
- m) Adaptar os dispositivos de defensa contra incendios aos novos escenarios e reforzar a cooperación entre eles.
- n) Profundar sobre o coñecemento en incendios forestais e influencia do lume nos ecosistemas.
- o) Apoiar a aprendizaxe continua por parte das persoas que forman parte do dispositivo encargado de levar a cabo as tarefas de prevención e extinción.
- p) Reforzar a investigación das causas e motivacións dos incendios para reducir incertezas e anticipar os riscos.
- q) Despregar os medios tecnolóxicos mais avanzados, tanto para a pronta detección dos incendios forestais e o incremento da seguridade, eficacia e eficiencia no seu combate, como para divulgar as medidas preventivas.
- r) Reforzar a coordinación e a complementariedade das actuacións das administracións públicas e das persoas axentes implicadas na execución das actuacións de prevención e extinción dos incendios forestais e na restauración das áreas queimadas.

s) Preparar á sociedade ante a ocorrencia de incendios forestais, coa creación e divulgación dunha cultura preventiva fronte a eles, compartida con toda a sociedade e de base participativa.

#### Artigo 4. *Definicións*

Para efectos desta lei, aplicaranse as definicións incluídas artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e no artigo 4 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, así como as seguintes:

a) Actuacións preventivas: Conxunto de medidas dirixidas á poboación e ao territorio que tratan de reducir a probabilidade de que se inicie un incendio e limitar os seus efectos en caso de que se produza.

b) Áreas estratéxicas de xestión: Áreas de actuación singularizada no territorio definidas e priorizadas de acordo á metodoloxía establecida nesta lei que, tendo en conta o establecido no mapa dinámico de perigo de incendio, permitan establecer e optimizar unha planificación espazo-temporal de combustibles, de usos, actividades e infraestruturas que limiten a potencialidade do incendio, detectando oportunidades de extinción e anticipando unha estratexia de defensa eficaz e segura para grandes incendios forestais.

c) Distrito forestal: Unidade administrativa básica de planificación da defensa contra incendios forestais da administración autonómica, que está dotada de recursos propios e dispón de capacidade para a planificación. Cada distrito está composto pola agrupación de municipios pertencentes a unha mesma provincia.

d) Edificación destinada ás persoas: edificación utilizada habitualmente polas persoas ou que constitúe a súa residencia. Consideraranse incluídas nestas edificacións as oficinas, igrexas, cemiterios e segundas residencias, sempre que non estean abandonadas.

Porén, non se incluirán nesta definición os anexos das edificacións tales como garaxes, palleiras, almacéns, invernadoiros, hórreos, galpóns, ceadores ou outras edificacións auxiliares, no caso de que non teñan continuidade coa edificación principal.

e) Época de perigo alto de incendios: período do ano no cal entran en vigor medidas e accións especiais de prevención e defensa contra incendios forestais, tendo en conta os antecedentes estatísticos e climatolóxicos, as condicións meteorolóxicas presentes ou previstas ou outras circunstancias que agraven o risco de incendios.

f) Índice diario de risco de incendio: expresión numérica que representa o perigo de incendio existente en cada día e en cada zona xeográfica do territorio en función da situación meteorolóxica, o estado hídrico das partes vivas e mortas da vexetación e do solo e o risco potencial de incendio en función da vulnerabilidade do territorio, que pode incluír outros factores tales como a frecuencia de incendios, a causalidade e o comportamento esperado do lume, entre outros.

g) Incendio forestal: entenderase como incendio forestal para os efectos desta lei, o lume que iniciado ou non en terreos forestais, se estende sen control sobre combustibles forestais situados en terreos agroforestais.

h) Incendio forestal de incidencia singular: un incendio forestal será considerado como de incidencia singular cando, atendendo a diversos criterios técnicos relativos á intensidade ou incidencia dos efectos provocados polo incendio forestal e, entre eles, á afección ás persoas e aos seus bens, á superficie ou tipo de terreo afectado, aos valores forestais ou medioambientais afectados ou a outras circunstancias técnicas motivadas, sexa así declarado por acordo do Consello da Xunta.

- i) Infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais preventivas: conxunto de elementos, dotacións ou servizos destinados a previr e contribuír á loita contra os incendios forestais, tales como as faixas de seguranza, cortalumes, a rede viaria forestal, a rede de puntos de auga, a rede de vixilancia e detección de incendios forestais, entre outros.
- j) Instrumentos de ordenación ou xestión forestal: baixo esta denominación inclúense os proxectos de ordenación de montes, plans técnicos, documentos simples de xestión, documentos compartidos de xestión e outras figuras equivalentes, como os modelos silvícolas que serven para facer una planificación da xestión sostible, a fin de que sexa socialmente beneficiosa, económicoamgentalmente viable e medioambientalmente responsable.
- k) Interface urbano-forestal: Superficie formada pola parte con cuberta vexetal dunha ou varias parcelas contiguas entre si, cuxa cualificación urbanística é de solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable con proxecto de urbanización aprobado definitivamente, e que ten un perímetro limítrofe nalgún punto con terreos agroforestais.
- l) Paisaxe cortalume: área delimitada con criterios técnicos, creada co fin de xerar descontinuidades da biomasa que freen ou atenúen o avance dos incendios consonte co previsto nesta lei, articulada a través dos instrumentos previstos no artigo 30 desta lei.
- m) Paisaxe en mosaico: configuración heteroxénea dun territorio predominantemente forestal xerada pola inserción de usos agrícolas, gandeiros ou forestais que modifigan o modelo de combustible, dificultando a propagación do lume ou facilitando a actuación dos medios de extinción.
- n) Perigo de incendio: Posibilidade de que se produza un incendio forestal nun lugar e un momento determinados.
- ñ) Posto de Mando Avanzado (PMA): Centro de mando de carácter técnico, que se constituirá próximo ao lugar do incendio e desde o cal se dirixirán e coordinarán as actuacións dos grupos operativos. O PMA estará composto polas persoas xefas dos grupos operativos desprazados á zona do incendio.
- o) Queima prescrita: aplicación directa do lume a combustibles forestais, no seu estado natural ou modificados, planificada polo órgano competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais baixo condicións meteorolóxicas precisas, que permitan confinar o lume nunha área predeterminada e ao tempo producir a intensidade de calor e velocidade de propagación requiridas para acadar os obxectivos específicos previstos.
- p) Clareo : diminución da densidade do arboredo da cal non se obtén aproveitamento comercial.
- q) Silvicultura preventiva: conxunto de accións no ámbito da defensa dos montes contra incendios forestais que engloba as medidas aplicadas ás masas forestais, matogueiras e outras formacións espontáneas, ao nivel da composición específica e do seu arranxo estrutural, cos obxectivos de diminuir o perigo de incendio forestal e garantir a máxima resistencia do territorio á propagación do lume.
- r) Terreos agroforestais: para os efectos desta lei, todos os terreos clasificados urbanisticamente como rústicos en todas as súas categorías de protección.
- s) Terreos queimados: aqueles afectados por un incendio forestal e que, temporalmente quedan condicionados ao establecido nesta lei. Non se incluirán nesta definición os terreos nos que se executen queimas prescritas.
- t) Unidade de investigación de incendios forestais (UIFO): unidade administrativa dependente da dirección xeral competente en materia prevención e defensa contra os incendios forestais con

funcións de investigación da autoría e motivacións dos incendios forestais que se produzan no ámbito da comunidade autónoma.

- u) Xestión da biomasa vexetal: creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible en terreos agroforestais e en zonas de interface urbano-forestal, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio das técnicas más recomendadas e coa intensidade e frecuencia adecuadas para acadar os obxectivos previstos.
- v) Zonas de alto risco de incendio (ZAR): aquelas áreas nas que a frecuencia ou virulencia dos incendios forestais e a importancia dos valores ameazados fagan necesarias medidas especiais de protección contra os incendios.

#### *Artigo 5. Obrigas e prohibicións xerais*

1. Toda persoa deberá extremar o coidado do terreo agroforestal na realización de usos ou actividades nel, respectando as prohibicións, limitacións ou normas establecidas para o efecto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, así como na normativa básica estatal.
2. Calquera persoa ou entidade pública ou privada deberá de prestar a colaboración requirida, polas autoridades competentes na loita contra os incendios forestais e para a adopción de medidas de prevención ou protección, de acordo coas súas posibilidades.
3. As persoas propietarias, arrendatarias e usufrutuarias de terreos agroforestais, así como as persoas titulares ou concesionarias de infraestruturas públicas situadas neles, teñen a obriga de mantelos en condicións que contribúan a previr ou evitar os incendios forestais, respectando as obligas especificamente previstas nesta lei.
4. As persoas propietarias, arrendatarias e usufrutuarias de terreos da interface urbano-forestal, así como as persoas titulares ou concesionarias de infraestruturas públicas situadas neles, teñen a obriga de mantelos en condicións que contribúan a previr ou evitar os incendios forestais, xestionando a biomasa de acordo cos criterios establecidos no anexo I desta lei.
5. As obligas a que se refire os números 4 e 5 entenderanse sen prexuízo das establecidas pola consellería competente en materia de medio ambiente no suposto de terreos incluídos en espazos naturais protexidos, así como das establecidas nesta lei para a xestión das faixas de seguranza.
6. A realización de actividades que poidan conllevar o risco de aparición de incendios forestais, tanto nos terreos agroforestais como na interface urbano-forestal, axustarase ao disposto nesta lei e á súa normativa de desenvolvemento.
7. Está prohibida para calquera persoa ou entidade pública ou privada a creación ou difusión de feitos ou datos falsos en relación cos incendios forestais por calquera medio, incluídas as redes sociais.

8. Toda persoa deberá cumprir as normas de seguraza durante a extinción de incendios forestais e respectar as ordes ou instrucións ditadas polo persoal de extinción de incendios durante as execución das tarefas.

9. Toda persoa deberá colaborar coas prestacións persoais ordenadas polo servizo de extinción de incendios, prohibíndose a obstaculización da actuación dos equipos de extinción.

## CAPÍTULO II

### Competencias e organización administrativa

*Artigo 6. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. Corresponde á Xunta de Galicia o exercicio das seguintes competencias:

- a) A prevención e extinción dos incendios forestais de Galicia nos terreos agroforestais da comunidade autónoma de Galicia, consonte co previsto nesta lei.
- b) A definición, a dirección e a xestión da política de prevención e loita contra os incendios forestais e a redución de riscos e o fomento da restauración do medio forestal despois dun incendio forestal, de acordo con establecido nesta lei.
- c) A elaboración, aprobación, revisión e avaliación do Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia e dos plans de prevención de distrito.
- d) A integración da planificación preventiva e de defensa contra os incendios forestais cos plans de emerxencia e protección civil.
- e) O mando único na extinción de incendios forestais iniciados ou que se expandan nos terreos agroforestais.
- f) O mantemento dun servizo público de loita integral contra os incendios forestais baseado na estabilidade, a profesionalización, a especialización, a acreditación de competencias e a formación continua do seu persoal.
- g) A coordinación das actuacións das persoas axentes implicadas na prevención e na extinción dos incendios forestais, así como a promoción ante a Administración Xeral do Estado do reforzamento da cooperación transfronteriza. En particular, no caso de incendios limítrofes de dous ou máis comunidades autónomas, os órganos competentes destas coordinarán os seus dispositivos de extinción, a iniciativa propia ou a instancia da Administración Xeral do Estado.
- h) A integración das medidas e infraestruturas preventivas fronte aos incendios forestais nos instrumentos de planificación sectoriais existentes, nomeadamente nos catálogos de solos agrícolas e forestais nos plans de ordenación e xestión agroforestal, nos plans de protección e conservación medioambiental e na planificación e ordenación territorial e urbanística.
- i) A determinación das épocas de perigo de incendios forestais e o desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas que permitan detallar o planeamento preventivo e as obrigas derivadas del; así como determinar e dar a coñecer en tempo real o indicador de risco diario de incendio asociado aos terreos e ás actividades que resulten limitadas ou condicionadas.
- j) A determinación e divulgación das actividades ou usos que deben quedar regulados ou limitados segundo o índice de risco diario de incendio previsto para cada territorio, así como a avaliación periódica e revisión das medidas adoptadas e a súa modificación cando sexa preciso.

- k) A elaboración e revisión periódica do mapa dinámico de perigo de incendios que incluirá os mapas de distribución de combustibles, de perigo básico de incendios, de vulnerabilidade, así como o estudo de causas e motivacións que lle serven de base.
- l) A definición das faixas de seguraza, das zonas de alto risco e das paisaxes cortalumes, conforme aos criterios desta lei e o establecemento das correspondentes medidas de intervención e preventivas.
- m) A xestión das faixas de seguraza primarias e terciarias que corresponda, de acordo con esta lei, e tamén das faixas de seguraza secundarias, neste último caso cando así se determine conforme ao previsto nesta lei, procedendo, de ser o caso, á execución directa ou subsidiaria dos traballos preventivos.
- n) A inspección e a garantía da execución das medidas preventivas que correspondan ás persoas físicas ou xurídicas, titulares ou xestoras dos terreos afectados mediante a execución directa ou subsidiaria delas, así como a denuncia dos incumprimentos que se produzan e a imposición das sancións que procedan.
- o) A declaración de utilidade pública e interese social das infraestruturas e equipamentos preventivos vinculados á defensa e loita contra os incendios forestais, así como das obras e actuacións a executar para asegurar as medidas preventivas nas zonas de alto risco e nas áreas estratéxicas de xestión.
- p) A definición, xestión e execución das medidas de protección contra os riscos tras un incendio e, de ser o caso, a restauración e rexeneración necesarias nos sistemas agroforestais e infraestruturas da súa contorna afectadas polos incendios forestais así como as ocupacións de bens privados que sexan necesarias para a realización destas intervencións.
- q) A investigación das causas e avaliación das consecuencias dos incendios forestais para planificar futuras actuacións e facilitar a toma de decisións.
- r) A colaboración co Ministerio Fiscal e as autoridades xudiciais na identificación das persoas responsables dos incendios forestais.
- s) A divulgación, sensibilización e formación nas obrigas relacionadas coa prevención e defensa dos terreos agroforestais, artellando mecanismos de participación social que faciliten a implicación da cidadanía no seu coidado.

2. Estas competencias exerceanse polo Consello da Xunta de Galicia e pola consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, nos termos establecidos nesta lei, sen prexuízo das que lle corresponden á consellería competente en materia de protección civil derivadas das situacións de emergencia declaradas con ocasión dun incendio forestal.

#### *Artigo 7. Competencias da Administración local*

- 1. A prevención e extinción dos incendios que se produzcan ou propaguen en solos cualificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables, incluídas as zonas de interface urbano-forestal, nos termos indicados neste artigo corresponde ás entidades locais, no marco da súa lexislación básica estatal, de desenvolvemento autonómico ou outras de carácter sectorial aprobadas pola comunidade autónoma de Galicia.
- 2. Igualmente, as administracións públicas indicadas no número anterior deberán colaborar co servizo público de loita integral contra os incendios forestais e, en particular, coa dirección técnica de extinción nas súas actuacións, achegando todos os seus medios dispoñibles cando

estes incendios se inicien ou da súa evolución previsible podan propagarse a solos urbanos, ou urbanizables, incluídas as zonas de interface urbano-forestal, nos termos indicados neste artigo.

3. Corresponde aos concellos levar a cabo as actuacións sinaladas nos apartados seguintes, todo isto sen prexuízo da asistencia e a cooperación económica, xurídica e técnica que deben prestar as deputacións provinciais de acordo coa lexislación básica estatal:

- a) A elaboración, aprobación e actualización do catálogo municipal de infraestruturas e medios de prevención de incendios forestais, de conformidade co previsto nesta lei ou normativa que a desenvolva.
- b) A xestión das medidas preventivas previstas na planificación e nesta lei para os terreos agroforestais, as pistas, camiños e a rede viaria da súa titularidade.
- c) Ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, en consonancia cos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e, de forma máis concreta, a ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa nas faixas de seguranza secundarias, nos termos previstos na Sección 2ª do capítulo II do Título III desta lei, contando para iso coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia nos termos previstos nos artigos 8 e 52 desta lei, e conforme o establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia.
- d) A aseguranza do cumprimento das medidas preventivas respecto da xestión da biomasa na interface urbano-forestal do seu termo municipal, e a esixencia do cumprimento da normativa sobre o uso do lume, nos termos establecidos nesta lei, sen prexuízo doutras exixencias que outras administracións poidan prever no exercicio das súas competencias.
- e) A autorización das áreas recreativas habilitadas para a preparación de alimentos e a comunicación desta información á consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios, nos termos establecidos nesta lei.
- f) A comunicación á consellería competente en materia de prevención de incendios das autorizacións concedidas para o lanzamento de foguetes, de fogos de artificio, de globos e doutros artefactos pirotécnicos, de conformidade co disposto nesta lei.
- g) Calquera outra que se derive da regulación establecida nesta lei ou na normativa que a desenvolva.

#### Artigo 8. *Cooperación administrativa e corresponsabilidade*

1. Co fin de protexer as persoas e os bens que poidan resultar afectados polos incendios forestais, as administracións públicas colaborarán entre si, sobre a base da corresponsabilidade e reforzamento da coordinación e complementariedade de actuacións, e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais achegando os medios materiais, económicos e humanos dispoñibles, nos termos previstos nesta lei.

2. Para os efectos previstos no número 1, a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración coas Deputacións Provinciais e cos concellos, co fin de establecer mecanismos de coordinación e dotación de medios, que permitan optimizar a loita contra os incendios forestais. Nesta colaboración atenderase de xeito especial aos incendios forestais que afecten a interface urbano-forestal e as faixas de seguranza secundarias.

3. A Xunta de Galicia promoverá e participará no desenvolvemento de instrumentos de coordinación e coordinación coa Administración Xeral do Estado e, ao seu abeiro, coa República de Portugal, así como con outras Comunidades Autónomas limítrofes e coas entidades locais, na procura de obxectivos comúns en materia de prevención e extinción de incendios e a xestión das emergencias que se produzan por esa causa.

*Artigo 9. Consello de Loita Contra os incendios forestais de Galicia*

1. Créase o Consello de Loita Contra os Incendios Forestais de Galicia, como órgano colexiado consultivo e de asesoramento, adscrito á consellería responsable en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

2. Os obxectivos deste órgano son a análise e o estudo das políticas públicas relativas á prevención e defensa contra os incendios forestais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a xeración de propostas estratégicas de mellora desta xestión.

3. O Consello de Loita Contra os Incendios Forestais de Galicia terá por funcións:

a) O apoio na programación das políticas en materia de planificación preventiva e xestión da política de extinción de incendios de Galicia, na análise de propostas concretas de actuación ou regulación normativa, así como das normativas sectoriais que poidan resultar afectadas polas propostas de actuación.

b) A emisión de informe preceptivo e non vinculante sobre o Plan de Loita Integral contra os Incendios Forestais de Galicia.

c) A elaboración de informes, estudos, traballos técnicos e propostas de actuación para a mellora da xestión da política de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

d) A análise da coordinación entre os diferentes organismos co fin de evitar disfuncións, propor a resolución de eventuais discrepancias e facilitar sinerxias entre as diferentes actuacións, no marco do establecido nesta lei.

e) O fomento do diálogo, da participación e da colaboración entre todas as administracións públicas, institucións, asociacións de persoas propietarias e titulares e comunidades de montes veciñais e demais axentes sociais, económicos e de defensa medioambiental implicados na prevención fronte aos incendios forestais.

f) A análise das actuacións transversais en materia de prevención e extinción fronte aos incendios forestais e, en concreto, as relativas ás medidas activas de prevención no territorio, á investigación causas de incendios forestais, vixilancia e detección dos incendios forestais e á extinción dos incendios forestais nas zonas de interface urbano-agroforestal.

g) O estudo dos datos estatísticos e xeográficos relacionados, directa ou indirectamente, coa xestión dos incendios en Galicia. Estes datos serán achegados por todos os organismos integrantes do Consello ou, en xeral, polos organismos da Administración pública galega que sexan requiridos.

4. O Consello integrarase por una presidencia, unha vicepresidencia, 16 vogalías e unha secretaría.

5. Correspondrá a presidencia do Consello á persoa titular da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

6. Correspondrá a vicepresidencia do Consello á persoa titular da dirección xeral competente en materia prevención e defensa contra os incendios forestais da consellería competente nesta materia.

7. As vogalías serán designadas pola persoa titular da presidencia, por proposta dos centros directivos ou entidades que se sinalan a continuación:

- a) Unha vogalía en representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por proposta da súa persoa titular.
- b) Unha vogalía por proposta da persoa titular da dirección xeral competente en materia forestal.
- c) Unha vogalía por proposta da persoa titular da Axencia Galega da Industria Forestal.
- d) Unha vogalía por proposta da persoa titular da dirección xeral competente en materia de protección civil e emerxencias.
- e) Unha vogalía por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de medio ambiente.
- f) Catro vogalías por proposta do Consello Forestal de Galicia. Dous vogais representantes das persoas propietarias e outros dous vogais das organizacións ambientalistas.
- g) Unha vogalía por proposta dos representantes do Consello de Xestión da Terra Agroforestal de Galicia.
- h) Unha vocalía en representación da subdelegación do Goberno en Galicia, por proposta da súa persoa titular.
- i) Unha vocalía en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias, proposta pola persoa titular da súa presidencia.
- j) Unha vogalía en representación do dispositivo autonómico de extinción, proposta pola persoa titular da dirección xeral competente en materia prevención e defensa contra os incendios forestais.
- k) Unha vogalía en representación da Policía Autonómica, proposta pola persoa titular da dirección xeral competente da consellería á que está adscrita.
- l) Unha vogalía en representación da Unidade de Investigación de Incendios Forestais, proposta pola persoa titular da dirección xeral competente en materia prevención e defensa contra os incendios forestais.
- m) Unha vogalía en representación do Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA), por proposta polo Ministerio con competencias en materia de interior.

Así mesmo, poderase convidar a persoas expertas na materia, persoas de recoñecido prestixio dos ámbitos profesionais, académicos e sociais, que levarán a cabo actuacións de asesoramento, e, en xeral, aquelas tarefas que lle sexan asignadas polo Consello.

8. Actuará como titular da secretaría deste órgano colexiado unha persoa coa condición de empregada pública ao servizo do órgano con competencias en prevención e defensa contra os incendios da Xunta de Galicia.

9. Nas designacións das persoas integrantes do Consello procurarase a existencia dunha representación paritaria de mulleres e homes.

10. O Consello poderá propoñer á consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais a subscrición de convenios de colaboración, consonte coa normativa de aplicación, con institucións públicas e privadas que, polas súas funcións ou coñecementos técnicos, poidan achegar datos que supoñan unha colaboración útil para o desenvolvemento das funcións daquel.

11. O Consello rexerase, en todo o non previsto nesta lei, polo disposto para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galicia, así como pola lexislación básica de réxime xurídico das administracións públicas.

12. O funcionamento do Consello non suporá aumento do gasto público e será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

## TÍTULO II

### **Sistema de loita integral contra os incendios forestais de Galicia**

#### CAPÍTULO I

##### **Elementos, obxectivos e planificación do sistema de loita integral contra os incendios forestais**

###### *Artigo 10. Elementos e obxectivos*

O sistema de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais de Galicia está formado polo conxunto de infraestruturas, medidas e accións dirixidas á prevención e protección dos terreos agroforestais fronte aos incendios forestais, á vixilancia e investigación das súas causas, así como á súa extinción.

###### *Artigo 11. Planificación do sistema de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais de Galicia*

1. O sistema de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais de Galicia incluirá tres tipos de planificación cos seguintes obxectivos:

- A planificación preventiva, dirixida a xestionar o territorio rural para lograr a súa resiliencia ante os incendios forestais, así como a reducir o risco de incendios e preparar os ecosistemas e á sociedade ante a súa ocorrencia.
- A planificación da vixilancia e investigación, aspectos fundamentais que permiten, respectivamente, detectar a aparición dun incendio e limitar os seus efectos, e determinar as causas do seu inicio.

c) A planificación do dispositivo de extinción dos incendios forestais, encargado de minimizar os danos a persoas, bens e terreos en caso de producirse un incendio forestal.

2. O deseño da planificación do sistema de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais de Galicia basearase nos seguintes piares:

- a) O estudo e análise do territorio e dos factores que inflúen no comportamento do lume, co fin de dispoñer de información para a elaboración dos mapas nos que se a basea a planificación.
- b) A análise e avaliación continua da eficacia e proporcionalidade das medidas preventivas, dos usos e actividades regulados e das medidas de protección e restauración de terreos queimados acordadas.
- c) O deseño xeral do dispositivo para a atención global durante todo o ano á prevención, detección e extinción de incendios forestais.
- d) A integración das medidas ou actuacións preventivas previstas na planificación noutros instrumentos sectoriais para conseguir unha actuación coordinada con outros departamentos, administracións ou entidades do sector público.
- e) A delimitación das zonas de alto risco de incendios forestais e das áreas estratéxicas de xestión, así como das paisaxes cortalumes.
- f) A planificación dos traballos de carácter preventivo a realizar ao logo de todo o ano, en particular das obras a realizar, áreas cortalumes, vías de acceso e puntos de augas, entre outros.
- g) A creación de mecanismos de colaboración cos colectivos e axentes implicados para a formación, o asesoramento e implantación de medidas preventivas.
- h) A avaliação e análise retrospectivas dos labores de extinción realizadas en relación co comportamento do lume, as condicións ambientais existentes no incendio, os medios dispoñibles, as decisións adoptadas na extinción e a eficacia das medidas preventivas existentes na zona do incendio e a implementación de posibles medidas correctoras.
- i) O estudo e análise de anteriores incendios, das súas causas e motivacións e das propostas dos procesos de participación pública.
- k) A información e formación da cidadanía e o fomento a transferencia de coñecementos científicos e técnicos e o desenvolvemento de iniciativas convxuntas xestión-investigación científica sobre protección contra incendios forestais.

## CAPÍTULO II

### *Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia*

Artigo 12. *Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia*

1. O Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia (Plifoga) é un plan quinquenal global de prevención, vixilancia e extinción dos incendios forestais no ámbito territorial de Galicia.

2. O plan reflectirá a política e as medidas para a defensa dos terreos agroforestais e integrará os plans preventivos de distrito.

3. Na elaboración do Plifoga teranse en conta os datos actualizados resultantes do mapa dinámico de perigo de incendios, os resultados da avaliación das medidas preventivas e de extinción, da evolución da organización e funcionamento do dispositivo de extinción, ademais de todos aqueles aspectos de carácter económico-financeiros necesarios para garantir o seu correcto desenvolvemento.

4. Con carácter previo á aprobación do Plifoga, abrirase un período de información pública por un prazo de 20 días hábiles, que se anunciará no *Diario Oficial de Galicia*, en aras de dotarlle dunha publicidade previa, co fin de que as persoas interesadas poidan formular as alegacións que xulguen convenientes.

5. O Consello da Xunta aprobará, mediante acordo, o Plifoga, por proposta da persoa titular consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, e oído o Consello Asesor de Loita contra os Incendios Forestais. O acordo de aprobación comprenderá a totalidade das actuacións a desenvolver en materia de prevención, vixilancia e extinción dos incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, e nel que se integrarán as liñas estratéxicas da planificación preventiva a nivel autonómico.

6. O acordo de aprobación do Plifoga publicarase no Diario oficial de Galicia, e seu contido estará disponible na páxina web da consellería competente en materia de loita contra os incendios forestais.

7. O Plifoga integrarase no Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolvendo situacións 0 e 1 de emergencia por incendios forestais, e aquelas propias asignadas para a situación 2 ao servizo público de loita integral para os incendios forestais de Galicia.

#### Artigo 13. *Contido do Plifoga*

1. O plan incluirá os seguintes aspectos:

- a) A planificación da prevención e protección fronte aos incendios forestais.
- b) A planificación da detección, vixilancia e extinción dos incendios forestais, incluíndo a coordinación dos medios de extinción.
- c) A planificación da investigación de causas dos incendios forestais e o protocolo de avaliación de riscos postincendios.
- d) A formación do persoal do servizo de prevención e extinción de incendios forestais e as actuacións de sensibilización da cidadanía.
- e) O anexo de actualización anual, segundo o disposto no artigo 14.

O plan incluirá a programación das medidas e accións para cada un dos aspectos relacionados, incluído o soporte cartográfico, así como o seu orzamento, o plan financeiro e os indicadores da súa execución.

2. Así mesmo, o Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia incluirá os seguintes contidos:

- a) Unha análise territorial e estatística da problemática que poida existir na Comunidade Autónoma e que se pode manifestar a través da provocación reiterada de incendios ou do uso negligente do lume.
- b) O deseño xeral do dispositivo para atención global durante todo o ano á prevención, detección e extinción de incendios forestais, precisando, se é o caso, as épocas de maior risco de incendios forestais debidamente territorializadas.
- c) A revisión da zonificación establecida do territorio mediante a actualización, cando proceda, das zonas de alto risco de incendio forestal e as áreas estratéxicas de xestión.
- d) A asignación estable e permanente de medios técnicos e profesionais singularizados ao desenvolvemento das actuacións contempladas.
- e) Os traballos de carácter preventivo a realizar ao longo de todo o ano, en particular os tratamentos silvícolas que procedan, áreas devasas, vías de acceso e puntos de auga que deban realizar as persoas propietarias dos montes da zona, así como os prazos de execución.
- f) As modalidades de ejecución dos traballos, en función do estado legal dos terreos, mediante convenios, acordos, cesión temporal dos terreos á Administración, axudas ou subvencións ou, de ser o caso, execución subsidiaria pola Administración.
- g) O establecemento e dispoñibilidade dos medios de vixilancia e extinción necesarios para dar cobertura a toda a superficie da Comunidade Autónoma, coas previsións de dotacións, financiamento, e modelo de organización.
- h) As condicións xerais, tanto climatolóxicas como de calquera outro tipo, que xustifiquen a intensificación dos operativos e dos medios de vixilancia e extinción.
- i) A programación específica de prevención de incendios forestais baseada en investigacións sobre a súa causalidade e, en particular, sobre as motivacións que poidan ocasionar intencionalidade na súa orixe.

*Artigo 14. Actualización anual do Plifoga. O plan anual para a prevención, vixilancia e extinción dos incendios forestais*

1. Sen prexuízo da vixencia quinquenal do Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia (Plifoga), este plan revisarase e actualizarase cunha periodicidade anual, mediante un anexo que terá a natureza de plan anual para a prevención, vixilancia e extinción dos incendios forestais, prevalecendo os seus contidos en dito período anual.
2. Os plans anuais só incluirán aqueles contidos previstos para o Plifoga na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes cuxa revisión sexa precisa para o ano natural que corresponda, considerando vixentes e de aplicación o resto dos contidos que non requiran dunha revisión para o dito período.
3. Con carácter previo á aprobación destes plans abrirase un período de información pública por un prazo de 20 días hábiles, que se anunciará no *Diario Oficial de Galicia*, en aras de dotarlle dunha publicidade previa.
4. Corresponde aprobar o plan anual para a prevención, vixilancia e extinción dos incendios forestais ao Consello da Xunta, mediante acordo, logo da proposta da persoa titular consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, e oído o Consello de Loita contra os Incendios Forestais de Galicia.

5. O prazo límite para a súa aprobación e publicación será o establecido no artigo 48 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

## CAPÍTULO III

### **Medios persoais de Loita Integral contra os Incendios Forestais**

#### *Sección 1º. Servizo público de loita integral*

##### *Artigo 15. Servizo público de loita integral contra os incendios forestais de Galicia*

1. O servizo público de loita integral contra os incendios forestais de Galicia, dependente da consellería competente en materia de prevención de incendios forestais, ten carácter estable e profesionalizado e integrase baixo o mando único da dirección xeral competente en materia prevención e defensa contra os incendios forestais.

2. O acceso ao servizo público de loita integral contra os incendios forestais realizarase conforme aos principios de igualdade, mérito e capacidade nas convocatorias de acceso e na promoción profesional. No acceso terase en conta a aptitude das condicións físicas e psicolóxicas das persoas aspirantes para o desenvolvemento das funcións relacionadas coa extinción dos incendios e, de ser o caso e de acordo coa normativa vixente, a experiencia acreditada en traballos de extinción de incendios forestais.

3. O persoal do servizo público de loita integral contra os incendios forestais ten por funcións, entre outras, a execución de labores de prevención fronte aos incendios forestais no ámbito das competencias autonómicas, a vixilancia do cumprimento das medidas de prevención de incendios forestais, a vixilancia e detección de incendios forestais, a execución dos traballos de extinción dos incendios forestais, a execución de queimas prescritas e todas aquelas relacionadas co cumprimento dos fins desta lei.

4. O servizo público de loita integral contra os incendios forestais adaptarase territorial e funcionalmente en cada momento ás necesidades e ás cargas de traballo existentes, de conformidade coa avaliación realizada periodicamente pola unidade de análise, planificación e avaliación ao que fai referencia o número 6 deste artigo, e de acordo coa normativa de función pública.

5. A administración autonómica asumirá a defensa xurídica do persoal dependente do servizo público de loita contra os incendios forestais, así como daquel que desempeñe funcións de coordinación e dirección na extinción, naqueles procedementos que poidan iniciarse en calquera xurisdicción por presuntas responsabilidades derivadas das decisións e actuacións realizadas no desenvolvemento das súas funcións.

6. Na consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, crearáse, no seo do servizo público de loita integral contra os incendios forestais, unha unidade administrativa de carácter multidisciplinar de análise, planificación e avaliación. Terá por funcións todas aquellas relacionadas co desenvolvemento do deseño, planificación, execución e avaliación da política de prevención e defensa contra os incendios forestais.

#### *Artigo 16. Formación e acreditación*

1. O persoal do servizo público de loita integral contra os incendios forestais ten a obriga de realizar as actividades de formación, acreditación de competencias e capacitación precisas para o exercicio das súas funcións, que se desenvolverán normativamente.
2. Co fin de garantir a saúde das persoas traballadoras, poderase establecer a obrigatoriedade de realizar anualmente un recoñecemento médico e as probas necesarias que garantan o mantemento das condicións físicas e psicolóxicas requiridas para o acceso ao servizo, para o que se terá en conta a normativa aplicable en materia de prevención de riscos laborais e as normas específicas de enfermidades profesionais.
3. A formación do persoal complementarase coa realización de simulacros e manobras de extinción e evacuación que faciliten o desenvolvemento das súas funcións.

#### *Artigo 17. Colaboración do servizo público de loita integral contra os incendios en situacións de emerxencia*

1. O persoal do servizo público de loita integral contra os de incendios forestais poderá colaborar colaborará en situacións de emerxencia, a petición da consellería competente en materia de protección civil e emergencias.
2. A colaboración realizarase baixo os mandos correspondentes do servizo de prevención de incendios forestais, seguindo as instrucións da persoa responsable da emerxencia.

#### *Sección 2ª. Medios adicionais na loita integral contra os incendios forestais*

#### *Artigo 18. Outros medios na loita integral contra os incendios forestais*

1. O Servizo público de loita integral contra os incendios forestais poderá contar coa colaboración do resto de administracións públicas afectadas, que poderán participar proporcionando medios materiais, técnicos e humanos na loita contra os incendios forestais no seu ámbito territorial, sempre baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.
2. A consellería con competencias en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais asume a coordinación dos traballos de prevención, vixilancia e extinción de todos os dispositivos que se dedican a estas tarefas no territorio galego.

### **CAPÍTULO IV**

### **Infraestruturas e equipamentos da loita integral contra os incendios forestais**

#### *Artigo 19. Rede de infraestruturas e equipamentos da loita integral contra os incendios forestais.*

1. A rede de infraestruturas e equipamentos de loita integral contra os incendios forestais comprende todos os medios vinculados a defensa contra os incendios forestais, como son:

- a) Os sistemas preventivos, en particular as faixas de seguranza, as paisaxes cortalumes ou as áreas estratéxicas de xestión.
- b) A rede camiños e pistas forestais que dan acceso aos montes.
- c) A rede de edificacións ligadas aos traballos de loita integral contra os incendios forestais como as sedes dos distritos forestais, as bases de unidades operativas ou as bases de medios aéreos.
- d) A rede de puntos de auga.
- e) A rede de vixilancia e detección dos incendios forestais.
- f) Outras infraestruturas de apoio á extinción.

2. A recollida, rexistro e actualización dos datos da rede de infraestruturas e equipamentos de loita integral contra os incendios forestais será efectuada pola consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, e será integrada no sistema de información xeográfica ao que se refire o artigo 61 desta lei.

*Artigo 20. Declaración de utilidade pública e interese social das infraestruturas e equipamentos para a loita integral contra os incendios forestais*

- 1. As infraestruturas e os equipamentos destinados á loita integral contra os incendios forestais, poderán ser declarados de utilidade pública e interese social para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para a súa construcción e instalación.
- 2. Para o recoñecemento concreto da utilidade pública e interese social das infraestruturas e os equipamentos preventivos, a dirección xeral competente en materia prevención e defensa contra os incendios forestais elaborará o proxecto de obras, instalacións, ou de ambas, acompañado da relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que se estimen de necesaria expropiación.
- 3. O proxecto citado no número anterior someterase a información pública, mediante a publicación dun anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, por un prazo de vinte días hábiles.
- 4. Simultaneamente ao sometemento a información pública, deberán solicitarse os informes sectoriais necesarios en atención ás afeccións da infraestrutura ou equipamento.
- 5. Concluída a tramitación, a declaración de utilidade pública acordarase pola persoa titular da consellería competente en materia de montes, sen prexuízo da competencia do Consello da Xunta no caso de oposición por parte doutros organismos sectoriais.
- 6. A declaración de utilidade pública suporá a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos afectados e a imposición de servidumes de paso de enerxía ou outras necesarias para a execución do proxecto, permitindo iniciar o procedemento para a súa urxente ocupación, para os efectos previstos na lexislación de expropiación forzosa.
- 7. A realización de puntos de auga incluídos na rede de puntos de auga non requirirá título habilitante urbanístico, de conformidade co previsto no artigo 147 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

## TÍTULO III

### A prevención de incendios forestais

#### CAPÍTULO I

##### A planificación preventiva fronte aos incendios forestais

###### *Sección 1ª. Disposicións xerais*

###### **Artigo 21. A planificación preventiva**

1. Para os efectos desta lei, entenderase por planificación preventiva a configuración estratéxica dun territorio resiliente fronte aos incendios forestais mediante a implantación de sistemas preventivos vinculados ao territorio e ás persoas.

A planificación preventiva realizarase con base ao coñecemento dos factores que inflúen no inicio e na propagación dos incendios forestais e adaptarase de xeito dinámico á realidade concreta de cada territorio.

2. A finalidade da planificación preventiva é evitar de xeito efectivo que o lume se produza e, no caso de se producir, limitar a súa propagación, minimizar as súas consecuencias e incrementar a resiliencia do territorio.

A planificación preventiva integrarase nas ferramentas tecnolóxicas existentes en materia de emerxencias e extinción e terá o carácter de instrumento de ordenación preferente para no conxunto de políticas territoriais, nomeadamente nos plans de ordenación territorial, agroforestais e medioambientais, de conformidade co disposto no artigo 48.5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

3. As actuacións preventivas que deban realizarse en espazos naturais protexidos declarados ou en tramitación estarán incluídos nos plans de distrito, requirindo informe preceptivo e vinculante da consellería competente en materia de patrimonio natural, agás que sexan permitidos no Plan director da Rede Natural 2000 de Galicia consonte coa normativa vixente, e poderán declararse de interese público para os efectos da súa urgente execución prioritaria pola consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

4. A consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais desenvolverá unha avaliación continua da eficiencia e eficacia das medidas preventivas adoptadas no ámbito das súas competencias. Para estes efectos, terase en conta a información derivada da investigación e avaliación dos últimos incendios forestais.

5. As entidades locais nas que existan definidas en zonas de alto risco de incendio remitirán anualmente á dirección xeral competente en materia prevención e defensa contra os incendios forestais da consellería competente nesta materia, unha avaliación das medidas preventivas executadas no seu ámbito territorial, os incumplimentos detectados, as actuacións levadas a cabo para corrixilos e os resultados obtidos, coa finalidade de identificar zonas onde sexa necesario adoptar medidas preventivas adicionais.

6. Corresponde á consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, efectuar a planificación preventiva a nivel autonómico e de distrito, sen prexuízo da colaboración co resto de administracións e axentes implicados.

## Artigo 22. Participación pública na planificación preventiva

1. No proceso de elaboración e revisión da planificación preventiva, habilitaranse canles que garantan a participación pública.
2. As mesas abertas de traballo preventivo serán unha das canles de participación pública dos principais grupos de interese e das agrupacións veciñas na toma de decisións sobre a planificación preventiva, e terán por obxecto a realización de propostas respecto da delimitación das zonas de alto risco e a definición consensuada das actuacións a desenvolver no respectivo territorio. As propostas resultantes e tecnicamente viables destas consultas serán consideradas na elaboración dos plans preventivos de distrito.
3. Poderán constituírse mesas abertas de traballo preventivo nos ámbitos obxecto de planificación que se definan a partir do mapa dinámico de perigo de incendio forestal.
4. A composición das mesas de traballo preventivo determinarase mediante resolución da persoa titular da dirección xeral competente en materia prevención e defensa contra os incendios forestais.

## Artigo 23. Os instrumentos da planificación preventiva

Son instrumentos da planificación preventiva contra os incendios forestais os seguintes:

- a) O mapa dinámico de perigo de incendios forestais.
- b) As zonas de alto risco de incendios e as áreas estratéxicas de xestión.
- c) Os Plans preventivos de distrito, integrados no Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia.
- d) O Catalogo municipal de infraestruturas e medios de prevención.
- e) Os sistemas preventivos vinculados ao territorio.
- f) Os sistemas preventivos vinculados á poboación.

## Sección 2º. Planificación a nivel autonómico

### Artigo 24. Mapa dinámico de perigo de incendios forestais

1. O mapa dinámico de perigo de incendios forestais é un documento técnico que reflicte a zonificación do territorio desde a perspectiva de risco de ocorrencia de incendios forestais. Este mapa terá en conta o estudo de causas e motivacións dos incendios, derivado da investigación social dos incendios forestais, e servirá de base para o deseño dunha política integral acorde coas necesidades de prevención e loita contra o lume.
2. O mapa servirá de base para poder determinar cales son as zonas de alto risco e para a delimitación de áreas estratéxicas de xestión e das paisaxes cortalumes, que se integrarán no Plifoga.
3. O mapa dinámico de perigo de incendios forestais incluirá, como mínimo, o seguinte contido:

- a) Mapa de distribución de combustibles, que se actualizará periodicamente en función da información dispoñible.
- b) Mapa de perigo básico de incendios, no que se terán en conta a distribución dos combustibles, a frecuencia histórica de incendios, os perímetros de incendios pasados, os factores meteorolóxicos e topográficos, así como a análise dos patróns de comportamento dos incendios ocorridos ou simulados, con especial atención aos puntos críticos que poidan propiciar o desenvolvemento de grandes incendios forestais.
- c) Mapa de vulnerabilidade, que recolla a análise dos danos potenciais que se puideran producir por un incendio forestal e a identificación do grao de exposición dos elementos especialmente sensibles e/ou perigosos tales como espazos naturais protexidos, masas forestais de alto valor natural, industrias, gasolineiras, infraestruturas viarias, enerxéticas ou análogas.
- d) Aqueles outros que se poidan establecer regulamentariamente.

4. A dirección xeral competente en materia prevención e defensa contra os incendios forestais será o órgano responsable da aprobación do mapa dinámico de perigo de incendios, así como da súa revisión e seguimento.

#### *Artigo 25. Zonas de alto risco*

- 1. Con posterioridade a aprobación do mapa dinámico de perigo de incendios forestais, procederase á delimitación das zonas de alto risco, con carácter previo á elaboración ou revisión da restante planificación preventiva. A dita delimitación, que se incorporará aos plans preventivos de distrito, deberá ter en consideración o resultado da investigación dos incendios forestais na área considerada e o seu contorno, así como, de ser o caso a consulta aos grupos de interese a través das mesas abertas de traballo preventivo.
- 2. Nas zonas de alto risco de incendios priorizarase a aplicación dos sistemas preventivos previstos nesta lei, especialmente os vinculados ao territorio e ligados á xestión do espazo agroforestal.
- 3. A declaración das zonas de alto risco efectuarase por orde da persoa titular da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, por proposta da persoa titular da dirección xeral competente nesta materia, e publicarase no Diario Oficial de Galicia.
- 4. A dita declaración incluirá a delimitación cartográfica das zonas de alto risco, e implicará o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para os efectos da aplicación da tramitación de urxencia, coa conseguinte redución dos prazos máximos previstos para a emisión dos informes ambientais e sectoriais solicitados aos órganos das Administracións Públicas que, de ser o caso, sexa necesario emitir para a execución das actuacións necesarias nestas zonas.

#### *Sección 3ª. Planificación a nivel de distrito e catálogo municipal de infraestruturas preventivas*

## Artigo 26. *Plans preventivos de distrito*

1. Os plans preventivos de distrito desenvolverán as orientacións previstas no Plifoga, concretando a estratexia operativa a nivel de distrito forestal e o marco de desenvolvemento das actuacións preventivas previstas neste ámbito territorial nun período non superior aos cinco anos, sen prexuízo da súa revisión cando sexa precisa.

2. Os plans preventivos de distrito incluirán, entre outros aspectos:

a) As faixas de seguraza primarias e terciarias establecidas de conformidade co disposto nesta lei, así como, de ser o caso, as súas posibles ampliacións, en determinadas zonas do seu ámbito territorial.

En particular, os plans preventivos establecerán os criterios de delimitación e priorización das faixas de seguraza terciarias relacionadas coas infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais, tales como cortalumes, faixas auxiliares de pistas ou rozas.

b) As faixas de seguraza secundarias que se delimiten nos catálogos municipais de infraestruturas e medios de prevención. Estas faixas secundarias poderán ser ampliadas polos plans de distrito, previa audiencia dos concellos afectados

c) Os puntos de vixilancia fixa para a detección de incendios forestais e a rede de puntos de auga e hidrantes.

Para estes efectos, os plans preventivos incluirán un inventario da situación dos puntos de auga e suministro, que se revisará anualmente, para determinar aquelas zonas nas que é necesario executar medidas complementarias que garantan o abastecemento de auga para a extinción.

d) A relación de todos os medios dispoñibles para a prevención e extinción dos incendios forestais. Para estes efectos terase en conta os catálogos de infraestruturas preventivas municipais e as infraestruturas preventivas dos plans de ordenación dos montes que estean dentro do seu ámbito territorial.

e) A delimitación das zonas de alto risco, se for o caso, e as actuacións preventivas previstas para a súa defensa.

f) A delimitación, se é o caso, das áreas estratégicas de xestión e as actuacións preventivas a levar a cabo.

g) As orientacións para establecer a alternancia de teselas con distinta inflamabilidade e combustibilidade que reduza a capacidade de expansión e severidade dos posibles incendios forestais.

h) A identificación e a priorización das zonas nas que por razóns de idoneidade técnica sexa recomendable realizar o control da biomasa vexetal por medio de queimas prescritas e un cronograma para a súa realización, de conformidade co disposto nesta lei.

i) A previsión e a programación integrada das intervencións das diferentes entidades implicadas no operativo contra incendios forestais.

j) Aquelas previsións que aseguren a coherencia cos plans dos distritos lindeiros.

3. A elaboración da proposta dos plans de distrito e da súa revisión corresponde á dirección xeral competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

4. Na elaboración e revisión dos plans preventivos de distrito teranse en consideración as implicacións que as medidas preventivas previstas poidan ter noutros instrumentos de planificación sectorial para os efectos de avaliar a súa adaptación, cando esta sexa necesaria.

5. Para a aprobación ou revisión dun plan de distrito serán preceptivos e vinculantes os informes dirección xeral competente en materia de montes, así como da consellería competente en materia de patrimonio natural sobre o programa de actuacións de prevención previstas nos plans de distrito que se prevexan executar en espazos naturais protexidos declarados ou en tramitación.

6. A aprobación dos plans ou a súa revisión efectuarase mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais. Esta orde publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e o seu contido estará dispoñible na páxina web da consellería competente nesta materia.

7. Por orde das consellerías competentes en materia de prevención de incendios forestais e de patrimonio natural poderán aprobarse pregos coas condicións sectoriais ás que haberán de suxeitarse as actuacións, intervencións e obras de carácter preventivo contra os incendios forestais, nos terreos incluídos en espazos naturais protexidos, sempre de acordo co disposto no Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

#### Artigo 27. Áreas estratéxicas de xestión

1. As áreas estratéxicas de xestión constitúense en áreas actuación singularizada no territorio definidas e priorizadas de acordo á metodoloxía establecida nesta lei, tendo en conta o establecido no mapa dinámico de perigo de incendio.

2. A delimitación das áreas estratéxicas de xestión realizarase nos plans preventivos de distrito con base nunha metodoloxía que as localice naqueles puntos do territorio nos que permitan anticipar unha estratexia de defensa eficaz e segura para os grandes incendios forestais tipo para os que se deseñaron.

3. As áreas estratéxicas de xestión determinarán no seu ámbito territorial unha planificación na xestión do combustible existente, así como a preparación de actuacións e infraestruturas preventivas que permitan ao dispositivo de extinción executar manobras de ataque seguras para limitar a potencialidade dos incendios forestais.

4. No deseño das áreas estratéxicas de xestión deberá incluirse, polo menos, a seguinte información:

- A planificación espazo-temporal de infraestruturas de defensa e silvicultura para previr a propagación entre zonas.
- A planificación espazo-temporal da estrutura e composición da vexetación, dimensionamiento da actuación baseada na análise dos incendios tipo ou de simulacións.
- A definición do tipo de tratamento e do método para empregar, entre outros pastoreo, queima prescrita ou roza mecanizada, así como a periodicidade e intensidade recomendada.

#### Artigo 28. Catálogo municipal de infraestruturas e medios de prevención

1. Os concellos deberán elaborar un catálogo de infraestruturas e medios de prevención dos incendios forestais que se integrará no correspondente plan de actuación municipal ante emerxencias por incendios forestais, que se aprobará conforme ao establecido na normativa autonómica en materia de protección civil e emerxencias, todo iso sen prexuízo de que, para a súa realización, poidan recabar das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación económica, xurídica e técnica que deben prestar de acordo coa lexislación básica estatal.

2. No catálogo recollerase información sobre as seguintes materias:

a) A rede das pistas, vías, camiños, estradas e terreos de titularidade municipal.

b) A delimitación, de conformidade co establecido nos artigos 33.3.b) e 34, dos núcleos de poboación e das faixas de seguraza secundarias, así como os datos de identidade e de notificación das persoas titulares dos terreos incluídos nelas. A delimitación dos núcleos de poboación e das faixas de seguraza deberá someterse a información pública por parte do concello con carácter previo á súa aprobación, e as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que xulguen convenientes.

c) A localización das infraestruturas preventivas e dos medios de extinción dos que se dispón no termo municipal.

d) Calquera outra información que poda ser relevante de cara a prevención e defensa contra os incendios forestais.

3. O concello correspondente deberá solicitar á persoa titular da dirección xeral en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais a emisión dun informe preceptivo e vinculante sobre o catálogo con carácter previo á súa aprobación. O prazo máximo de emisión deste informe é dun mes. No caso de non emitirse no citado prazo entenderase negativo á aprobación do plan. Unha vez aprobado polo concello, remitirase á dirección xeral competente en materia de prevención de incendios para a súa incorporación ás bases cartográficas existentes.

4. Os catálogos municipais actualizaranse como mínimo anualmente, no que respecta ás infraestruturas de prevención e á análise da estrutura da propiedade dos terreos incluídos nas faixas de seguraza de competencia do concello.

5. Os concellos impulsarán, no marco do plan municipal de emerxencias, o desenvolvemento de medidas de autoprotección fronte aos incendios forestais das entidades de poboación do seu ámbito territorial que se encuentren en zonas ZAR. Estas medidas, que incluirán, cando menos, a definición dos puntos de confinamento e as posibles vías de evacuación, así como os posibles puntos críticos de cara á protección da poboación en caso de incendio forestal, basearanse na planificación preventiva e estableceránse en coordinación co dispositivo de emerxencias e, de ser o caso, coas agrupacións de defensa e vixilancia veciñal.

Os concellos reforzarán as canles de información e formación da poboación sobre as medidas de autoprotección, que deberán estar axeitadamente sinalizadas.

## CAPÍTULO II

### Sistemas preventivos vinculados ao territorio

#### *Sección 1ª. Paisaxe en mosaico*

##### **Artigo 29. Obxectivos**

1. A consellería competente en materia agraria impulsará o desenvolvemento dunha paisaxe en mosaico mediante o mantemento ou implantación da agricultura, da gandería extensiva ou con base territorial, e dunha silvicultura que procure a conformación de masas forestais menos inflamables, con menos densidade de vexetación e máis heteroxéneas, para contribuír a xerar territorios sostibles e con menor vulnerabilidade ante os incendios forestais.

2. Os obxectivos da conformación dunha paisaxe en mosaico son os seguintes:

a) Promover a actividade agrícola, gandeira e forestal sostible que xere descontinuidades no territorio galego co obxecto de facelo máis resiliente fronte aos incendios forestais, diminuíndo o seu impacto á vez que garantindo a seguridade dos medios de extinción e da poboación en xeral.

b) Priorizar a colocación desas descontinuidades no territorio con criterios de prevención de incendios, especialmente nas ZAR. Este aspecto deberá terse en conta na elaboración dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio, especialmente no Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia regulado no artigo 25 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. Así mesmo, deberá integrarse nos instrumentos de xestión dos montes galegos, especialmente nos dos montes públicos e os de xestión pública.

c) Apoiar o desenvolvemento económico do territorio rural mediante o impulso da actividade agraria sostible como mecanismo para frear o despoboamento e o abandono e a súa incidencia na ocorrencia dos incendios forestais.

3. A consecución de ditos obxectivos farase utilizando os seguintes instrumentos:

- a) A creación de paisaxes cortalumes
- b) A diversificación de masas forestais.
- c) A aplicación da silvicultura preventiva.

4. Para estes efectos a consellería indicada planificará a xeración de descontinuidades na paisaxe, de conformidade coas orientacións recollidas a este respecto nos plans preventivos de distrito, e, sempre que sexa posible, as dotará de vocación produtiva para facelas rendibles.

##### **Artigo 30. Paisaxes cortalumes**

1. As descontinuidades na biomasa xeradas coas paisaxes cortalumes procurarán a diversificación agroforestal do territorio freando ou atenuando os efectos dos incendios forestais coa implantación de actividade agrícola, gandeira e forestal sostible. As paisaxes cortalumes serán de aplicación prioritaria nas ZAR identificadas no territorio.

2. As paisaxes cortalumes articularanse a través de:

- a) A creación de polígonos cortalumes, de conformidade coa regulación prevista na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- b) O impulso de agrupacións forestais de xestión conxunta que desenvolvan as súas actividades con criterios de prevención de incendios, especialmente pola diversificación das masas forestais ou a plantación de especies arbóreas autóctonas.
- c) O desenvolvemento de actividade agrogandeira ou a plantación de frondosas autóctonas ou árbores froiteiras nas faixas de seguranza definidas nesta lei e nas áreas nas que estas poidan ser ampliadas. Para estes efectos, o ámbito de solo rústico dentro do perímetro dunha aldea modelo das reguladas na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, poderá ser considerado paisaxe cortalume, logo do informe da persoa titular da dirección xeral competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.
- d) A implantación de sistemas silvopastorís e de gandería en extensivo como actividades produtivas que actúen como técnica de xestión do combustible vexetal.

3. A declaración de paisaxes cortalumes efectuarase por orde da persoa titular da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios e publicarase no *Diario Oficial de Galicia*. A declaración incluirá a delimitación cartográfica da paisaxe cortalumes, así como o tipo de actuación que se prevé desenvolver nela.

#### *Artigo 31. Diversificación das masas forestais*

1. Nos plans preventivos de distrito definiranse teselas con distinta inflamabilidade e combustibilidade, en función da vulnerabilidade do territorio e o comportamento previsible do lume, coa finalidade de reducir a capacidade de expansión e severidade dos posibles incendios forestais; sinaladamente nas ZAR.

2. Coa finalidade prevista no número 1, procurarase a compartimentación das masas forestais continuas poboadas maioritariamente con especies do anexo I nunha superficie non inferior ás 50 hectáreas, mediante unha ou varias das seguintes actuacións:

- a) Creación de paisaxes cortalumes axeitados para esta finalidade.
- b) Implantación de aproveitamentos agroforestais con baixo risco de incendios forestais, sendas peonís, masas ou plantacións de frondosas autóctonas ou árbores froiteiras.
- c) A ampliación das faixas de seguranza previstas nesta lei.
- d) A xestión activa durante todo o ano das faixas de seguranza existentes no territorio no que se localicen as devanditas teselas.

3. Os plans preventivos de distrito incluirán criterios orientadores respecto daquelas zonas nas que deba favorecerse a alternancia de teselas e as accións de forestación ou repoboación forestal priorizadas por motivos de planificación preventiva. Estes criterios vincularán a xestión forestal das ditas zonas.

4. Sempre que as condicións edafoclimáticas o permitan, favorecerase a constitución de masas de frondosas autóctonas ou de especies de baixa inflamabilidade e combustibilidade, especialmente nas teselas das ZAR.

5. O órgano competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais emitirá informe preceptivo nas novas repoboacións forestais que se autoricen nas ZAR, nas áreas

estratégicas de xestión ou nas paisaxes cortalumes segundo o disposto no artigo 67.5 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

6. A consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais promoverá, no marco do Plan forestal de Galicia, a recuperación de soutos de castiñeiro como sistemas preventivos tradicionais ligados á paisaxe en mosaico.

#### *Artigo 32. A silvicultura preventiva*

1. A silvicultura preventiva incorporarse transversalmente en todas as accións que se desenvolvan no espazo agroforestal coa finalidade de acadar unha prevención pasiva por parte do territorio.
2. Os instrumentos de ordenación e xestión forestal deberán explicitar as medidas de silvicultura e a rede de infraestruturas de terreos forestais que garantan a descontinuidade horizontal e vertical da biomasa forestal, no ámbito das orientacións recollidas no correspondente plan preventivo de distrito.
3. As principais actuacións de silvicultura preventiva consistirán no control da biomasa, mediante a realización de devasas, faixas auxiliares de pistas e cortalumes, co obxectivo de crear descontinuidades verticais e horizontais na cuberta vexetal, aplicando para isto rareos, desmestas, podas e rozas, ademais do uso de queimas prescritas cando sexa preciso.
4. Asemade, potenciarase a resiliencia das masas forestais favorecendo a súa madurez e substituíndo especies para crear ecosistemas mixtos más resistentes ao lume.
5. As actuacións en espazos protexidos, xa declarados ou en tramitación, non incluídas en proxectos de ordenación e xestión forestal aprobados con informe do órgano competente en materia de patrimonio natural, requirirán informe deste órgano previamente á súa execución.

#### *Sección 2ª. Faixas de seguranza*

##### *Subsección I. Clases de faixas, obrigas e persoas responsables*

#### *Artigo 33. Faixas de seguranza e obriga xeral de retirada de especies*

1. As faixas de seguranza son terreos estrateticamente localizados, nas que se debe garantir o cumprimento das distancias que deben manter as especies arbóreas previstas nesta lei e o control e a eliminación total ou parcial da biomasa vexetal, co obxectivo de reducir o risco de que se produza un lume e a súa propagación, segundo o disposto nos artigos seguintes e os criterios establecidos no anexo I desta lei.
2. As faixas de seguranza clasifícanse en primarias, secundarias e terciarias.
3. A localización das faixas de seguranza localízanse será a seguinte:
  - a) As faixas de seguranza primarias situaranse en torno ás infraestruturas da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais, das infraestruturas ferroviarias e das instalacións de producción de enerxía eléctrica eólicas ou solares, liñas de media e alta tensión de transporte e distribución de enerxía eléctrica, subestacións eléctricas, liñas de transporte e distribución de gas natural, estacións de regulación e medida de gas e depósitos de distribución de gas, e estacións de telecomunicacións.

b) As faixas de seguranza secundarias terán ámbito municipal e destinaranse á protección dos núcleos de poboación e das edificacións destinadas ás persoas así como a garantir unha distancia mínima libre de combustible respecto das instalacións de acampada, agropecuarias, industriais e de xestión de residuos, das gasolineiras, dos núcleos zoolóxicos, das infraestruturas de uso público e das áreas recreativas.

c) As faixas de seguranza terciarias localizaranse en terreos agroforestais e vincularanse ás pistas e canles fluviais principais, ás infraestruturas preventivas e a favorecer as descontinuidades no territorio, a protección do terreo forestal e os usos produtivos das terras de labranza, os cultivos, praderías ou daqueles solos cualificados como de especial protección agropecuaria.

4. Sen prexuízo das obrigas específicas de xestión da biomasa e retirada de especies reguladas no artigo 34 e seguintes, en todas as faixas de seguranza as persoas responsables deberán respectar unha distancia de 2 metros medidos desde el límite interior da faixa, na que non poderán existir especies arbóreas de ningunha clase. A distancia de 2 metros indicada anteriormente non será aplicable en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, que conte cun proxecto de ordenación aprobado definitivamente, ao medirse a partir da delimitación destes solos.

Esta obriga non será aplicable en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquellas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

No resto da faixa de seguranza respectiva, fóra da franxa de dous metros indicada anteriormente, estará permitida a presenza de todas as especies arbóreas, en particular as frondosas reguladas no anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, agás as especies prohibidas reguladas no anexo I.2. desta lei, e sen prexuízo do respecto da obriga de retirada de especies incluídas no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras seguindo os criterios establecidos na normativa específica, tal e como dispón o anexo I.3.b. En todo caso, as especies permitidas deberán xestionarse de acordo coas especificacións previstas nos artigos seguintes e consonte cos criterios de xestión de biomasa regulados no anexo I.1 desta lei.

#### *Artigo 34. Obrigas das persoas responsables nas faixas de seguranza primarias*

1. Nos espazos definidos como faixas de seguranza primarias as persoas responsables deben cumplir as seguintes obrigas:

a) Ao longo da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais, xestionarase a biomasa vexetal, de acordo cos criterios previstos no Anexo I.1 e retiraranse as especies prohibidas incluídas no anexo I.2, nos terreos incluídos na zona de dominio público que non teñan un réxime xurídico específico, e nos 10 metros contiguos desde o límite do dominio público.

b) Ao longo da rede ferroviaria haberá de xestionarse a biomasa vexetal, de acordo cos criterios previstos no Anexo I.1 e retiraranse as especies prohibidas incluídas no anexo I.2, nos terreos

incluídos na zona de dominio público, que non teñan un réxime xurídico específico, e nos 10 metros contiguos desde o límite do dominio público.

c) Nas instalacións de producción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa, de acordo cos criterios previstos no Anexo I.1 e retiraranse as especies prohibidas incluídas no anexo I.2, na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan Sectorial Eólico de Galicia, ao redor de cada aeroxeador de producción de enerxía eléctrica eólica instalado.

Así mesmo, nos camiños interiores das devanditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos cinco metros desde a aresta exterior do camiño. En ditos terreos non se esixirá a retirada de árbores das especies sinaladas no anexo desta lei.

d) Nas liñas de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, de alta e media tensión, sen prexuízo do necesario respecto das especificacións da regulamentación electrotécnica sobre distancia mínima entre os condutores, as árbores e outra vexetación, nos tramos nos que a altura do condutor sexa inferior á altura dos propios apoios, deberá xestionarse a biomasa de acordo cos criterios previstos no Anexo I.1 nunha faixa de cinco metros desde a proxección dos condutores eléctricos más externos, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa sectorial vixente. Ademais, na faixa de cinco metros non poderá haber especies arbóreas prohibidas no anexo I.2. O resto de especies arbóreas deberán ter unha altura tal, que en caso de derribo na dirección da liña non a afecten.

Nas subestacións eléctricas deberá xestionarse a biomasa de acordo cos criterios previstos no anexo I.1 e retiraranse as especies prohibidas reguladas do anexo I.2, nunha faixa de cinco metros desde o último elemento en tensión e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas.

Nas oficinas, almacéns ou parque móvil das subestacións eléctricas, a xestión da biomasa realizarase nunha franxa de cincuenta metros perimetral desde os paramentos das edificacións ou desde o último elemento en tensión ou infraestrutura de que se trate, de acordo cos criterios previstos no anexo I.1 e retiraranse as especies prohibidas reguladas do anexo I.2.

e) Nas instalacións de producción de enerxía eléctrica solares deberá xestionarse a biomasa de acordo cos criterios previstos no anexo I.1 e retiraranse as especies prohibidas reguladas do anexo I.2, nunha faixa de cinco metros desde o último elemento en tensión e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas.

f) Nas conducións de transporte e distribución de gas e nas estacións de regulación e medida de gas, deberá xestionarse a biomasa de acordo cos criterios previstos no anexo I.1 e retiraranse as especies prohibidas reguladas do anexo I.2 nunha faixa de tres metros ao redor da infraestrutura. Esta distancia computarase desde o eixo no caso das conducións e desde a localización da instalación no caso de estacións de regulación e medida de gas.

No caso dos depósitos fixos de almacenamento de gases licuados do petróleo (GLP) ou instalacións de almacenamento de gas natural licuado (GNL), haberá de xestionarse a biomasa, de acuerdo cos criterios previstos no anexo I.1 e retiraranse as especies prohibidas reguladas do anexo I.2, tendo en conta a regulamentación derivada da súa normativa específica, sendo en todo caso, como mínimo, unha faixa a contar desde as infraestruturas e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas, que terá o seguinte ancho:

- 20 metros para depósitos cunha masa de almacenamento de 25.001 a 250.000 kg
- 15 metros para depósitos cunha masa de almacenamento de 12.501 a 25.000 kg
- 10 metros para depósitos cunha masa de almacenamento de 1.001 a 12.500 kg
- 5 metros para depósitos cunha masa de almacenamento de ata 1.000 kg

Nas oficinas, almacéns ou parque móvil das estacións de regulación e medida de gas, haberá de xestionarse a biomasa de acordo cos criterios previstos no anexo I.1 e retiraranse as especies prohibidas reguladas do anexo I.2 nunha franxa de cincuenta metros perimetral desde os paramentos das edificacións ou a infraestrutura de que se trate.

g) Nas estacións de telecomunicacións haberá de xestionarse a biomasa de acordo cos criterios previstos no anexo I.1 nunha faixa de cinco metros desde as infraestruturas de telecomunicación e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas. Ademais, na devandita faixa non poderá haber especies arbóreas de ningún tipo.

Nas oficinas, almacéns ou parque móvil das estacións de telecomunicacións, haberá de xestionarse a biomasa vexetal de acordo cos criterios previstos no anexo I.1 e retiraranse as especies prohibidas reguladas do anexo I.2, nunha faixa de cincuenta metros perimetral desde os paramentos das edificacións.

2. Para todas as instalacións indicadas no número 1, a xestión da biomasa incluirá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable conforme a esta lei.

No caso de que a persoa responsable non sexa a persoa propietaria dos terreos, aquela deberá remitir ao concello un anuncio que será publicado no taboleiro de edictos municipal, con quince días de antelación á data prevista para iniciar as operacións de xestión da biomasa, para os efectos de que as persoas propietarias dos terreos poidan executalas previamente, no caso de estar interesadas.

Transcorrido o devandito prazo sen que se fixese a correspondente xestión de biomasa, a persoa responsable estará obrigada á súa realización.

3. No caso de que a persoa propietaria do terreo ou o titular do dereito de aproveitamento non executase a xestión da biomasa e non lle conceda permiso á persoa titular da instalación para realizar esta xestión, esta última deberá comunicalo á persoa titular da xefatura territorial correspondente por razón do territorio, que sexa competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, para que, no caso de que resulte acreditado a anterior circunstancia, inicie o correspondente procedemento sancionador por incumprimento de xestión da faixa de seguraza ou impoña unha servidume forzosa de conformidade co disposto no artigo 37. No caso de que a persoa titular da instalación non efectúe esta comunicación á xefatura territorial, consideraráselle responsable polo incumprimento da súa obriga de xestionar a biomasa.

#### *Artigo 35. Obrigas das persoas responsables nas faixas de seguranza secundarias*

1. Nas faixas de seguranza secundarias xestionarase a biomasa de acordo cos criterios previstos no anexo I.1 e retiraranse as especies prohibidas reguladas do anexo I.2, nunha faixa de 50 metros a contar desde o seu límite definido segundo os criterios de medición determinados no número seguinte.

2. A distancia de 50 metros indicada no número 1 para as faixas de seguranza secundarias mediranse desde os seguintes límites e aplicándose os criterios que se indican a continuación:

- a) Desde o límite do solo no caso do solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable que conte cun proxecto de urbanización aprobado definitivamente.

A delimitacións dos núcleos poboacionais susceptibles de protección, poderán incluír de forma xustificada outras instalacións distintas das previstas no artigo 33.3.b), sempre que se motive expresamente.

No caso de que a información cartográfica urbanística para a delimitación da faixa de seguranza perimetral en torno aos núcleos de poboación sexa insuficiente para a delimitación da distancia de seguranza, ou ben non estea actualizada ou sexa necesario redimensionala respecto ao núcleo habitado, a medida da distancia ao núcleo poboacional realizarase respecto á liña poligonal que une as edificacións más externas.

- b) Desde os paramentos exteriores das edificacións destinadas ás persoas ou os seus anexos.

- c) Desde o peche perimetral das instalacións de acampada e dos núcleos zoolóxicos.

- d) Desde os límites das súas instalacións no caso das instalacións agropecuarias, industriais e de xestión de residuos, das gasolineiras, das infraestruturas de uso público e das áreas recreativas.

3. As persoas que pretendan construír novas edificacións destinadas ás persoas e instalacións susceptibles de protección de conformidade co disposto neste artigo, que se constrúan en solo rústico segundo os usos e actividades permitidos pola normativa urbanística, e que non teña continuidade inmediata coa trama urbana terán presentar ante a administración municipal, no momento de inicio da tramitación do título habilitante para a súa construcción, un proxecto técnico que garanta o cumprimento das medidas de prevención contra os incendios que se establecen nesta lei.

4. As urbanizacións e novas instalacións susceptibles de protección, de conformidade co disposto neste artigo, que se autoricen en conexión coa trama urbana xerarán unha nova faixa de seguranza de conformidade cos criterios e distancias establecidas nesta lei. En relación co anterior, os concellos deberán modificar, de oficio, o seu catálogo municipal de infraestruturas preventivas e as súas bases cartográficas, de cara á súa actualización.

5. Todas as novas instalacións de acampada, agropecuarias, industriais e de xestión de residuos, as gasolineiras, os núcleos zoolóxicos, as infraestruturas de uso público e as áreas recreativas que se autoricen, teñan conexión coa trama urbana ou non, e as preexistentes que se reformen ou amplíen, sexa cal sexa a súa natureza, disporán dunha rede perimetral de hidrantes homologados para a extinción de incendios. As administracións públicas promoverán a instalación de hidrantes nas restantes edificacións e instalacións, sinaladamente, nas situadas nas ZAR.

6. Os criterios de xestión da vexetación e retirada de especies arbóreas establecidos no anexo I.1 desta lei son de aplicación, en todo caso, nos terreos situados en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable que contén cun proxecto de urbanización aprobado definitivamente, nos que exista

unha cuberta vexetal, sen prexuízo da competencia municipal de establecer, a través das súas ordenanzas, requisitos adicionais.

#### Artigo 36. *Obrigas das persoas responsables nas faixas de seguranza terciarias*

1. A delimitación das faixas de seguranza terciarias, que están situadas nos terreos agroforestais, efectuarase segundo os seguintes criterios:

- a) Nas pistas e nos camiños forestais de polo menos cinco metros de ancho a contar desde o límite exterior do movemento de terras da obras de construcción, a faixa de seguranza na que deberá xestionarse a biomasa de acordo cos criterios e para as especies prohibidas incluídas no anexo I.2, abarcará a plataforma de rodadura e seis metros contiguos a contar desde o límite exterior do movemento de terras da obra de construcción da pista.
- b) Nas canles fluviais de máis de dous metros de ancho, establecese unha distancia mínima de quince metros para as especies arbóreas prohibidas do anexo I.2, a contar dende o límite do dominio público hidráulico. Neste caso non será obrigatorio respectar a distancia de 2 metros contemplada no artigo 33.4.
- c) Con parcelas cualificadas como solo rústico de especial protección agropecuaria, establecese unha distancia mínima de dez metros para as especies arbóreas prohibidas do anexo I.2 e tamén para as frondosas, desde o límite da parcela. Exceptúanse desta obriga os sebes con formación arbórea de frondosas autóctonas.
- d) Con parcelas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non cualificado como solo rústico de especial protección agropecuaria, establecese unha distancia mínima de 10 metros para as especies arbóreas prohibidas do anexo I.2 e de 4 metros para as frondosas, desde o límite da parcela. Exceptúanse desta obriga os sebes con formación arbórea de frondosas autóctonas.
- e) Con parcelas forestais establecese unha distancia mínima de 2 metros para todas as especies arbóreas. Esta distancia medirase desde o tronco do pe máis próximo á propiedade veciña ata o linde coa parcela contigua.
- f) Nas infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais, tales como cortalumes, faixas auxiliares de pista ou áreas cortalumes, a xestión da biomasa realizarase de acordo ao plan de prevención de distrito.

#### Artigo 37. *Ampliación da faixas de seguranza*

1. As faixas de seguranza poderán ampliarse mediante a delimitación de áreas contiguas ás faixas de seguranza delimitadas de conformidade con esta lei.
2. A ampliación das faixas de seguranza realizarase mediante orde da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.
3. Na dita orde figurarán as medidas preventivas que deban adoptarse nas zonas ampliadas, e se determinarán as actividades e usos aos que poden destinarse, en coherencia co disposto na planificación preventiva e a normativa vixente en materia forestal e de desenvolvemento rural.

4. As ampliacións deben incorporarse nos instrumentos de planificación e quedarán afectas ao cumprimento das medidas preventivas que se establezan para garantir a descontinuidade horizontal e vertical da biomasa e a compartimentación das masas forestais.

#### Artigo 38. *Persoas responsables*

1. Serán responsables da xestión da biomasa vexetal das faixas de seguranza primarias as administracións públicas ou as entidades públicas ou privadas que, por calquera título xurídico, teñan atribuídas competencia de xestión sobre as vías de comunicación, instalacións de producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica e gas natural ou estacións de telecomunicacións, ou aquelas que a teñan cedida. A responsabilidade da xestión da biomasa nas vías e camiños de servizo das infraestruturas anteditas, tamén serán competencia da entidade xestora.

2. Serán responsables da xestión da biomasa das faixas de seguranza secundarias e terciarias as persoas físicas ou xurídicas, os grupos de persoas afectadas, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou persoas autónomas titulares do dominio ou do dereito de aproveitamento sobre os terreos, agás no caso de novas edificacións e instalacións, de conformidade co previsto no art. 34.3 desta lei.

3. No caso de faixas de seguranza secundarias de edificacións situadas en terreos agroforestais, cando a persoa responsable non cumpra as obrigas de xestión no período de dous anos consecutivos ou cando a biomasa existente supere unha altura media de cincuenta centímetros, as persoas titulares dos terreos edificados disporán dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa de seguranza para, de forma facultativa, poder xestionar a biomasa. A retirada de especies arbóreas realizarase exclusivamente polas persoas propietarias delas.

As persoas titulares dos terreos edificados, antes de xestionar a biomasa, deberán comunicar o incumprimento á Administración municipal para que poida realizar as comprobacións oportunas e, de verificalo, inicie o procedemento sancionador contra a persoa responsable ou acorde a imposición de multas coercitivas, sen prexuízo da posibilidade de acordar a execución subsidiaria. Unha vez que xa efectuase a comprobación e coa maior brevidade posible, a Administración municipal debe comunicar a persoa titular dos terreos edificados a data desde a que pode acceder para xestionar a faixa de seguranza.

4. No caso de faixas de seguranza secundarias de edificacións situadas en terreos agroforestais, sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nelas, a responsabilidade da xestión corresponderá á persoa propietaria dos terreos edificados, que disporá dunha servidume de paso forzosa para poder acceder á faixa establecida, ata que transcorra o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. A retirada de especies arbóreas realizarase exclusivamente polas persoas propietarias delas.

5. En caso de incumprimento, a Administración municipal iniciará o correspondente procedemento sancionador, sen prexuízo da posibilidade de acordar a execución subsidiaria ou a imposición de multas coercitivas.

6. Para a identificación das persoas responsables do cumprimento das obrigas, teranse en conta, de ser o caso, os datos correspondentes ás persoas titulares dos dereitos de aproveitamentos forestais.

Para os efectos de determinar as persoas responsables poderá, así mesmo, considerarse a información que figure no catastro inmobiliario en relación ás persoas titulares dos terreos. Se dúas ou más persoas figuraren como cotitulares dun mesmo terreo, sexa con atribución de cotas ou *pro indiviso*, entenderase que o cumprimento das obrigas comprendidas no ámbito de aplicación desta lei corresponde a todas as persoas copropietarias solidariamente e as comunicacións e apercibimentos poderán dirixirse a calquera delas mentres non designen validamente unha como representante de todas para estes efectos.

*Subsección II. Procedemento de xestión da biomasa nas faixas de seguranza*

*Artigo 39. Datas de xestión da biomasa e control*

1. As persoas que resulten responsables de acordo co artigo 38 están obrigadas a xestionar a biomasa no ámbito das faixas de seguranza, incluída, en caso de ser obligatorio, a retirada de especies arbóreas, de tal modo que se manteña un control da carga de combustible para impedir o risco de incendios forestais e a súa propagación durante todo o ano.
2. Co obxecto de preparar as campañas de prevención dos incendios forestais de cada ano nos períodos de maior risco de incendios, as administracións competentes, coa antelación precisa, intensificarán as súas accións de control co obxectivo de que a xestión da biomasa polos responsables estea concluída, en todo caso, antes de que finalice o mes de maio de cada ano, procurando actuar con preferencia nas zonas de maior risco de incendios forestais.
3. Cando pola extensión ou especial dificultade dos labores de xestión de biomasa ou retirada de especies, sexa precisa a elaboración dunha planificación anual das actuacións, esta planificación anual terá que ser aprobada pola dirección xeral competente en materia de prevención de incendios, agás non caso de que a infraestrutura sexa de titularidade estatal, caso non que corresponderá a súa aprobación ás autoridades estatais, sen prexuízo das actuacións que se adopten entre ambas as Administracións Públicas en aplicación dos principios de colaboración e cooperación que establece o artigo 140.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. A consellería competente en materia de prevención de incendios, na aprobación das actuacións de planificación que lle corresponden, procurará a súa coordinación coa actuación doutras administracións públicas responsables da xestión da biomasa e retirada de especies respecto a infraestruturas da súa titularidade, especialmente atendendo á seguridade nas zonas de interface urbano-forestal limítrofes con terreos agroforestais, conforme ao establecido non artigo 44 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, ou norma que a substitúa.

A xestión da biomasa e a retirada de especies arbóreas realizarase conforme aos criterios establecidos nesta lei.

*Artigo 40. Requerimento para a xestión da biomasa no ámbito das faixas de seguranza*

1. No suposto de incumprimento da obrigación establecida no artigo anterior, a administración pública competente, de oficio ou a solicitude de persoa interesada, poderá iniciar o procedemento sancionador ou enviar á persoa responsable unha comunicación na que se lle lembrará a súa obrigación legal de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, e se lle concederá para facelo un prazo máximo de quince días naturais, ou de tres meses no caso das faixas laterais das vías de comunicación, contado desde a recepción da comunicación. A comunicación previa non será obligatoria no caso de que se inicie un procedemento sancionador sen previa imposición de multas coercitivas ou sen execución subsidiaria previa ao inicio dese procedemento.
2. A comunicación indicada no número anterior incluirá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido o devandito prazo, a xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais poderá impoñer multas coercitivas reiteradas cada 3 meses, cuxa contía será de 900 euros por hectárea de superficie de parcela non xestionada, ou a parte proporcional se a área fose inferior, mentres persista o incumprimento, ou ben proceder á execución subsidiaria a través da realización pola administración das actuacións materiais necesarias, con repercusión dos custos de xestión da biomasa e, de ser o caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración, nas condicións establecidas no artigo 44. En todo caso, a contía mínima a impoñer por multa coercitiva será de 100 euros con independencia das hectáreas que integren a superficie da parcela non xestionada.
3. Na comunicación advertirase que, ante a falta de atención do apercibimento, a administración poderá iniciar as actuacións materiais necesarias en calquera momento unha vez que transcorra o prazo máximo concedido, dentro dos catro anos posteriores, atendidas as súas posibilidades materiais e orzamentarias de actuación, sempre que se manteña o incumprimento. Unha vez que transcorra este prazo de catro anos, a administración competente deberá reiterar o apercibimento para poder proceder ás actuacións materiais en que consista a execución subsidiaria. Igualmente, incluirase na comunicación que, ante a falta de atención do devandito apercibimento, a administración competente realizará as súas accións de control durante os catro anos seguintes co obxectivo de que a xestión estea concluída, en todo caso, con anterioridade ao primeiro día de abril de cada ano.
4. A imposición de multas coercitivas ou, de ser o caso, da execución subsidiaria será independente da instrución do procedemento sancionador que se poida levar a cabo, sen prexuízo de que no caso de que a administración opte pola imposición de multas coercitivas estas se substitúan no seu momento polas que se poidan acordar no procedemento sancionador.

#### *Artigo 41. Obriga de informar da realización da xestión da biomasa*

1. A persoa responsable que reciba a comunicación e apercibimento terá a obriga de poñer en coñecemento do órgano requirente o inicio e a finalización dos traballos de xestión da biomasa.

2. En ausencia da indicada comunicación, a administración poderá considerar os traballos como non realizados mentres non conste proba en contrario.

*Artigo 42. Requerimento para a xestión da biomasa nos supostos de persoas descoñecidas ou notificacións infrutuosas*

1. Cando non se poida determinar a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, cando se ignore o lugar de notificación ou cando, tentada esta, non poida practicarse a notificación da comunicación prevista no artigo 40 farase por medio dun anuncio publicado no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Estado* e no taboleiro de anuncios do concello, e conterá os datos catastrais da parcela. Nestes supostos, o prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no *Boletín Oficial do Estado*.

2. No caso de que non poida determinarse a identidade da persoa responsable, poderase promover a investigación da titularidade dos inmobles a que se refire o artigo 19 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, coa aplicación das consecuencias derivadas da tramitación do devandito procedemento.

No marco dos procedementos de investigación da titularidade ou mobilización de terras poderanse adoptar medidas provisionais de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas.

*Subsección III. Consecuencias do incumprimento de xestión de biomasa nas faixas de seguranza*

*Artigo 43. Materialización da execución subsidiaria*

1. Transcorridos os prazos sinalados no artigo 38 sen que conste que a persoa responsable cumpliu a súa obriga de xestión da biomasa e, de ser o caso, de retirada das especies arbóreas prohibidas, e sen prexuízo da posibilidade de comprobar mediante unha inspección, a Administración pública competente poderá, sen máis trámite, realizar os traballos materiais en que consista a execución subsidiaria, atendendo ás necesidades de defensa contra os incendios forestais, especialmente respecto da seguridade nas zonas de interface urbano-forestal, conforme ao establecido no artigo 44 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, ou norma que a substitúa, sen prexuízo da repercusión dos custos da xestión da biomasa á persoa responsable.

2. No ámbito das redes de faixas secundarias, cando as actuacións materiais de execución subsidiaria nas parcelas se agrupen por concellos, parroquias ou núcleos, con carácter previo ao seu inicio, a administración competente deberá publicar un anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial da Provincia* á que pertence e no taboleiro de anuncios do concello, mediante o que comunicará a previsión de inicio das indicadas actuacións materiais no ámbito territorial que

corresponda e que se levarán a cabo sobre aquelas parcelas nas que persista o incumprimento de xestión de biomasa.

Este anuncio non será necesario nos casos en que concorran razóns urxentes derivadas dunha situación de grave risco para as persoas ou para os bens ou cando se declarase un incendio, previstos nos artigos 46 e 47.

3. Transcorridos seis meses desde a realización dos traballos materiais en que consista a execución subsidiaria, no caso de que se constate mediante inspección que a persoa responsable segue sen cumplir a súa obriga de xestión da biomasa, a Administración pública competente poderá fomentar acordos das persoas propietarias con persoas operadoras do sector primario para a posta en valor dos terreos afectados, mediante a implantación neles de actividades agrarias e, principalmente, de actividade gandeira, de acordo coa normativa vixente, co fin de xerar actividade económica na zona e evitar gastos recorrentes derivados da execución subsidiaria.

#### *Artigo 44. Custos da execución subsidiaria*

1. Os custos da execución subsidiaria, que se repercutirán ás persoas responsables da xestión da biomasa vexetal, poderán liquidarse provisionalmente de maneira anticipada, mesmo na comunicación á que se refire o número 39, e realizarse a súa exacción desde o momento en que se verifique o incumprimento da obrigación de xestión da biomasa nos prazos sinalados neste artigo, sen prexuízo da súa liquidación definitiva unha vez finalizados os traballos de execución subsidiaria.

2. A liquidación definitiva aprobarase unha vez finalizados os traballos de execución subsidiaria pola administración actuante que desenvolva as actuacións materiais de execución subsidiaria e será notificada á persoa responsable para o seu pagamento.

3. Para a liquidación dos custos correspondentes a cada parcela, a Administración terá en conta a cantidade resultante de aplicar a parte proporcional á superficie da parcela do importe do correspondente contrato, encomenda ou custo dos traballos realizados na zona de actuación.

4. Cando a identidade da persoa responsable non sexa coñecida no momento de proceder á execución subsidiaria, a repercusión dos custos aprazarase ao momento en que, se é o caso, chegue a ser coñecida, sempre que non prescibisen os correspondentes dereitos de cobranza a favor da Facenda pública.

#### *Artigo 45. Retirada de especies na execución subsidiaria*

1. Se a execución subsidiaria inclúe a retirada de especies arbóreas prohibidas, darase traslado da resolución na que se acorde a dita execución subsidiaria ao órgano competente para a incoación do correspondente procedemento sancionador, o cal deberá proceder de inmediato á adopción

do acordo de incoación do expediente sancionador e da medida cautelar de comiso das indicadas especies.

2. O destino das especies obxecto de comiso será o seu alleamento, que o efectuará administración que realizase a execución subsidiaria, nos termos regulados nesta lei.

3. No caso de venda das especies obxecto de comiso, a administración que realice tales vendas aplicará os importes obtidos a sufragar os gastos derivados das execucións subsidiarias da súa competencia.

#### *Artigo 46. Multas coercitivas e execución subsidiaria complementaria no caso de risco de incendio*

1. Alternativamente á execución subsidiaria prevista no artigo anterior, poderán impoñerse as multas coercitivas previstas no artigo 40, mentres persista o incumprimento de xestión da biomasa.

2. No caso de que se aprecie unha necesidade sobrevida derivada do risco de incendios, poderase proceder á execución subsidiaria mesmo naqueles supostos nos que previamente se impuxeron unha ou varias multas coercitivas, se tras a súa imposición non se levou a cabo a xestión da biomasa requirida, e sen prexuízo da repercusión dos custos da xestión da biomasa á persoa responsable. Para a realización desta execución subsidiaria deberá publicarse previamente o anuncio previsto no artigo 43.2, agás para as excepcións reguladas nel.

#### *Artigo 47. Zonas de actuación prioritaria e urxente para a xestión da biomasa*

1. Os concellos que dispoñan dun Catálogo municipal de infraestruturas e medios de prevención aprobado poderán propoñer zonas de actuación prioritaria, en función da presenza de factores obxectivos de risco tales como o carácter recorrente da producción de incendios forestais.

Nelas zonas priorizaranse as actuacións de comprobación da xestión de biomasa e, de ser o caso, da execución subsidiaria.

2. Da mesma forma, a administración autonómica poderá priorizar a execución subsidiaria, no marco do sistema público de xestión da biomasa, de acordo cos factores obxectivos de risco de incendios forestais.

3. Poderán delimitarse zonas de actuación prioritaria e urxente, nas cales o incumprimento por parte das persoas responsables das súas obrigas de xestión da biomasa vexetal ou a retirada de especies arbóreas prohibidas na data a que se refire o artigo 38 habilitará ás administracións públicas competentes para proceder de maneira inmediata á execución subsidiaria de tales obrigas, en función da presenza de factores obxectivos de risco tales como o carácter recorrente da producción de incendios forestais na zona. A dita delimitación efectuarase mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, sobre a base dunha avaliación técnica especializada das zonas que se van a delimitar.

4. Sen prexuízo desta delimitación xeral, cando concorran razóns urxentes derivadas dunha situación obxectiva de grave risco para as persoas ou os bens no caso de que non se efectúe inmediatamente a xestión da biomasa e a retirada de especies prohibidas, as administracións públicas poderán delimitar, mediante resolución, nas faixas da súa competencia, unha ou varias zonas como de actuación prioritaria e urxente co fin de habilitar para proceder de maneira inmediata á execución subsidiaria en caso de incumprimento das obrigacións de xestión da biomasa ou retirada de especies prohibidas por parte das persoas responsables. A delimitación provisional destas zonas de actuación prioritaria e urxente publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e incluirá un apercibimento das consecuencias establecidas nesta lei no caso da aprobación definitiva da delimitación definitiva. Transcorridos 15 días, a resolución pola que se delimitan as zonas publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

#### *Artigo 48. Actuacións urxentes derivados da declaración dun incendio forestal*

Con independencia do previsto nos artigos anteriores, a consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais poderá proceder á execución directa de traballos preventivos nas faixas de seguranza establecidas no artigo 33 e seguintes, sen necesidade de comunicación previa nin de autorización de ningún tipo, cando se declare un incendio forestal que supoña un risco inminente para as persoas ou os bens.

#### *Artigo 49. Obriga de facilitar o acceso para a execución subsidiaria*

1. Nos supostos de execución subsidiaria, a persoa responsable está obrigada a facilitar os accesos necesarios aos suxeitos que acometan os traballos de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas.

2. En todo caso, a Administración, a través do seu propio persoal, ou ben polos medios propios ou empresa contratadas, poderán acceder aos montes, terreos forestais e outros terreos incluídos nas faixas de seguranza para realizar os traballos necesarios de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas, sen que sexa preciso o consentimento da súa persoa titular, agás naqueles supostos excepcionais en que o acceso afecte, dentro da parcela, a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio para os efectos do artigo 18.2 da Constitución, caso no que deberá pedirse a correspondente autorización xudicial para a entrada neles, se non se conta coa autorización da persoa titular.

#### *Artigo 50. Competencias para as actuacións de control da xestión da biomasa, multas coercitivas e execución subsidiaria*

1. A competencia para efectuar as comunicacións e tramitar os procedementos de execución subsidiaria e multas coercitivas corresponde ás entidades locais nos casos de incumprimento do disposto no artigo 34, así como nas faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, e á

consellería competente en materia prevención e defensa contra os incendios forestais nos demais casos.

2. Non obstante, no marco do convenio que regula o sistema público de xestión da biomasa dos terreos rústicos incluídos nas faixas de seguranza secundarias ao que se refire o artigo 52 desta Lei, poderase prever como fórmula de colaboración, entre outras actuacións, que a consellería competente en materia prevención e defensa contra os incendios asuma a competencia para efectuar as comunicacións, apercibimentos, a imposición de multas coercitivas, as publicacións e o desenvolvemento das actuacións materiais de execución subsidiaria previstas neste precepto.

3. Nos casos de incumprimento do disposto no artigo 34 nos que, por razóns técnicas debidamente motivadas, resulte inviable que a Administración local poida realizar a execución subsidiaria, poderán arbitrarse medios de colaboración entre as entidades locais non adheridas ao sistema público de xestión da biomasa e a autonómica para posibilitar a execución subsidiaria. Para estes efectos o convenio poderá prever, entre outras actuacións, as previstas no número anterior. Os instrumentos de colaboración determinarán igualmente o destino dos fondos que, de ser o caso, se perciban da venda das especies arbóreas.

4. Nos casos en que a Administración autonómica, no marco do convenio previsto no artigo 52 para as faixas secundarias, asuma a consideración de administración actuante e desenvolva as actuacións materiais de execución subsidiaria a través da sociedade mercantil pública autonómica Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), compensará todos os gastos ou custos nos que incorra esta sociedade. Para estes efectos, os custos derivados da execución subsidiaria debidos pola persoa responsable terán a consideración de créditos de dereito público da administración autonómica, como garantía da sustentabilidade financeira do sistema público de xestión da biomasa e a recadación executiva destes custos corresponderá aos órganos competentes desta administración. De acordo con o exposto, nestes casos, a consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais será a encargada de ordenar a execución subsidiaria e, de acordo coa xustificación documental de custos da execución subsidiaria presentada por Seaga, deberá aprobar a liquidación definitiva e notificala á persoa responsable concedéndolle un período de pago voluntario dun mes para o pago dos gastos e custos correspondentes á execución subsidiaria, achegando o correspondente documento de ingreso segundo o modelo que aprobe a consellería competente en materia de facenda. A xestión recadatoria levarase a cabo polos órganos de recadación competentes da administración autonómica.

*Artigo 51. Expropiación forzosa por interese social derivada do incumprimento das obrigacións de xestión da biomasa*

1. O incumprimento das obrigas que establece esta lei por parte da persoa propietaria ou titular dos dereitos de aproveitamento do terreo implicará o incumprimento da función social da propiedade e será causa de expropiación forzosa por causa de interese social, no caso de que os custos acumulados da execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa que a Administración actuante asumise con cargo ao seu orzamento, e que non lle poida repercutir a aquela por descoñecerse a súa identidade, superen o valor catastral da parcela.

2. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia ou a Administración que asumise esos custos con cargo ao seu orzamento terá a condición de persoa beneficiaria da expropiación forzosa e compensará, no momento do abono do prezo xusto expropiatorio, as cantidades debidas pola persoa propietaria por este concepto, sempre que non prescribisen os correspondentes dereitos de cobranza a favor da facenda pública.

3. No caso de que a persoa beneficiaria da expropiación fose a Administración local, poderá ceder esos terreos ao Banco de Terras de Galicia.

#### *Subsección IV. Sistema público de xestión da biomasa*

##### *Artigo 52. Concepto de sistema público de xestión da biomasa*

1. O sistema público de xestión da biomasa constitúe un instrumento de cooperación entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a sociedade mercantil pública autonómica Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e os concellos que voluntariamente se adhiran ao devandito sistema, que ten por finalidade lograr unha xestión más eficaz e colaborar cos municipios na prestación dos servizos da súa competencia.

2. Sen prexuízo do anterior, a Administración xeral do Estado, as deputacións provinciais, ou calquera outra administración ou entidade do sector público dependente delas, poderán participar no sistema mediante a sinatura dun convenio de colaboración, que determinará os termos da súa adhesión e concretará a súa contribución á sustentabilidade financeira do sistema.

##### *Artigo 53. Actuacións comprendidas no convenio*

1. O convenio de colaboración sobre o que se instrumenta o sistema público de xestión da biomasa comprende todas ou algunha das seguintes actuacións:

a) A colaboración económica e técnica entre a Administración autonómica e os concellos para garantir a xestión da vexetación das parcelas incluídas nas faixas secundarias de seguranza. Para estes efectos, poderase prever como fórmula de colaboración, entre outras actuacións, que a consellería competente en materia prevención e defensa contra os incendios forestais asuma a competencia para efectuar as comunicacións, apercibimentos, a imposición de multas coercitivas, as publicacións e o desenvolvemento das actuacións materiais de execución subsidiaria previstas neste precepto.

b) A realización de actuacións de mobilización e recuperación de terras nas faixas de seguranza secundarias que teñan como obxectivo combater o abandono de áreas rurais e garantir a xestión sostible do espazo agroforestal de conformidade co disposto nesta lei e na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

c) A formalización de contratos de xestión da biomasa coas persoas titulares dos terreos, nos supostos nos que se prevea no convenio.

2. En función das actuacións preventivas que sexan necesarias en cada territorio, poderán incluírse no convenio de colaboración, de maneira complementaria e con cargo ás achegas

realizadas pola administración autonómica, actuacións de execución subsidiaria da súa competencia.

#### *Artigo 54. Natureza de servizo público das actuacións da administración*

As actividades levadas a cabo pola administración autonómica no marco do sistema público de xestión da biomasa constitúen un servizo público segundo a Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración.

#### *Artigo 55. Xestión das actividades materiais*

1. Correspondrá á sociedade mercantil pública autonómica Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga) a realización das actividades materiais de xestión da biomasa, así como as restantes obrigas de cooperación técnica que a Administración autonómica asuma dentro do sistema público de xestión da vexetación, e as materializará en calidade de entidade instrumental pertencente ao sector público autonómico.
2. Para tales efectos, Seaga poderá realizar as actuacións mediante os seus propios medios técnicos, persoais ou materiais, ou proceder á contratación total ou parcial das obras e actividades materiais precisas, de acordo co disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### *Artigo 56. Sostibilidade financeira do sistema*

1. No convenio de colaboración sobre o que se instrumenta o sistema público de xestión da biomasa establecerase unha tarifa que deberá abonarse polas persoas responsables do cumprimento das obrigacións de xestión da biomasa que formalicen os contratos sinalados no artigo 53.1.c).
2. Esta tarifa será uniforme para todas as persoas responsables, e será en todo caso inferior aos custos económicos totais das actividades prestadas.
3. Seaga, como prestadora material da actividade, percibirá de forma directa das persoas usuarias do servizo, nos casos en que así proceda, a tarifa prevista no apartado anterior. Nos restantes supostos, Seaga será compensada pola administración autonómica dos custos derivados da súa actuación nos termos que se sinalen no convenio de colaboración do sistema público de xestión da biomasa.
4. Nos casos en que a Administración autonómica asuma a consideración de administración actuante e desenvolva as actuacións materiais de execución subsidiaria a través de Seaga, compensará todos os gastos ou custos nos que incorra esta sociedade, e os custos derivados da execución subsidiaria debidos pola persoa responsable terán a consideración de créditos de dereito público da administración autonómica, e a súa recadación executiva corresponderá aos órganos competentes desta.
5. Nos casos citados no número anterior, a consellería competente en materia prevención e defensa contra os incendios forestais será a encargada da materialización das seguintes actuacións:

a) Ordenar a execución subsidiaria.

b) Aprobar a liquidación definitiva e notificala á persoa responsable, de acordo coa xustificación documental de custos da execución subsidiaria presentada por Seaga. Nesa notificación concederá un período de pago voluntario dun mes para o pago dos gastos e custos correspondentes á execución subsidiaria, e achegará o correspondente documento de ingreso segundo o modelo que aprobe a Consellería competente en materia de facenda.

A xestión recadatoria a efectuarán os órganos de recadación competentes da administración autonómica.

6. Para os efectos de colaborar economicamente co sistema, poderá reservarse unha cantidade específica dentro do Fondo de Cooperación Local coa finalidade de contribuír economicamente ao convenio. Estas achegas das entidades locais ao convenio con cargo ao Fondo de Cooperación Local serán as que, de ser o caso, se determinen para cada anualidade nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

#### *Artigo 57. Alleamento da madeira cortada*

1. A venda da madeira procedente de especies arbóreas retiradas pola Administración de acordo co establecido nesta lei, rexerase polo disposto neste artigo e, supletoriamente, pola lexislación patrimonial das Administracións públicas.

2. Os negocios xurídicos polos que se venda a madeira, incluída a súa tala e retirada a cargo da persoa contratista, terán a consideración de privados.

3. A Administración poderá estipular as cláusulas e condicións precisas, sempre que non sexan contrarias ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración. En particular, a madeira poderá agruparse en lotes por zonas por razóns económicas e de eficiencia na actuación.

4. Será suficiente para a formalización dos negocios xurídicos de alleamento de madeira cortada o documento administrativo.

5. A venda da madeira deberá ir precedida dunha valoración previa para determinar o seu valor de mercado.

6. O órgano competente para allear a madeira será a persoa titular da alcaldía, no caso de que a competencia corresponda ao concello, ou a persoa titular da dirección xeral competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, no caso de que a competencia corresponda á Administración da Comunidade Autónoma, sen prexuízo da posibilidade de desconcentrar ou delegar a competencia.

7. O alleamento da madeira poderá realizarse mediante poxa pública, por concurso ou adxudicación directa. A forma común de alleamento será a poxa pública. Poderá acordarse a adxudicación directa cando sexa declarada deserta a poxa promovida para o alleamento, ou cando a persoa adxudicataria incumpra as súas obrigacións, así como cando a valoración da madeira non exceda de doce mil euros. No procedemento de adxudicación directa deberán solicitarse, polo menos, tres ofertas, sempre que resulte posible.

8. Na retirada illada de madeira, cando polas súas condicións ou as do terreo en que se atope se poida xustificar tecnicamente que o valor de venda equivale aos custos da súa extracción, poderá adxudicarse directamente a súa retirada e entregar a madeira en compensación dos indicados custos.

9. No caso de que os custos de extracción superen o valor en venda, a contratación das obras realizarase de acordo coa lexislación de contratos do sector público, e poderá entregarse a madeira como parte da contraprestación que deba aboar a administración. Neste caso, o compromiso de gasto correspondente limitarase ao importe que se satisfaga en diñeiro ao contratista, sen ter en conta o valor da madeira. O prezo que abone a administración poderá ser repercutido á persoa responsable como custo da execución subsidiaria.

### *Sección 3ª. Queimas prescritas*

#### *Artigo 58. Queimas prescritas*

1. A consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios poderá realizar queimas prescritas nos seguintes supostos:

- Nos terreos agroforestais delimitados nos plans preventivos de distrito que estean baixo a súa xestión ou ben co acordo das persoas propietarias ou titulares dos dereitos de aproveitamento.
- Nas áreas estratégicas de xestión, de forma xustificada con base no interese xeral, previa notificación ás persoas titulares dos terreos ou ás persoas titulares dos dereitos de aproveitamento.

2. No caso de que as queimas afectasen a terreos declarados como espazos naturais protexidos, a parcelas colindantes con áreas de protección de árbores, mouteiras ou formacións senlleiras ou a súa área de protección, ou ben cando se detecte a presencia de especies da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia deberase contar co informe preceptivo e vinculante da consellería competente en materia de patrimonio natural.

3. As queimas deberán realizarse fóra da época de perigo alto de incendios, se o estado da calidade do aire é axeitado, e respectando as prescricións técnicas que se establezan.

## CAPÍTULO III

### **Sistemas preventivos vinculados á poboación**

#### *Sección 1ª. Elementos básicos dos sistemas preventivos vinculados á poboación*

#### *Artigo 59. Época de perigo alto de incendios*

1. A época de perigo alto de incendios é o período que abrangue, de forma xeral, desde o 1 de xullo ao 30 de setembro de cada ano.

2. A consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, mediante orde da súa persoa titular e por proposta da persoa titular da dirección xeral competente nesta materia, poderá ampliar ou restrinxir a época de perigo alto de incendios, atendendo aos antecedentes estatísticos e climatolóxicos e ás condicións meteorolóxicas e outras circunstancias que agraven o risco de incendio.

#### Artigo 60. *Indicador de risco diario de incendio*

1. O indicador de risco diario de incendio (IRDI) establece o perigo de ocorrencia dun incendio forestal cada día, a nivel de concello, segundo cinco niveis de risco: baixo, moderado, alto, moi alto e extremo.
2. Corresponde á consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais a determinación do indicador de risco diario de incendio forestal.
3. Para determinar o indicador de risco diario de incendio teranse en conta, entre outros parámetros, a información meteorolóxica, o estado hídrico das partes vivas e mortas da vexetación e do solo, e o risco potencial de incendio en función da vulnerabilidade do territorio.
4. Para determinar este índice poderán, así mesmo, incluírse outros factores relevantes para a súa identificación, como os relacionados coa frecuencia, a causalidade e o comportamento esperado do lume.
5. O IRDI poderá expresarse mediante unha escala cromática para facilitar a súa difusión e o seu coñecemento pola cidadanía.
6. Procurarase dispoñer da previsión do indicador con tres días de antelación ao día ao que se refire.
7. O indicador publicarase na páxina web oficial da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, nas páxinas oficiais da Axencia Galega de Emerxencias e de Meteogalicia e, sempre que sexa posible, nas dos concellos.
8. A determinación do indicador, e segundo cal sexa o nivel que se determine, poderá ter como consecuencia que queden limitadas as actividades que se poden realizar en terreos agroforestais, de acordo co disposto nesta lei e na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

#### Artigo 61. *Información xeográfica en materia de prevención e loita contra os incendios forestais*

1. A consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios facilitará á cidadanía, a través da súa páxina web, a información cartográfica das medidas vixentes que afecten a cada parcela, en aplicación desta lei e da normativa de desenvolvemento en materia de incendios forestais.
2. A información que se facilitará incluirá, como mínimo, os seguintes aspectos:
  - a) Delimitación das zonas de alto risco, das áreas estratégicas de xestión e das faixas de seguraza.
  - b) Usos permitidos segundo o Catálogo de solos agrícolas e forestais e as medidas preventivas para cada parcela.

- c) Superficies queimadas e prazo de aplicación das limitacións de usos e actividades establecidas nesta lei.
- d) Áreas recreativas habilitadas para a preparación de alimentos.
- e) Estado do IRDI e avisos de emergencias por incendios forestais.
- f) Actividades limitadas en función do período do ano e o IRDI vixente.

### *Sección 2ª Regulación de usos preventivos*

#### *Artigo 62. Uso do lume*

- 1. Como medida preventiva, prohíbese o uso do lume en terreos agroforestais, terreos forestais e na interface urbano forestal, salvo para as actividades e nas condicións, períodos ou zonas autorizadas nos termos desta lei e da súa normativa de desenvolvemento.
- 2. Constitúe un uso preventivo a realización das queimas prescritas nos supostos e cos requisitos contemplados no artigo 58.

#### *Artigo 63. Limitacións de acceso, circulación e permanencia por razóns de risco de incendio*

- 1. Sen prexuízo do previsto nos artigos 48.6 e 54 bis da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, cando o indicador de risco diario de incendio sexa moi alto ou extremo, o acceso, circulación e permanencia de persoas nos terreos forestais das zonas declaradas de alto risco de incendio quedará prohibido, agás nos casos que se indican a continuación:
  - a) Cando se trate de persoas residentes, persoas propietarias ou produtoras forestais, así como aquellas que exerzan nos terreos agroforestais dos que se trate a súa actividade profesional ou non teñan outra vía de acceso alternativa ás súas residencias ou lugares de traballo.
  - b) Cando se trate de persoas debidamente acreditadas que desenvolvan ou participen en actividades recreativas, deportivas ou turísticas previamente autorizadas polo órgano competente en materia forestal.
  - c) Cando os accesos habilitados ás praias fluviais e marítimas discorran por ditas zonas.
  - d) Para a execución de obras recoñecidas como de interese público, sempre baixo a responsabilidade da persoa adxudicataria.
  - e) Para a práctica da caza, sempre que se trate de persoas cazadoras socias dos tecores legalmente constituídos que participen en actividades cinexéticas autorizadas pola consellería competente en materia de caza.
  - f) A circulación en autovías e autoestradas, itinerarios principais, itinerarios complementarios e estradas da rede estatal e autonómica, así como en estradas de titularidade local para as cales non exista outra alternativa de circulación con equivalente percorrido.
  - g) O acceso, circulación e permanencia de autoridades e persoal dependente das administracións con competencias en materia forestal, de persoal axente das forzas e corpos de seguridade das distintas administracións e de autoridades e persoal de protección civil e

emerxencias, así como de persoal militar en misión intrinsecamente militar e os medios de prevención, vixilancia, detección e extinción.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, os plans anuais de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais poderán determinar as prohibicións ou limitacións adicionais á circulación de vehículos a motor por terreos forestais e ao acceso de persoas alleas á vixilancia, extinción e xestión de incendios en determinadas zonas.

#### *Artigo 64. Uso de áreas recreativas*

1. Cando o índice de risco diario de incendio sexa moi alto ou extremo, queda prohibida a utilización do lume para a preparación de alimentos nas áreas recreativas existentes nos terreos agroforestais.

2. No resto dos casos, poderán prepararse alimentos naquelas áreas recreativas que contén coa autorización expresa do concello no que se atopen, para o cal deberán cumplir coas condicións que se establecen nos puntos seguintes.

3. As áreas recreativas habilitadas para a preparación de alimentos deben estar debidamente sinalizadas. Nelas rozarase periodicamente a vexetación arbustiva e herbácea en toda a súa superficie.

4. O lume só poderá realizarse en grellas que contén cunha estrutura fixa de obra, en bo estado de conservación situadas fóra da proxección das copas das árbores. A estrutura fixa consistirá en tres paredes pechadas, que dispoñan dunha cheminea con reixa na saída de fumes, ou similar, que actúe como sistema matachispas. Na parte aberta da estrutura haberá unha zona de 1 metro de largo en terra ou soleira e unha franxa perimetral de 3 metros libre de restos de material combustible.

5. Na preparación de alimentos as persoas usuarias deberán contar con algúns medios de extinción eficaz e asegurarse de que o lume e as brasas estean totalmente apagados ao ausentarse.

6. Os concellos remitirán ao órgano competente en materia de prevención de incendios forestais, información sobre as áreas recreativas habilitadas para a preparación de alimentos que resulten autorizadas.

#### *Artigo 65. Prohibicións e suspensións de queimas*

1. Queda, en todo caso, prohibida a realización das seguintes queimas:

- Queimas de calquera tipo de material na época de perigo alto de incendios ou cando o indicador de risco diario de incendio sexa moi alto ou extremo.
- Queimas de material natural agrícola en montes ou terreos forestais.
- Queimas realizadas en bidóns ou grellas.

2. A persoa titular da dirección xeral competente en materia de prevención de incendios, poderá suspender temporalmente mediante resolución as queimas de todo tipo cando as condicións meteorolóxicas así o aconsellen. A resolución de suspensión estará dispoñible na páxina web da

ConSELLERIA competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, e darase difusión do seu contido a través dos medios de comunicación.

3. O persoal axente forestal, axente facultativo medioambiental ou calquera axente da autoridade, poderá suspender a realización de calquera queima ou prescribir calquera outra disposición de seguraza que estimen, cando as circunstancias o xustifiquen.

#### *Artigo 66. Queimas de restos naturais forestais*

1. A queima de restos vexetais forestais amoreados, de cortas e outras operacións silvícolas en terreos agroforestais ou na interface urbano-forestal haberá de contar con autorización preceptiva da consellería competente en materia prevención e defensa contra os incendios forestais, nos termos que se fixen regulamentariamente.

2. A solicitude de autorización de queima deberase presentar cunha antelación mínima de dez días hábiles, e nela deberá constar a identificación da parcela onde se realizará a queima, mediante a súa referencia catastral e a xustificación suficiente de que a súa realización ten por finalidade previr incendios forestais.

3. En todo caso, para a concesión da autorización de queima de restos forestais teranse en conta os riscos e a superficie que se solicita queimar.

4. Cando a administración forestal non resolva expresamente antes do remate do prazo para iniciar a queima, considerarase desestimada por silencio administrativo.

#### *Artigo 67. Queimas de restos naturais agrícolas*

1. A queima de restos agrícolas amoreados nas pequenas explotacións agrícolas, comunicarase con carácter previo á competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

2. A comunicación previa prevista no número anterior realizarase cunha antelación mínima de vinte e catro horas á data de realización, e dirixirse á consellería competente en materia de prevención de incendios.

Nesta comunicación identificarase a parcela onde se realizará a queima, mediante a súa referencia catastral.

#### *Artigo 68. Disposicións comúns ás queimas de restos naturais forestais e agrícolas*

1. O prazo máximo para a execución das queimas será de sete días computados dende o día seguinte ao da comunicación previa, no caso de restos agrícolas ou dende o día seguinte á data de notificación da autorización, no caso de restos forestais.

2. As queimas que se realicen en terreos agroforestais ou na interface urbano-forestal, deberán realizarse cumplindo as seguintes prescricións:

a) En toda queima deberase contar co persoal e co material suficiente para o seu debido control.

b) Non se iniciarán antes de saír o sol e deberán quedar totalmente extinguidas dúas horas antes da súa posta.

c) Non se abandonará a vixilancia da zona queimada, ata que transcorreran dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.

d) Con carácter previo ao seu inicio, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos 5 metros de ancho, rodeando o perímetro dos restos a queimar.

e) Suspenderase a queima cando o vento ou outras condiciones meteorolóxicas podan dificultar o seu control.

3. No caso de que a queima de restos deba contar coa autorización prevista no artigo 66, en ningún caso se poderán realizar por unha única persoa.

4. A comunicación ou a autorización de queimas non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas que se produzcan no caso de que se produza un incendio forestal polo uso do lume cando concorra negligencia ou imprudencia.

5. Calquera autorización que sexa concedida por unha unidade distinta da dirección xeral competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, deberá ser comunicada á dita dirección xeral, pola unidade autorizante cunha antelación mínima de vinte e catro horas á data da realización.

6. Sen prexuízo das prescripcións reguladas neste artigo para a realización de queimas, mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais poderán establecerse requisitos adicionais para a realización das queimas, por razón da intensidade, perigosidade ou outras circunstancia técnica na súa realización.

#### *Artigo 69. Foguetes, artefactos pirotécnicos, fogueiras e lanternas*

1. O lanzamento de foguetes, fogos de artificio, e outros artefactos pirotécnicos en terreos agroforestais ou na interface urbano-forestal require autorización previa do respectivo concello.

2. As persoas interesadas en obter a dita autorización deberán presentar a correspondente solicitude cunha antelación mínima de dez días hábiles da data na que prevexa o uso de artefactos pirotécnicos.

3. O concello notificará cunha antelación mínima de corenta e oito horas ao inicio da actividade, a autorización que, de ser o caso, conceda tanto á persoa solicitante, como á persoa titular da xefatura territorial correspondente, que sexa competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

4. A autorización incluirá as medidas específicas de seguridade e prevención axeitadas ao caso concreto, e o seu outorgamento non eximirá das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar, no caso de que concorra negligencia ou imprudencia na utilización de ditos artefactos pirotécnicos.

5. O lanzamento de fogos de artificio ou artefactos pirotécnicos realizarase polo persoal autorizado das empresas que figuren no rexistro sectorial desta actividade.

6. Os fogos de artificio e artefactos pirotécnicos deberán emplegar materiais ignífugos, ou ben ignifugados.

7. No caso de que o día da celebración o indicador de risco diario de incendio sexa moi alto ou extremo as autorizacións concedidas quedarán revogadas de xeito automático, sen necesidade de ningún tipo de comunicación.

Ademais, o concello, por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, poderá revogar a autorización nos casos en que non sexa posible garantir medidas de seguridade e prevención dos incendios por estaren os medios dispoñibles dentro do Distrito Forestal realizando traballos de extinción de incendios forestais.

8. Queda prohibido lanzamento de lanternas chinas en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás en festas locais ou de arraigada tradición cultural. Nestes casos será preciso obter la previa autorización prevista neste artigo para os foguetes e aplicaranse as prescripcións previstas neste artigo relativas a esa autorización.

#### *Artigo 70. Explosivos*

O uso, transporte e almacenamento de explosivos para aperturas de estradas, traballos de canteiras, prospeccións mineiras e outras actividades en terreos agroforestais comunicarase cunha antelación de corenta e oito horas ao inicio da actividade persoal titular da xefatura territorial correspondente, que sexa competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

#### *Artigo 71. Maquinaria e traballos apícolas*

Na realización de traballos con tractores, máquinas e vehículos de transporte pesado que realicen labores en terreos agroforestais ou na interface urbano-forestal, así como na realización de traballos apícolas que requiran o uso do lume, será obligatorio dispoñer do seguinte equipamento básico de extinción, consistente nun extintor tipo ABC ou específico en función do traballo a desenvolver, un batelumes e unha ferramenta de raspado para actuar sobre o terreo unha vez que se sufoquen as chamas.

#### *Artigo 72. Outros usos do lume*

1. Queda prohibido o uso do lume en terreos agroforestais ou na interface urbano-forestal durante a época de perigo alto de incendios ou cando o indicador de risco diario de incendio sexa moi alto ou extremo, agás en festas locais ou de arraigada tradición cultural. Nestes casos será preciso obter la previa autorización prevista neste artigo para os foguetes e aplicaranse as prescripcións previstas neste artigo relativas a esa autorización.

2. Queda prohibido usar equipamentos de queima e combustión de calquera tipo en terreos agroforestais ou na interface urbano-forestal durante a época de perigo alto de incendios ou cando o indicador de risco diario de incendio sexa moi alto ou extremo.

3. Exceptúanse da prohibición prevista no número anterior o uso de grellas que contén cunha estrutura fixa de obra, en bo estado de conservación situadas fóra da proxección das copas das

árbores. A estrutura fixa consistirá en tres paredes pechadas, que dispoñan dunha cheminea con reixa na saída de fumes, ou similar, que actúe como sistema matachispas e na parte aberta da estrutura haberá unha zona de 1 metro de largo en terra ou soleira e unha franxa perimetral de 3 metros libre de restos de material combustible

4. En todo caso, o uso de artefactos ou a realización de actividades distintas das anteriores que leven aparellado o uso do lume en terreos agroforestais requirirá autorización previa da xefatura territorial correspondente, competente en materia de prevención de incendios.

Coa solicitude identificarse catastralmente a parcela na que se vai a realizar, a data e as medidas de segurana previstas. Cando a administración forestal non resolva expresamente antes do remate do prazo para iniciar a actividade de que se trate, considerarase desestimada por silencio administrativo.

## TÍTULO IV

### **Vixilancia, detección e extinción dos incendios forestais de Galicia**

#### CAPÍTULO I

##### **Vixilancia e detección de incendios forestais**

###### *Artigo 73. Rede de vixilancia e detección de incendios forestais*

1. A rede de vixilancia e detección de incendios forestais ten por función a localización inmediata e precisa dos incendios forestais.

2. A rede de vixilancia e detección de incendios forestais estará formada, entre outros medios, por:

- a) Os puntos de vixilancia fixa.
- b) Os equipamentos tecnolóxicos ou de videovixilancia que se consideren tecnicamente axeitados polas administracións competentes.
- c) A rede de vixilancia móvil, conformada polas patrullas de vixilancia das administracións competentes.
- d) A rede de vixilancia aérea, que comprende as aeronaves tripuladas e non tripuladas certificadas polas entidades competentes.

3. A realización de calquera instalación, reforestación ou actividade nun radio de cincuenta metros arredor dun posto de vixilancia fixa que poida interferir ou dificultar a súa función requirirá de informe previo favorable da persoa titular da dirección xeral competente en materia de prevención de incendios forestais, para o efecto de comprobar que non se interfire ou dificulta a dita función.

4. Correspóndelle á consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais a coordinación das accións de vixilancia que se levan a cabo polas diversas entidades ou grupos e a ordenación e funcionamento da rede de vixilancia e detección de incendios forestais.

5. As administracións públicas facilitarán á poboación un sistema de avisos que permita alertarlles en situacions de risco e proporcionarlle información útil para a súa autoprotección con base na súa localización no territorio.

*Artigo 74. Complementariedade da rede de vixilancia*

1. Nas concesións e nos proxectos de construcción ou desenvolvemento de novas infraestruturas ou na ampliación ou modificación das existentes en terreos agroforestais e na zona de interface urbano-forestal, preverase a instalación dos medios de vixilancia ou as infraestruturas de prevención fronte aos incendios forestais que sexan máis axeitados en función da zona na que se localicen para complementar a rede de vixilancia, prevención e extinción existente, segundo o informe que so órgano competente en materia de prevención de incendios. Para estes efectos, no procedemento de avaliación ambiental ou no procedemento de concesión da licenza municipal solicitarase o informe preceptivo e vinculante da dirección xeral competente en materia de prevención de incendios.

2. As persoas titulares de infraestruturas e instalacións que dispoñan de equipamentos tecnolóxicos de videovixilancia deberán facilitar o acceso a eles ao servizo público de loita integral contra os incendios forestais, cando lles sexa requirido para a vixilancia e detección dos incendios forestais.

## CAPÍTULO II **Planificación da extinción**

*Artigo 75. Planificación do dispositivo de extinción de incendios forestais*

1. A planificación do dispositivo de extinción de incendios forestais da Comunidade Autónoma terá en conta as necesidades de medios humanos e materiais que se requiran en cada unha das zonas de Galicia, para dar resposta ás accións de extinción fronte aos incendios forestais.

2. Corresponde á consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais elaborar esta planificación, sen prexuízo da colaboración co resto de administracións públicas afectadas.

3. A planificación da extinción de incendios a nivel autonómico realizarase con base ao Mapa dinámico de perigo de incendios forestais e revisarase cando sexa preciso, sinaladamente no que respecta a:

a) o deseño xeral do dispositivo para a extinción de incendios, dimensionado para dar cobertura a toda a superficie da Comunidade Autónoma, tendo en conta as épocas de maior risco de incendio forestal.

b) a asignación de medios, recursos e equipamentos no territorio para poder atender as labores de vixilancia, detección e extinción.

c) as funcións de cada unha das unidades que participan na extinción, así como as asignadas a cada escala ou categoría profesional, establecendo os organigramas xerárquicos e operativos.

d) os procedementos operativos, os protocolos e as normas para a coordinación e cooperación entre todos os efectivos que participen na extinción.

e) calquera outro aspecto relacionado coa extinción que se considere necesario incluír.

#### *Artigo 76. Rede de puntos de auga*

1. Os concellos instalarán tomas de auga compatibles cos equipos de extinción de incendios nas novas instalacións municipais de almacenamento e distribución de auga para que poidan empregarse na extinción de incendios. Nas instalacións municipais xa existentes os concellos cumplirán esta obriga no período que establece a disposición transitoria oitava. A instalación destes puntos de auga non requirirá de título habilitante urbanístico.

2. Na época de perigo alto de incendios forestais as administracións públicas competentes procurarán que as entidades xestoras do encoros garantan a existencia dun nivel de auga suficiente nestes para a utilización dos medios aéreos de extinción.

### CAPÍTULO III **Execución dos traballos de extinción dos incendios forestais**

#### *Artigo 77. Extinción de incendios forestais*

1. Detectado un incendio forestal, as persoas, entidades e Administracións competentes porán en marcha os procedementos e medidas recollidos na planificación preventiva, sen prexuízo da aplicación das medidas de urxencia que resulten necesarias.

2. Para a extinción do incendio contarase cunha dirección técnica de extinción nos termos do artigo seguinte.

3. As operacións de extinción dos incendios forestais realizarase polo persoal pertencente ao servizo público de loita integral contra os incendios forestais, polo persoal dependente dos servizos de protección civil e por profesionais habilitados para o efecto pola consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

4. Poderán participar nas operacións de extinción e finalización de incendios forestais, segundo o que se dispoña no Plan de loita integral de defensa contra os incendios forestais, e baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia de incendios forestais, as seguintes persoas:

a) As persoas que presten o seu servizo no Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais e as que ostenten a condicións de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais, as brigadas das entidades locais, as brigadas de comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común.

b) Os efectivos dos distintos corpos de bombeiros, servizos de emerxencia e protección civil pertencentes ás entidades locais, mancomunidades e consorcios locais.

c) Outros medios estatais ou autonómicos, no ámbito das súas competencias.

d) As persoas propietarias e titulares de dereitos reais e persoais dos terreos forestais cos medios materiais de que disponan ou que poidan ser postos á súa disposición polos servizos de extinción de incendios.

*Artigo 78. Dirección técnica de extinción de incendios forestais*

1. A dirección técnica dos traballos de extinción de incendios forestais asumirase pola administración autonómica con carácter de mando único, a cal poderá utilizar todos os medios necesarios para tal fin previstos no Plan de loita integral de defensa contra os incendios forestais de Galicia, no resto de plans de actuación contra os incendios forestais e plans de autoprotección que se elaboren, sen prexuízo do disposto no artigo 46.3 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

2. No caso de declaración de situación de emerxencia, estarase ao disposto na normativa de protección civil para emerxencia por incendios forestais.

3. A dirección de extinción exercerase por persoal técnico dependente da consellería competente en materia de prevención de incendios forestais previamente formado e habilitado para estas funcións segundo a categoría ou do nivel operativo de incendios da que se trate, e designarase de conformidade co disposto no Plan de loita integral de defensa contra os incendios forestais, sen prexuízo de que o centro de coordinación central poida substituíla en calquera momento, en atencións ás características do incendio de que se trate.

4. A persoa que exerza a dirección técnica de extinción actuará de acordo co plan de operacións establecido e terá a condición de axente da autoridade para os efectos do mando sobre o persoal actuante e poderá, se resulta necesario, realizar as seguintes actuacións:

a) Mobilizar os medios públicos e privados para actuar na extinción, de acordo cun plan de operacións.

b) Ordenar a entrada de equipos e persoal en terreos forestais particulares, a circulación por camiños privados e a apertura de brechas en muros ou cercas.

c) Utilizar augas públicas ou privadas, na cantidade necesaria para a extinción do incendio.

d) Ordenar a apertura de devasa de urxencia e a queima anticipada mediante o uso do lume técnico en zonas nas que se estime que, dentro dunha normal previsión, poidan ser consumidas polo incendio.

e) Ordenar a execución de traballos preventivos de urxencia.

f) Ordenar o afastamento do persoal alleo ao dispositivo de extinción da zona de traballo de extinción, así como a finalización de calquera actividade ou obra que interfira nos traballos de extinción.

g) Proceder ao comiso ou ocupación temporal dos bens necesarios para a extinción, e cantas medidas resulten necesarias para facilitar a extinción, en situacións extremas de risco por incendio forestal.

h) Executar traballos encamiñados á protección das persoas e edificacións, tales como a tala de árbores e sebes, desprazamento de vehículos que impidan a circulación, a eliminación ou retirada de materiais combustibles ou outros de natureza análoga, no caso de incendios na zona interface forestal.

i) A persoa que exerce a dirección técnica de extinción poderá tomar as medidas oportunas para a protección das persoas ata a incorporación efectiva no incendio do responsable do Posto do Mando Avanzado.

#### *Artigo 79. Utilización de infraestruturas e medios físicos doutras administracións*

1. Na extinción de incendios considerarase prioritaria a utilización polo servizo de extinción de incendios forestais das infraestruturas públicas, tales como estradas, liñas telefónicas, aeroportos, encoros, portos de mar e todas aquelas necesarias para a comunicación e aprovisionamento dos devanditos servizos, sen prexuízo das normas específicas de utilización de cada unha delas.

2. Garantirase, no caso de necesidade, a posibilidade de utilización dos medios físicos dos que disponan as entidades locais, nomeadamente das motobombas e todo tipo de maquinaria que resulte útil para os labores de extinción.

### CAPÍTULO IV **Actuación particular e participación social**

#### *Artigo 80. Obriga xeral de comunicación e colaboración*

1. Calquera persoa que observe a existencia dun incendio forestal ou agrícola está obrigada a comunicalo de modo inmediato á autoridade competente, aos servizos de emerxencia ou ás forzas e corpos de seguridade.

2. A dirección técnica de extinción do incendio forestal poderá solicitar de calquera persoa, e dentro das súas posibilidades, a colaboración para a extinción do incendio e a achega dos medios técnicos dos que dispoña.

#### *Artigo 81. Colaboración de particulares e entidades sociais*

Sen prexuízo do indicado no artigo anterior, a colaboración de particulares e entidades sociais na prevención de incendios forestais canalizarase a través das agrupacións e asociacións veciñais, a través das comunidades ou mancomunidades veciñais de montes en man común ou dos grupos de voluntariado.

#### *Artigo 82. Agrupacións veciñais de defensa do monte*

A consellería competente en materia forestal fomentará a creación e a colaboración coas asociacións e agrupacións veciñais de defensa do monte contra os incendios forestais en todo o

territorio implicando á veciñanza na prevención de forma activa, sinaladamente a través das seguintes actuacións:

- a) A realización das obras e actuacións preventivas acordadas nos instrumentos de planificación.
- b) A colaboración nos labores de vixilancia e detección de incendios.
- c) A difusión dos plans de autoprotección das entidades poboacionais e mediante a realización dos simulacros precisos.
- d) A divulgación e concienciación da cultura forestal preventiva.
- e) A participación nas mesas abertas de traballo preventivo.

#### *Artigo 83. Grupos de vixilancia municipal*

1. No ámbito municipal poderá fomentarse a creación de colaboración grupos de vixilancia municipal, formados por persoas voluntarias que superen os requisitos de selección, formación e adestramento que se establezan, co obxecto de colaborar na prevención e loita contra os incendios forestais.
2. Para os efectos de coordinación, para que estes grupos poidan participar na rede de vixilancia e detección de incendios forestais, haberán de ser recoñecidos pola consellería competente en materia de prevención de incendios forestais.
3. Estableceranse regulamentariamente o procedemento e as condicións para o recoñecemento dos grupos de vixilancia municipal.

## TÍTULO V

### **Restauración de terreos queimados e investigación das causas dos incendios forestais**

#### **CAPÍTULO I** **Restauración dos terreos despois dun incendio**

#### *Artigo 84. Restauración urxente dos sistemas agroforestais*

1. A administración autonómica promoverá a adopción de medidas urxentes e de colaboración coas persoas afectadas polos incendios forestais para levar a cabo labores de restauración nas zonas definidas como de actuación prioritaria, de conformidade co artigo 65 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, sen prexuízo da posibilidade de solicitar a colaboración á administración estatal de conformidade co disposto no artigo 50 bis da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.
2. Excepcionalmente, cando exista un risco grave, a administración autonómica poderá adoptar medidas urxentes de carácter preventivo con carácter previo á declaración da zona prioritaria, que poderán consistir en actuacións para a conservación dos ecosistemas, dos recursos forestais,

hídricos e do solo, establecendo limitacións ou prohibicións temporais daquelas actividades que sexan incompatibles coa rexeneración do solo ou da cuberta vexetal.

3. En particular, os traballos de rehabilitación urxente, previstos no número anterior, poderán consistir en tratamentos de protección dos solos afectados, de estabilización do solo e dos leitos de evacuación e redes de drenaxe das augas de escorrentía, mediante a técnica máis axeitada, a xestión inmediata do arboredo queimado e toda aquela medida que quede debidamente xustificada en función do risco a evitar.

4. En todo caso, prestarase especial atención aos procesos de rexeneración natural de especies con reproducción obligada de semente, dado o risco de perda permanente destas especies por lumes reiterados con períodos de recorrenza inferiores á súa idade de madurez e a redución da supervivencia do rexenerado.

5. Terase en conta a experiencia acumulada en investigación e xestión dos efectos de degradación e perda de resiliencia detectados nos incendios repetidos frecuentemente para a xestión de restauración prioritaria deses ecosistemas.

6. O Consello de la Xunta de Galicia poderá declarar de utilidade pública as ocupacións de infraestruturas ou bens privados que sexan necesarios para a execución das obras de restauración e rexeneración dos terreos queimados para os efectos do previsto na lexislación sobre expropiación forzosa.

7. Periodicamente a unidade de análise, planificación e avaliación prevista no artigo 15 desta lei revisará o resultado das medidas de restauración adoptadas de cara a prevención de futuros incendios e os seus impactos.

8. A restauración dos sistemas agroforestais cando afecte a espazos naturais protexidos requirirá informe preceptivo e vinculante da consellería competente en materia de patrimonio natural.

9. As administracións públicas colaborarán, no ámbito das súas competencias, nas tarefas de restauración dos sistemas agroforestais.

*Artigo 85. A recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais de incidencia singular*

1. Sen prexuízo do indicado no artigo anterior, a consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais promoverá a recuperación integral das zonas do territorio afectadas por incendios forestais de incidencia singular, baseándose nos principios previstos no Título IV da Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

2. Para tal fin, poderase utilizar, entre outros instrumentos previstos na normativa vixente, o Fondo de recuperación do territorio afectado por incendios forestais de incidencia singular creado mediante a dita lei.

## CAPÍTULO II

### Actividades en terreos queimados

#### Artigo 86. Cambios de actividade de forestal a agrícola e cambio de uso

1. No caso de que se produza un incendio forestal, non se autorizará o cambio de actividade de forestal a agrícola desde a data en que se produza o incendio forestal ata o 31 de decembro posterior á data en que se cumpran dous anos deste. Soamente de forma excepcional, e atendendo as circunstancias especiais que se determinen regulamentariamente, nos termos previstos no artigo 50.1 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, poderá autorizarse o dito cambio de actividade previo informe favorable do órgano competente en materia de prevención de incendios forestais da xefatura territorial correspondente por razón do territorio.

2. Os cambios de uso rexeranse polo disposto na normativa estatal básica e o informes sectoriais dos servizos competentes en materia de incendios forestais solicitados por cambios de usos dos montes comprobarán exclusivamente se a zona forestal na que se propón o cambio de uso foi afectada por incendios forestais.

#### Artigo 87. Limitacións ao pastoreo

1. Con carácter xeral, prohíbese o pastoreo en todos os terreos forestais que resulten afectados por incendios forestais, nun prazo mínimo contado desde a data en que se produza o incendio ata o 31 de decembro posterior á data en que se cumpran dous anos deste e ata que as adecuadas condicións de restauración da masa arborada o permitan.

2. Poderá prorrogase a prohibición prevista no apartado 1, mediante Orde da persoa titular da consellería no caso de, que transcorridos o período que prevé o dito apartado, as condicións existentes de restauración da masa arborada non sexan adecuadas para permitir a pastoreo.

3. Mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais poderán preverse excepcións á prohibición de pastoreo, baseadas na acreditación de perdas de difícil reparación pola prohibición ao pastoreo ou na inexistencia de alternativas ao pastoreo nas áreas afectadas por incendios forestais dentro da mesma parroquia, agás que se trate de superficies arboradas queimadas, ou superficies de parroquias incluídas en zonas declaradas como de alto risco onde, polo número de incendios forestais reiterados ou pola súa gran virulencia, precisen medidas extraordinarias de prevención de incendios e de protección dos montes fronte aos impactos producidos por eles.

#### Artigo 88. Limitacións á actividade cinexética

1. Os aproveitamentos cinexéticos, a repoboación cinexética e o adestramento e práctica da caza con cans e aves de cetrería en terreos queimados quedan prohibidos desde a data en que se produza o incendio ata o 31 de decembro posterior á data en que se cumpran tres anos deste, agás autorización expresa do órgano competente en materia cinexética, previo informe favorable da dirección xeral en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

2. Excepcionalmente, o órgano competente en materia cinexética poderá autorizar os aproveitamentos cinexéticos nestes terreos con carácter previo ao transcurso do período de tres

anos, cando existan razóns prevalentes debidamente xustificadas que o aconsellen e previo informe favorable da dirección xeral en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais. A falta de autorización, ou a realización da actividade en condicións disntas das autorizadas, sancionaranse consonante co disposto na lexislación galega en materia cinexética.

#### *Artigo 89. Aproveitamento da madeira queimada*

Os aproveitamentos de madeira queimada, con independencia da especie forestal, requirirán a autorización previa da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia forestal.

### **CAPÍTULO III** **A investigación das causas dos incendios forestais**

#### *Artigo 90. Investigación dos incendios forestais*

1. A unidade de investigación de incendios forestais, dependente da Xunta de Galicia e integrada no servizo público de loita integral contra os incendios forestais, indagará as causas dos incendios forestais, co obxecto de establecer as circunstancias en que se produciron e, de ser o caso, poder identificar ás persoas causantes do incendio forestal.
2. A investigación realizarase por persoal técnico, axentes forestais ou axentes facultativos ambientais con formación específica na materia, sen prexuízo das competencias das forzas e corpos de seguridade e das accións realizadas no marco da cooperación que se estableza.
3. Estableceranse mecanismos de cooperación reforzada específica sobre investigación e persecución de delitos de incendios forestais coa Fiscalía delegada de medio ambiente da Comunidade Autónoma.
4. Incorporarase á investigación dos incendios unha análise sociolóxica e antropolóxica das causas que os motivaron, coa finalidade de acadar unha perspectiva integral da problemática.
5. Avaliarase o resultado das actuacións de extinción levadas a cabo, a eficacia dos medios empregados e das medidas preventivas adoptadas nas zonas afectadas polo incendio de que se trate, coa finalidade de revisar as actuacións e realizar as melloras que se consideren convenientes, en colaboración coa unidade de análise, planificación e avaliación prevista no artigo 15.6 desta lei.
6. Cando da investigación realizada se determine unha posible causa ou motivación como orixe do incendio forestal, o órgano que teña competencia na materia da que se trate, adoptará as medidas que correspondan.
7. A información obtida da investigación de causas de incendios terase en conta para establecer o indicador de risco diario de incendios e os mapas de risco.

#### *Artigo 91. Sección especial de investigacóns en materia de incendios forestais de Galicia*

1. No rexistro de persoas infractoras en materia forestal regulado no artigo 147 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia crearase unha sección especial de investigacións en materia de incendios forestais de Galicia.
2. Nesta sección constarán as investigacións realizadas pola provocación ou tentativa de provocación de incendios forestais, incluíndo os datos, informes e valoracións das investigacións administrativas sobre os incendios forestais.
3. Para estes efectos, as administracións darán conta ao rexistro de todos aqueles informes, inspeccións e outros actos de investigación que se realicen en materia de incendios forestais, así como dos procedementos sancionadores ou xudiciais que se inicien neste ámbito, o seu estado de tramitación e o seu resultado.

## TÍTULO VI **Medidas de fomento**

### *Artigo 92. Medidas específicas de fomento*

As Administracións Públicas e, en particular, a consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais adoptarán medidas específicas de fomento nos seguintes ámbitos:

- a) Fomento da agricultura tradicional, a gandería en extensivo, a silvicultura e a xestión forestal sustentable de cara a xeración dunha paisaxe en mosaico que contribúa a facer o territorio rural máis resiliente fronte aos incendios forestais.
- b) Fomento das paisaxes cortalumes, con especial atención á ocupación das faixas de seguraza definidas nesta lei con usos produtivos agrogandeiros, ou coa plantación de frondosas autóctonas ou árbores froiteiras, que apoien a súa función como elementos de protección da paisaxe fronte á propagación do lume.
- c) Fomento da diversificación das masas forestais así como da silvicultura preventiva.
- d) Fomento do diálogo, da participación e da colaboración entre todas as administracións públicas, institucións, asociacións de persoas propietarias e titulares e comunidades de montes veciñais e demais axentes sociais, económicos e de defensa medioambiental implicados na prevención fronte aos incendios forestais.
- e) Fomento da transferencia de coñecementos científicos e técnicos e o desenvolvemento de iniciativas convxuntas xestión-investigación científica sobre protección contra incendios forestais.
- f) Fomento da participación e a sensibilización da sociedade na xestión dos incendios.
- g) Fomento da creación e a colaboración cas asociacións, as agrupacións veciñais de defensa do monte ou cos grupos de vixilancia municipal contra os incendios forestais en todo o territorio implicando á veciñanza na prevención de forma activa, sinaladamente a través das seguintes actuacións:
  - 1<sup>a</sup>) A realización das obras e actuacións preventivas acordadas nos instrumentos de planificación e a cesión de materiais destinados á loita contra o lume.
  - 2<sup>a</sup>) A colaboración nas labores de vixilancia e detección de incendios.

3<sup>a)</sup>) A difusión dos plans de autoprotección das entidades poboacionais e mediante a realización dos simulacros precisos.

4<sup>a)</sup>) A divulgación e concienciación da cultura forestal preventiva.

5<sup>a)</sup>) A participación nas mesas abertas de traballo preventivo.

#### Artigo 93. *Incentivos*

1. Os incentivos contemplados nesta lei poderán destinarse, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, á realización das seguintes actividades a medidas:

a) A realización de traballos e a adopción de medidas de prevención e loita contra incendios forestais, sexan ou non esixibles ao amparo do disposto nesta lei e demais disposicións aplicables.  
b) O desenvolvemento de actividades que contribúan á recuperación e restauración de zonas incendiadas. Neste caso a concreción do destino dos incentivos determinarase pola consellería competente en materia de prevención de incendios forestais.

2. Os beneficios outorgables ao amparo da lei poderán consistir en calquera dos previstos na normativa de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como calquera outro que, en desenvolvemento desta lei e de acordo coa normativa vixente, puidesen establecerse. En particular, poderán establecerse liñas de axudas directas para aquelas persoas operadoras que desenvolvan a súa actividade agrogandeira nas paisaxes cortalumes reguladas no artigo 30 desta lei, de acordo co previsto na normativa vixente.

3. Poderán ter acceso aos beneficios contemplados nesta lei, de acordo coas normas que os regulen e a normativa vixente, todas as entidades e persoas físicas ou xurídicas, de carácter público ou privado, as comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común, xa sexan propietarias ou titulares de terreos ou explotacións agroforestais ou sexan titulares dun dereito persoal ou real sobre eles, as agrupacións de xestión forestal convxunta, as agrupacións veciñais en defensa do monte e as de voluntariado.

4. Terán preferencia na asignación de incentivos, de acordo coas normas que os regulen, aquelas persoas titulares de terreos forestais que tivesen subscrito un seguro forestal ou dispuxesen de instrumentos de ordenación ou xestión forestal, debidamente aprobados que inclúan usos e medidas preventivas contra os incendios ou que pretendan adoptalas, de acordo co disposto nesta lei, así como as persoas propietarias que tivesen un seguro de incendios.

#### Artigo 94. *Marcas de garantía e promoción*

1. Para os efectos de pór en valor e promover o consumo dos produtos obtidos nas paisaxes cortalumes previstas no artigo 30 desta lei, a Xunta de Galicia poderá crear e rexistrar marcas de garantía, de conformidade coa normativa comunitaria, estatal ou autonómica aplicable, e realizar campañas de publicidade e promoción dos devanditos produtos.

2. A creación e regulación destas marcas de garantía desenvolverase regulamentariamente pola consellería competente en materia do medio rural.

*Artigo 95. Información, formación e concienciación cidadá*

1. A consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais elaborará campañas de información, formación e concienciación da cidadanía, para os efectos de sensibilizar sobre as materias relativas ao obxecto desta lei e contribuír a crear unha cultura forestal preventiva.
2. Para estes efectos, a consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais poderá subscibir convenios con entidades públicas ou privadas, de acordo co normativa vixente, para a realización conxunta de campañas de educación, concienciación e sensibilización cidadá ou coa finalidade de organizar a súa participación ou achega.

**TÍTULO VII  
Réxime sancionador**

**CAPÍTULO I  
Inspección**

*Artigo 96. Funcións de control e inspección*

1. A consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais levará a cabo as actuacións de control e inspección que considere necesarias sobre as parcelas que se inclúan no ámbito de aplicación desta lei.
2. Os feitos constatados e formalizados polo devandito persoal nas correspondentes actas de inspección terán presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que poidan achegar as persoas interesadas en defensa dos seus respectivos dereitos e intereses.
3. No desenvolvemento das súas funcións de control e inspección, o persoal funcionario terá a consideración de axente da autoridade, cos efectos previstos no artigo 77.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, no exercicio da función inspectora, poderán solicitar o apoio necesario de calquera outra autoridade, incluíndo as forzas e corpos de seguridade.

*Artigo 97. Facultades de inspección*

No exercicio das súas funcións propias de control e inspección, o persoal funcionario está facultado para as seguintes tarefas:

- a) Acceder, identificándose previamente, a parcelas, explotacións, locais e instalacións, a menos que teñan o cualificativo de vivenda, e á documentación industrial, mercantil e contable das empresas que inspeccionan cando o consideren necesario no curso das súas actuacións, que en todo caso teñen carácter confidencial. O persoal funcionario está obrigado a cumplir co deber de segredo profesional, e o seu incumprimento poderá dar lugar á exixencia de responsabilidade.

- b) Solicitar información ás persoas presentes, tomar as mostras necesarias para practicar as análises correspondentes e levar a cabo as probas, as investigacións ou os exames que sexan necesarios para asegurarse da observancia das disposicións vixentes.
- c) Levantar a acta correspondente e, cando advirtan algunha conduta que poida representar unha infracción, adoptar as medidas cautelares necesarias para asegurar a eficacia da resolución final que poida recaer.
- d) Requirir a identificación das persoas que accedan, circulen ou permanezan en terreo agrorestal.

## CAPÍTULO II Infraccións e sancións

### Artigo 98. *Infraccións en materia de incendios forestais*

Ademais das infraccións tipificadas no artigo 67 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, constitúen infraccións en materia de incendios forestais:

- a) O incumprimento das medidas de prevención previstas nesta lei ou nos instrumentos de planificación, na forma e nos prazos previstos, sinaladamente a relativa á obrigas de manter operativas as faixas de seguranza mediante a xestión da biomasa vexetal e retirada das especies arbóreas prohibidas que incumpran as distancias mínimas establecidas.
- b) A obstrución ou a negativa a facilitar as funcións de inspección de cumprimento das obrigas derivadas da presente lei, por calquera medio, incluíndo a negativa para permitir o acceso ao terreos inspeccionados por parte das administracións actuantes, a negativa a subministrar información ou a documentación precisa para o desenvolvemento das devanditas funcións, así como a subministración de información inexacta ou falsa.
- c) O incumprimento das medidas cautelares e preventivas adoptadas pola autoridade competente.
- d) A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore ás solicitudes de autorización ou comunicacións previas reguladas nesta lei.
- e) A realización de cambios de uso ou de actividade nos terreos forestais incluídos nas faixas de seguranza das zonas de alto risco, nas paisaxes cortalumes ou nas superficies daquelas faixas de seguranza ampliadas, sen contar con informe favorable da consellería competente en materia de prevención de incendios ou incumprindo o disposto nel.
- f) A realización de repoboacións forestais sen contar co informe previo favorable do órgano competente en materia de prevención de incendios nos casos nos que resulta preceptivo, segundo o previsto nesta lei ou na legislación que a desenvolva.
- g) O acceso, circulación e permanencia de persoas nos terreos forestais das zonas declaradas de alto risco de incendio nos casos nos que estea prohibido ou nas zonas nas que a planificación preventiva o limite ou prohiba.

- h) O uso do lume para a preparación de alimentos nos períodos prohibidos, fóra das áreas recreativas autorizadas como habilitadas para este fin, ou incumprindo as condicións reguladas nesta lei ou na normativa que a desenvolva.
- i) O uso do lume en terreos agroforestais en períodos prohibidos, en zonas prohibidas ou en condicións distintas das reguladas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.
- j) O uso do lume en terreos agroforestais sen realizar a comunicación previa ou sen contar coa autorización da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, cando esta sexa preceptiva, ou incumprindo as condicións impostas nela.
- k) O lanzamento de foguetes, fogos de artificio, e outros artefactos pirotécnicos nas zonas ou nos períodos prohibidos, de conformidade co regulado nesta lei.
- l) O lanzamento de lanternas chinesas cando non se dispoña de autorización, e a queima de restos en bidóns ou grellas.
- m) O uso, transporte e almacenamento de explosivos para aperturas de estradas, traballos de canteiras, prospeccións mineiras e outras actividades en terreos agroforestais sen comunicación previa ou sen respectar a antelación prevista nesta lei.
- n) O emprego de tractores, máquinas e vehículos de transporte pesado en terreos agroforestais, ou a realización de traballos apícolas que requirian o uso do lume sen contar co equipamento básico de extinción de incendios comunicación previa ou en circunstancias diferentes ás informadas.
- o) Os aproveitamentos de madeira queimada, o pastoreo e os cambios de actividade de forestal a agrícola en terreos queimados, cando se realicen sen autorización previa ou en condicións distintas das autorizadas.
- p) A realización de calquera instalación, repoboación forestal ou actividade que poida interferir na función dos puntos de vixilancia fixa, sen informe favorable ou en condicións distintas ás previstas no informe do órgano con competencias en materia de prevención de incendios.
- q) A creación ou difusión de feitos ou datos falsos en relación cos incendios forestais por calquera medio, incluídas as redes sociais, cando dean lugar á mobilización de recursos.
- r) O incumprimento das normas de seguranza durante a extinción de incendios forestais ou non respectar as ordes ou instrucións ditadas polo persoal de extinción de incendios durante os traballos de extinción dun incendio forestal.
- s) O incumprimento do deber de colaboración, sinaladamente o incumprimento das obrigas relacionadas coas prestacións persoais ordenadas polo servizo de extinción de incendios, así como obstaculizar a actuación dos equipos de extinción.
- t) Causar un incendio forestal concorrendo negligencia ou dolo cando non sexa susceptible de persecución penal.
- u) O incumprimento do deber de restauración derivado da comisión dunha infracción.

- v) O incumprimento da obriga por parte das persoas titulares de infraestruturas e instalacións que disponan de equipamentos tecnolóxicos de videovixilancia de facilitar o acceso a eles ao servizo público de loita integral contra os incendios forestais, cando lles sexa requirido para a vixilancia e detección dos incendios forestais.
- w) Non facilitar a persoa que fose nova titular dunha parcela o cumprimento das obrigas de reparación do dano causado á persoa responsable da infracción no caso de que se tivese transmitido a finca pola persoa responsable da infracción.
- x) Calquera outro incumprimento das obrigas, prohibicións e limitacións reguladas na nesta lei.

#### *Artigo 99. Cualificación das infraccións*

1. As infraccións en materia de incendios forestais tipificadas no artigo anterior e no artigo 67 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, cualificaranse como leves, graves ou moi graves conforme aos criterios previstos nos artigos 48.8 e 68 da Lei 43/2003, do 21 de novembro da devandita lei, coas seguintes especialidades:

2. Considéranse infraccións leves:

- a) A infracción tipificada no apartado a) do artigo 98, cando non sexa cualificada como grave.
- b) A infracción tipificada no apartado d) do artigo 98, cando a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial afecte a unha comunicación previa das reguladas nesta lei.
- c) As infraccións tipificadas nos apartados g) e n) do artigo 98.
- d) As infraccións tipificadas nos apartados e), f) e p) do artigo 98, cando o cambio de actividade, ou a repoboación forestal foran autorizables.
- e) As infraccións tipificadas nos apartados j) e k) do artigo 98, cando se refira a falta de comunicación previa.
- f) A infracción tipificada no apartado v) do artigo 98.
- g) As condutas constitutivas de infracción en materia de incendios forestais cando non deban cualificarse como graves ou moi graves.

3. Considéranse infraccións graves:

- a) O incumprimento reiterado nun prazo de dous anos da obriga de xestionar a vexetación nas faixas de seguraza definidas na forma e prazos previstos nesta lei.
- b) As infraccións tipificadas no apartado a) do artigo 98, cando se refiran ao incumprimento das medidas de prevención para as novas edificacións previstas nesta lei, cando se produzan en zonas declaradas de alto risco de incendio, en paisaxes cortalumes, en faixas de seguraza ampliadas ou en zonas estratégicas de xestión, independentemente da superficie afectada.
- c) As infraccións tipificadas nos apartados b) e c) do artigo 98.

- d) A infracción tipificada no apartado d) do artigo 98, cando a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial afecte a unha autorización das reguladas nesta lei.
- e) As infracciones tipificadas nos apartados e) e f) e p) do artigo 98 cando o cambio de actividade, ou a repoboación forestal non foran autorizables.
- f) A infracción tipificada no apartado k) do artigo 98 cando se refira a ausencia de autorización previa ou ao incumprimento das condicións impostas nela.
- g) As infracciones tipificadas nos apartados h), i), l), m), o), q), r) e s) do artigo 98.
- h) A infracción tipificada no apartado t) do artigo 98, cando concorra negligencia.
- i) As infracciones tipificadas nos apartados u) e w) do artigo 98.
- j) As infracciones tipificadas no artigo anterior cando a comisión da infracción sexa a orixe dun conato ou dun incendio forestal.
- k) A comisión dunha terceira infracción de carácter leve no prazo de dous anos, sempre que as resolucións sancionadoras precedentes foran firme en vía administrativa. O prazo comezará a contar desde o día en que a primeira resolución sexa firme nesta vía.

4. Considéranse infracciones moi graves:

- a) As condutas tipificadas no artigo 98 desta lei cando como consecuencia delas se produciran danos graves ás persoas.
- b) A comisión dunha terceira infracción de carácter grave no prazo de dous anos, sempre que a resolucións sancionadoras precedentes foran firmes en vía administrativa. O prazo comezará a contar desde o día en que a primeira resolución sexa firme nesta vía.
- c) A infracción tipificada no apartado t) do artigo 98, cando concorra dolo.

5. Cando na comisión dunha infracción en materia de incendios forestais concorran varios criterios dos especificados nesta lei e na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, para a súa cualificación atenderase ao que resulte de maior gravidade.

*Artigo 100. Prescripción das infracciones*

1. As infracciones previstas nesta lei prescribirán nos seguintes prazos:

- a) As infracciones leves, ao ano.
- b) As infracciones graves, aos tres anos.
- c) As infracciones moi graves, aos cinco anos.

2. O prazo de prescripción das infracciones comenzará a contarse desde o día en que a infracción se cometese ou desde que se tivo coñecemento da súa comisión.

Interrompe a prescripción da infracción a incoación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento sancionador, reiniciándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador

estivese paralizado máis dun ano por causa non imputable á persoa que sexa presunta responsable.

3. En caso de infraccións continuadas, o inicio do prazo de prescripción comezará a contarse desde que cesase a súa comisión.

4. En caso de concorrencia de infraccións leves, graves e moi graves, ou cando algúns destas infraccións fose medio necesario para cometer outra, o prazo de prescripción é o establecido para a infracción máis grave das cometidas.

5. Nas infraccións permanentes, o prazo de prescripción non comezará a computarse ata que cesase a situación infractora. Para estes efectos, enténdese que existe unha infracción permanente cando unha actividade concreta produce efectos que perduran no tempo. Considéranse, así mesmo, comprendidas dentro das infraccións permanentes as infraccións por omisión en que o incumprimento nun determinado momento dunha obrigación produce efectos permanentes.

#### Artigo 101. *Sancións*

A contía das multas para cada tipo de infracción leve, grave ou moi grave determinarase conforme ao disposto na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.

#### Artigo 102. *Criterios para a gradación das sancións*

1. Para a concreta determinación da sanción que se impoña tomaranse en consideración, ademais dos criterios establecidos na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, os que seguen:

- a) A intencionalidade.
- b) A situación de risco xerado para as persoas ou os bens.
- c) O ánimo de lucro.
- d) Os prexuízos causados e a irreversibilidade dos mesmos.
- e) A transcendencia social, ambiental ou paisaxística.
- f) A agrupación ou organización para cometer a infracción.
- g) Que a infracción fora cometida en zona queimada ou declarada como de alto risco de incendios.
- h) A reiteración, entendida como a concorrencia de varias irregularidades que se sancionen no mesmo procedemento, así como o incumprimento de apercibimentos previos.
- i) A reincidencia nos termos establecidos na lexislación de réxime xurídico do sector público.
- j) Que a infracción tivese lugar nun monte que posúa deslinde, sexa este público ou veciñal en man común.
- k) O recoñecemento e a reparación das infraccións ou a restauración do dano causado antes de que se resolvese o correspondente procedemento sancionador.
- l) A superficie afectada e o valor atribuído a cada tipo de cobertura vexetal.
- m) O grao de perda da biodiversidade ou erosión que implicase a comisión da infracción.
- n) A extensión da superficie do predio
- ñ) A situación do predio dentro do perímetro dun instrumento de recuperación de terras dos previstos na Lei 11/2021.
- o) A valoración económica dos medios mobilizados.

2. Non se aplicarán como criterios para a gradación das sancións as circunstancias contempladas no apartado anterior deste artigo cando estivesen contidos na descripción da conduta infractora ou formasen parte do propio ilícito administrativo.

3. A resolución administrativa que recaia haberá de concretar os criterios de gradación da sanción tidos en conta, de entre os sinalados no apartado 1 deste artigo. Cando non se estimase relevante para estes efectos ningunha das circunstancias enumeradas no devandito apartado, a sanción imponerase no seu grao mínimo.

4. Cando a comisión dunha infracción derivásese necesariamente da comisión doutra ou outras, imponerase unicamente a sanción correspondente á infracción más grave cometida.

5. A contía da sanción poderá minorarse motivadamente, en atención ás circunstancias específicas do caso, cando a sanción resultase excesivamente onerosa ou cando a persoa infractora corrixise a situación creada pola comisión da infracción antes da finalización do procedemento sancionador. Este efecto minorador da culpabilidade poderá implicar que o órgano sancionador aplique unha sanción correspondente a categorías infractoras de inferior gravidade que a infracción cometida.

#### Artigo 103. *Sancións accesorias*

O órgano competente para resolver poderá impoñer polo prazo máximo de dous anos a contar a partir da firmeza da resolución sancionadora, acumulativamente as seguintes sancións accesorias:

a) Privación do dereito a subvencións ou outros beneficios outorgados polas administracións públicas, os seus organismos autónomos e as entidades de dereito público relacionadas coa actividade forestal.

Para estes efectos, a consellería competente en materia de prevención de incendios forestais comunicará, no prazo de cinco días a partir da firmeza da resolución, a todas as entidades públicas responsables da concesión de subvencións e outros beneficios, no ámbito das actividades e proxectos agroforestais, a aplicación desta sanción accesoria.

b) Suspensión das autorizacións ás que se refire esta lei que tivera concedido a persoa responsable.

c) O comiso definitivo da madeira correspondente ás especies arbóreas prohibidas retiradas pola administración no caso das execucións subsidiarias realizadas por incumprimento das obrigas previstas nesta lei ou o comiso do produto obtido pola súa venda.

#### Artigo 104. *Prescripción das sancións*

1. As sancións contempladas nesta lei prescribirán:

- a) As impostas por infraccións leves, ao ano.
- b) As impostas por infraccións graves, aos dous anos.
- c) As impostas por infraccións moi graves, aos cinco anos.

2. A obrigación de restaurar o medio forestal ao estado anterior á comisión da infracción prescribe aos 15 anos, contados desde que a Administración dite o acto que acorde a súa imposición, independentemente da data de inicio do cómputo da prescripción da sanción.
3. O prazo de prescripción das sancións comenzará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquirise firmeza en vía administrativa a resolución pola que se impón a sanción.
4. Interromperá a prescripción da sanción a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución, renovándose o prazo se aquel estivese paralizado durante máis dun mes por causas non imputables á persoa infractora.

#### *Artigo 105. Prestación substitutoria*

1. O órgano sancionador competente, previa solicitude da persoa sancionada en virtude de resolución administrativa firme ou ben de oficio coa conformidade da persoa interesada, poderá autorizar que a multa imposta sexa substituída por algunha actuación de restauración, conservación ou mellora dos montes, sempre que dita actuación sexa de valor equivalente ou superior á contía da multa, excluído, de ser o caso, o beneficio industrial.
2. O órgano sancionador determinará as condicións e o prazo para a realización da dita prestación.
3. Interromperase a prescripción das sancións impostas durante o prazo de resolución da solicitude de prestación ambiental substitutoria e ata que se verifique o seu cumprimento.
4. En caso de incumprimento da devandita prestación substitutoria, esixirase o pagamento da sanción.

#### *Artigo 106. Multas coercitivas*

1. Sen prexuízo das posibles multas coercitivas previas ao inicio dun procedemento sancionador a impoñer no caso de incumprimento da advertencia da obriga de xestión de biomasa previstas nesta lei, procederá a imposición de multas coercitivas nos casos en na forma prevista neste artigo.
2. Se as persoas infractoras sancionadas non procedesen á reparación da infracción ou indemnización, de acordo co establecido nesta lei, e unha vez transcorrido o prazo sinalado na resolución sancionadora para facelo, a persoa titular da xefatura territorial competente por razón do territorio poderá acordar a imposición de multas coercitivas ou a execución subsidiaria coa venda, no seu caso, dos produtos obtidos.
2. As multas coercitivas reiteraranse en períodos trimestrais ata que a persoa infractora comunique a reparación do medio forestal, e esta sexa comprobada pola administración actuante. A súa a contía non superará o vinte por cento da multa fixada pola infracción cometida.
3. Estas multas coercitivas son independentes e compatibles coas multas que poidan imporse en concepto de sanción e, no caso de impagamento, serán exixibles por vía de constrinximento.
4. En calquera momento antes da prescripción da infracción, poderase acordar a execución subsidiaria a costa da persoa infractora coa venda, non seu caso, dos produtos obtidos.

### Artigo 107. *Rexistro administrativo de persoas infractoras*

As persoas físicas ou xurídicas sancionadas en virtude de resolución administrativa firme por infraccións graves e moi graves inscribiranse nunha sección especial do rexistro de persoas infractoras en materia de montes regulado no artigo 147 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

## CAPÍTULO III **Procedemento sancionador**

### Artigo 108. *Suxeitos responsables*

1. Serán suxeitos responsables das infraccións das infraccións reguladas nesta lei:

- a) As persoas físicas ou xurídicas, así como os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos que cometesen as infraccións ou as que sexan titulares do dominio ou doutro dereito real de uso e aproveitamento sobre os predios, agás a existencia de calquera tipo de cesión do dereito de uso e aproveitamento en favor dunha terceira persoa, caso en que a responsabilidade recaerá sobre esta última, salvo que acredeite que as persoas arrendadoras ou cedentes lle impiden o normal desenvolvemento dos dereitos de uso e aproveitamento dos predios.
- b) Se a persoa xurídica autora dunha infracción tipificada nesta lei se extingue antes de ser sancionada, consideraranse responsables as persoas físicas que, desde os seus órganos de dirección ou actuando ao seu servizo ou por elas mesmas, determinaron coa súa conduta a comisión da infracción. As persoas socias ou partícipes no capital responderán solidariamente do pagamento da sanción e, de ser o caso, do importe da reparación do dano, ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicase.

2. Cando o cumprimento das obrigas que prevé esta lei corresponda a varias persoas concorrentemente, ou se a infracción é imputable a varias persoas e non é posible determinar o grao de participación de cada unha delas, responderán, se é o caso, de maneira solidaria das infraccións que se cometan e das sancións que se impoñan.

3. Nas infraccións imputadas a unha persoa xurídica tamén se consideran responsables as persoas físicas que integren os seus órganos retores ou de dirección, e tamén os técnicos responsables da elaboración e do control, cando se acredeite a súa responsabilidade.

4. Sen prexuízo das sancións que correspondan, as persoas responsables das infraccións administrativas deberán indemnizar polos danos e as perdidas causados e, se é o caso, restituír a legalidade xurídica conculcada. De non se satisfacer a indemnización no prazo que para o efecto se determine en función da súa contía, procederase na forma prevista no artigo 101 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### Artigo 109. *Competencia sancionadora*

1. A iniciación do procedemento sancionador para as infraccións cometidas en terreos agroforestais corresponde á persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de prevención de incendios da provincia na que se cometeu a infracción ou daquela con maior superficie afectada, no caso de ser varias.

A resolución dos procedementos sancionadores previstos neste número 1 corresponde:

- a) Á persoa titular da xefatura territorial de la consellería competente en materia de prevención de incendios, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións leves.
- b) Á persoa titular do órgano competente en materia de prevención de incendios, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións graves.
- c) Á persoa titular da consellería competente en materia de prevención de incendios, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións moi graves.

2. A incoación do procedemento sancionador en aplicación desta lei, para as infraccións cometidas en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, será competencia do concello. A resolución dos expedientes pola comisión de infraccións leves, graves ou moi graves en ausencia de ordenanzas municipais, corresponderá á persoa titular da alcaldía ou na que este delegue.

#### *Artigo 110. Reconecemento da responsabilidade*

1. Iniciado un procedemento sancionador, se a persoa infractora recoñece a súa responsabilidade, poderase resolver o procedemento coa imposición da sanción que proceda.

2. Cando a sanción teña únicamente carácter pecuniario ou ben caiba impoñer unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero xustificouse a improcedencia da segunda, o pago voluntario pola persoa presuntamente responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento, salvo no relativo á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e prexuízos causados pola comisión da infracción.

3. En ambos os casos, cando a sanción teña únicamente carácter pecuniario, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará reducións de, polo menos, o 20 % sobre o importe da sanción proposta, sendo estes acumulables entre si. As citadas reducións, deberán estar determinadas na notificación de iniciación do procedemento e a súa efectividade estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

A porcentaxe de redución previsto neste apartado poderá ser incrementado regulamentariamente.

#### *Artigo 111. Prazo de resolución*

1. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución expresa que poña fin ao procedemento será dun ano. Transcorrido este prazo sen que se notifiques a resolución, producirase a caducidade do mesmo, co arquivo das actuacións.

2. No caso de que o procedemento resulte suspendido ou paralizado por causas imputables ao interesado, interromperase o cómputo do prazo para resolver.

3. A caducidade do procedemento non produce por si mesma a prescrición da infracción. Non obstante o anterior, os procedementos caducados non interromperán o prazo de prescrición.

*Artigo 112. Vinculación coa orde xurisdiccional penal*

1. En calquera momento do procedemento sancionador en que a persoa instrutora do procedemento ou órgano competente para resolver estime que os feitos tamén poden ser constitutivos de ilícito penal, porao en coñecemento do órgano xurisdiccional competente e daralle traslado da denuncia e das demais actuacións practicadas.

Solicitarase, así mesmo, a dita comunicación cando se teña coñecemento de que se está a desenvolver un procedemento penal sobre os mesmos feitos que son obxecto dun procedemento administrativo.

2. De se estimar que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que podería corresponder, o órgano competente para a resolución do procedemento sancionador acordará a súa suspensión ata que se teña coñecemento da resolución xudicial que recaia.

3. Unha vez que o órgano competente para resolver teña coñecemento da resolución xudicial penal, acordará a non exixencia de responsabilidade administrativa ou a continuación do procedemento sancionador, segundo corresponda. Durante o tempo en que o procedemento sancionador estea en suspenso pola incoación dun proceso penal, entenderase interrompido tanto o prazo de prescrición da infracción como o de caducidade do propio procedemento.

4. A sanción penal excluirá a imposición da sanción administrativa nos casos en que se apreciase a identidade do suxeito, feito e fundamento. De non estimarse a existencia de delito ou falta, o órgano competente continuará, de ser o caso, o procedemento sancionador, tendo en conta os feitos declarados probados na resolución firme do órgano xudicial competente.

#### CAPÍTULO IV **Reparación de danos e repercusión de gastos de extinción**

*Artigo 113. Reparación de danos*

1. Sen prexuízo das sancións penais ou administrativas que en cada caso procedan, a persoa infractora deberá adoptar as medidas reparadoras na forma e condicións fixadas polo órgano sancionador e, se é o caso, abonar a correspondente indemnización polos danos e prexúzos causados á administración competente.

2. A transmisión da finca pola persoa responsable da infracción non extinguirá a obriga de reparar o dano causado na forma e condicións fixadas polo órgano sancionador, nin transmitirá dita obriga á nova persoa titular. Nos casos de transmisión, o novo titular da parcela deberá facilitar o cumprimento das obligas de reparación do dano causado á persoa responsable da infracción.

3. Os danos ocasionados e o prazo para a súa reparación determinaranse cun criterio técnico debidamente motivado na resolución sancionadora.

#### Artigo 114. *Repercusión dos gastos de extinción*

1. Sen prexuízo das responsabilidades que, de ser o caso, correspondan ás persoas autoras dos incendios forestais, a consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais iniciarán, no prazo máximo dun ano dende o recoñecemento oficial do incendio, o procedemento para repercutir os gastos de extinción ás persoas que figuran a continuación:

- a) Ás persoas que resulten responsables de provocar o incendio directa ou indirectamente polo incumprimento das obrigas ou prohibicións que establece esta lei.
- b) Ás persoas que resulten responsables do incumprimento en materia de repoboacións establecidas nesta lei, na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ou normas que as substitúan.
- c) Ás persoas titulares de predios que estean en estado de abandono.

2. O procedemento para a repercusión dos gastos de extinción iniciarase de oficio, na xefatura territorial correspondente aos municipios afectados polo incendio, e se fosen varias provincias afectadas, na dirección xeral competente en materia prevención e defensa contra os incendios forestais.

3. Na tramitación do procedemento darase audiencia ás persoas interesadas, de acordo coa lexislación de procedemento administrativo. Ademais, o órgano competente en materia de prevención de incendios forestais emitirá un informe en relación aos gastos de extinción do incendio, segundo as tarifas establecidas para o efecto.

4.O procedemento instruirase e resloverase polo mesmo órgano competente para inicial e terá unha duración máxima dun ano.

5. A resolución do procedemento imporá os gastos de extinción dos incendios ás persoas indicadas sempre que se teña demostrado que a súa acción ou inactividade influíu na producción, na propagación ou na agravación da intensidade e nos danos provocados polo incendio forestal. No caso de que na resolución do procedemento se determine a concorrencia da responsabilidade de varias persoas, a exixencia dos gastos distribuirase entre elas de forma proporcional á afectación da súa acción ou inactividade no incendio forestal.

#### Disposición adicional primeira. *Acceso á información dispoñible noutras Administracións Públicas e entidades do sector público*

1. Co fin de desenvolver as funcións asociadas á investigación da titularidade que os instrumentos, medidas e accións de control e sanción en materia agroforestal lles son encomendados en virtude desta lei e da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, a consellería competente en materia de medio rural, a través dos seus centros directivos e entidades instrumentais adscritas, poderán solicitar o acceso aos datos de nome, apelidos, razón social, código identificativo e domicilio de todas aquellas persoas ou entidades que figuren nas seguintes bases de datos:

- a) bases de datos do padrón municipal, de acordo co dispuesto no artigo 16.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local;

b) bases de datos catastrais, de acordo co convenio de colaboración que, de ser o caso, se teña asinado coa entidade responsable da elaboración e mantemento do Catastro Rústico na Comunidade Autónoma de Galicia, consonte co previsto no artigo 21 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia;

c) bases de datos doutras entidades do sector público, que poderán ser solicitados de acordo coa normativa de aplicación.

2. Os datos anteriores poderán ser utilizados para aquelas outras actuacións administrativas declaradas nas leis indicadas no número anterior, e que teñan como obxecto o tratamento dos datos co fin de investigación científica, histórica ou estatística, sempre que este tratamento se realice coas garantías adecuadas para os dereitos e liberdades dos solicitantes nos termos do artigo 89, número 1 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e o resto da normativa aplicable.

**Disposición adicional segunda. *Informe do órgano competente en materia de prevención de incendios para cambios de uso ou actividade en determinadas zonas***

1. Os cambios de uso ou actividade dos terreos agroforestais localizados nas seguintes zonas deberán contar co informe do órgano competente en materia de prevención de incendios, de xeito que se garanta a efectividade das medidas de prevención aplicables:

- a) Nas zonas de alto risco e nas paisaxes cortalumes
- b) Nas faixas de seguranza que foran ampliadas.
- c) Nas áreas e polígonos cortalumes que se declaren de conformidade coa Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

2. O devandito informe terá carácter preceptivo e vinculante e deberá ser emitido nun prazo de dun mes dende a súa solicitude.

**Disposición adicional terceira. Definición de tala de masa forestal para os efectos da avaliación de impacto ambiental de proxectos**

Para os efectos do anexo II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no ámbito da avaliación de impacto ambiental de proxectos de competencia autonómica, entenderase por tala de masa forestal, a tala de especies forestais que afecte a máis de 10 ha.

**Disposición adicional cuarta. *Referencias normativas***

1. As referencias normativas que se efectuasen á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, entenderanse feitas a esta lei.

2. As referencias normativas que se efectuasen con anterioridade a este norma ao Plan de loita contra os incendios forestais deberán entenderse feitas ao Plan de loita integral de defensa contra os incendios forestais de Galicia.

**Disposición transitoria primeira. *Planificación preventiva***

1. No prazo máximo de dezaoito meses desde a entrada en vigor desta lei aprobarase o Plan de loita integral contra os incendios forestais de Galicia.
2. No prazo de dous anos e medio dende a entrada en vigor desta lei todos os plans preventivos de distrito deberán estar aprobados e adaptados ás disposicións desta lei.
3. Os concellos deberán aprobar os catálogos de infraestruturas preventivas no prazo de dous anos dende a entrada en vigor desta lei ás disposicións dela. Para os concellos que, no momento de entrada en vigor desta lei, contan con plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais redactados no marco do convenio de colaboración previsto no artigo 59 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a dirección xeral competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais adaptará os ditos plans ao contido dos novos catálogos de infraestruturas preventivas, co fin de que os concellos poidan proceder á súa aprobación de forma directa, dentro do prazo indicado.
4. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei deberá aprobarse a orde pola que se delimitan as ZAR.
5. Ata o momento da aprobación do instrumentos de planificación previstos nesta lei seguirán vixentes os aprobados ao amparo da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa fronte aos incendios forestais de Galicia.

#### Disposición transitoria segunda. *Delimitación das faixas de seguranza*

1. En tanto non se delimiten as faixas de seguranza secundarias nos Catálogos Municipais de infraestruturas preventivas, regulados no artigo 28, serán de directa aplicación as obrigas derivadas do disposto no artigo 35.
2. En tanto non se delimiten nos plans preventivos de distrito, regulados no artigo 26, as faixas de seguranza primarias e terciarias de competencia desta planificación, serán de directa aplicación as obrigas derivadas do disposto nos artigos 34 e 36.
3. A aplicación inmediata das obrigas de xestión da biomasa previstas nos dous números anteriores enténdese sen prexuízo da actualización da cartografía en planificación preventiva.

#### Disposición transitoria terceira. *Xestión da biomasa en relación co gas*

A obriga de retirada de retirada de especies nas oficinas, almacéns ou parque móvil das estacións de regulación e medida de gas prevista no artigo 34.f) desta lei, será de directa aplicación no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

#### Disposición transitoria cuarta. *Convenios para a xestión da biomasa*

No caso de que na entrada en vigor desta lei existise algún convenio de colaboración en vigor asinado coa Administración xeral do Estado, as deputacións provinciais, ou calquera outra administración ou entidade do sector público dependente delas, este manterá a súa vixencia nos seus propios termos, sen prexuízo da aplicación do disposto no artigo 53 para os novos convenios que se asinen.

#### Disposición transitoria quinta. *Infraccións, sancións e recursos*

1. Os incumplimentos detectados con anterioridade á entrada en vigor desta lei que constitúan infracción conforme a ela poderán sancionarse sen necesidade necesidade de efectuar unha nova constatación.

2. Aos procedementos sancionadores en tramitación na data de entrada en vigor desta lei seralles aplicable a normativa vixente no momento da comisión da infracción, salvo que o réxime sancionador establecido nesta lei sexa máis favorable para a persoa infractora. A competencia para resolver o procedemento sancionador rexerase, en todo caso, pola normativa vixente no momento da súa iniciación.

3. Os recursos administrativos contra resolucións recaídas en procedementos sancionadores tramitados conforme á normativa anterior que na data de entrada en vigor desta lei, estean pendentes de resolución, resolveranse de acordo coa normativa anterior.

#### Disposición transitoria sexta. *Delimitación de zonas de alto risco de incendios*

En tanto non se delimiten as ZAR consonte co disposto nesta lei, permanecerá vixente a Orde do 18 de abril do 2007 por la que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal. En particular, teranse en consideración os concellos incluídos na zona de medio risco de incendio forestal para os efectos da elixibilidade das subvencións do Plan de Desenvolvemento Rural.

#### Disposición transitoria séptima. *Áreas estratéxicas de xestión*

En tanto non se aproben os plans de distrito, poderán delimitarse as diversas áreas estratéxicas de xestión, mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

#### Disposición transitoria oitava. *Tomas de auga nas instalacións municipais existentes*

Os concellos instalarán tomas de auga compatibles cos equipos de extinción de incendios nas instalacións municipais xa existentes de almacenamento e distribución de auga para que poidan empregarse na extinción de incendios nun prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Derrógase a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, así como as seguintes disposicións:

a) O Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

b) A Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.

2. Tamén considerarase revogada a instrucción da Consellería do Medio Rural 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

3. Derróganse os artigos 68, 68 bis, apartados 4 e 5 da letra i) do artigo 128, a disposición transitoria décima e o anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

4. Así mesmo, quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*

Un. Modifícase o apartado 2 do artigo 60, que queda coa seguinte redacción:

"2. En aquelas superficies lindantes coas superficies nas que se producise un cambio de acitividade forestal a agrícola non serán de aplicación as distancias establecidas na sección 2ª do capítulo II do Título III da Lei de loita integral contra os incendios forestais ata o momento da reforestación da masa arborada logo do aproveitamento".

Dous. Modifícase o apartado 1 do artigo 79, que queda coa seguinte redacción:

"1. Os instrumentos de ordenación e xestión forestal terán en conta as previsións da normativa e o planeamento de prevención e defensa contra os incendios forestais, así como as indicacións dos plans de ordenación de recursos forestais do ámbito territorial no que se atope o monte, de acordo cos criterios establecidos nas instrucións xestais de ordenación dos montes de Galicia. En coherencia co anterior, os instrumentos de ordenación e xestión forestal deberán contemplar, entre outras medidas, aquellas que garantan a descontinuidade horizontal e vertical da biomasa vexetal, así como a diversificación de usos e compartimentación de masas forestais. Nos casos nos que o plan de distrito supoña unha modificación do contido ou esixencias dos instrumentos de ordenación e xestión forestal xa aprobados, as determinacións do plan de distrito serán directamente aplicables, sen prexuízo da obrigación da adaptación daqueles instrumentos na tramitación das súas seguintes revisións".

Tres. Modifícase a disposición adicional cuarta, que queda coa seguinte redacción:

"A rexeneración forestal tras un aproveitamento forestal ou das masas afectadas por incendios, pragas ou outros desastres naturais, que haberán de cumplir en todo caso coas distancias establecidas na Lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia, non terá a consideración de novas plantacións para os efectos da legislación ambiental cando se mantivese o xénero da especie arbórea principal, cando supuxese a transformación de eucaliptais en piñeirais ou, en todo caso, cando tras a rexeneración se creasen masas de frondosas do anexo I."

Catro. Créase unha nova disposición adicional décimo segunda, coa seguinte redacción:

"Disposición adicional décimo segunda. Referencias normativas e referencias a distancias

1. As referencias contidas na normativa de montes de Galicia á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, entenderanse feitas á Lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia.

2. Desde a entrada en vigor da Lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia todas as referencias ás distancias que deben respectar as novas repoboacións forestais que contiña o

derrogado anexo II desta lei, entenderanse feitas ás distancias reguladas na Sección 2ª do Capítulo II do Título III da Lei de loita integral contra os incendios forestais".

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia*

Modifícase o apartado d) do artigo 4, que queda redactado do seguinte xeito:

"d) Paisaxes cortalumes: Áreas do territorio definidas e priorizadas de acordo á metodoloxía establecida nesta lei, que, tendo en conta o establecido no mapa dinámico de perigo de incendio, permitan establecer e optimizar unha planificación espazo-temporal de combustibles, de usos/actividades e infraestruturas que limiten a potencialidade do incendio, detectando oportunidades de extinción e anticipando unha estratexia de defensa eficaz e segura para grandes incendios forestais tipo, para os que se deseñou.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia*

Créanse dos novos apartados 7 e 8 no artigo 30 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, que quedan redactados do seguinte xeito:

7. Quedarán exentos da taxa do apartado 00 da tarifa 30 (Autorizacións e outras actuacións en materia de augas) na modalidade administrativo-facultativas a realización ou instalación de puntos de auga previstos nos artigos 20.7 e 76.1 da Lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia.

8. Quedarán exentos da taxa do apartado 00 da tarifa 53 (Anuncios no Diario Oficial de Galicia) na modalidade actuacións profesionais a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do requerimento para a xestión da biomasa previsto no artigo 42.1 da Lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

1. Autorízase ao Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

2. Sen prexuízo do anterior, e en atención ás circunstancias de cada ano que poidan supoñer un incremento do risco de incendio, a consellería competente en materia de prevención e defensa contra incendios forestais poderá modificar, mediante orde, as datas na que deberán terse cumplido as obrigas de xestión da biomasa, as datas da época de perigo alto de incendios e os criterios de xestión da biomasa.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## ANEXO I

### **Criterios de xestión de biomasa e especies prohibidas**

#### **1. Criterios de xestión da biomasa e do estrato arbóreo existente**

Nas faixas de seguranza que se atopen ocupadas con biomasa vexetal e nas zonas de interface urbano-forestal deberase realizar unha xestión activa da vexetación que procure a creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible, a través da eliminación parcial ou total da biomasa vexetal cos seguintes criterios:

- a) Roza para a eliminación do estrato herbáceo e arbustivo de forma que a vexetación da parcela se manteña por debaixo de vinte centímetros de altura, sen prexuízo daqueles condicionantes que resulten de aplicación para especies protexidos pola lexislación de patrimonio natural.
- b) Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha descontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo. Para estes efectos, a distancia entre os pés das árbores deberá ser maior de 8 metros e estarán podados nunha altura mínima de 3 metros ou a 1/3 da súa altura cando esta sexa menor de seis metros.

Esta obriga aplicarase a todas as especies arbóreas, sen prexuízo da obriga de eliminar as especies prohibidas previstas no punto 2 deste anexo consonte co previsto nesta lei.

Non obstante o anterior, a obriga citada nesta letra b) relativa á poda e rareo non será aplicable en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquellas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas, de forma que non supoñan un risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

- c) As copas das árbores e dos arbustos permitidos nas faixas de seguranza deberán estar distanciadas das edificacións susceptibles de protección, a unha distancia suficiente para que estas non se proxecten sobre o seu tellado.

Esta obriga aplicarase a todas as especies arbóreas, sen prexuízo da obriga de eliminar as especies prohibidas previstas no punto 2 deste anexo consonte co previsto nesta lei.

#### **2. Especies prohibidas**

Nas faixas de seguranza e nas zonas de interface urbano-forestal consideraranse prohibidas as seguintes especies, debendo ser retiradas como parte das obrigas de xestión da biomasa:

Especie	Nome común
<i>Eucalyptus spp</i>	Eucaliptos
<i>Pinus spp</i>	Piñeiro

<i>Pseudotsuga menziesii</i>	Piñeiro de Oregón
<i>Acacia dealbata</i>	Mimosa
<i>Acacia melanoxylon</i>	Acacia negra
<i>Robinia pseudoacacia</i>	Falsa acacia

Nas zonas de interface urbano-forestal, esta prohibición non será aplicable en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas, de forma que non supoñan un risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

### 3. Especies de xardinería e invasoras

a) Recoméndase evitar o uso das seguintes especies na ornamentación por ser altamente inflamables:

Breixos (*Erica spp*), cimbros (*Juniperus spp*), palmeiras (*Phoenix spp* e *Washingtonia spp*), piñeiros (*Pinus spp*), cipreses (*Cupressus spp*), tuias (*Thuja spp*), cedros (*Cedrus spp*), píceas (*Picea spp*), abetos (*Abies spp*).

b) As especies incluídos no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras deberanse retirar seguindo os criterios establecidos na normativa específica.

### 4. Espazos naturais protexidos

Na aplicación dos criterios de xestión de biomasa nos espazos naturais protexidos teranse en conta os instrumentos de planificación dos recursos naturais, os pregos de condicións, as circulares e as instrucións aprobadas de forma conxunta polas consellerías competentes en materia de prevención de incendios e patrimonio natural.

### 5. Outra normativa específica

As exixencias da xestión da biomasa e retirada de especies prevista neste anexo aplicaranse sen prexuízo do deber de cumplimento doutras obrigas ou exixencias adicionais contempladas, de ser o caso, doutra normativa específica en vigor.